



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 29 de abril de 2022

ÍNDICE DOS ASUNTOS TRATADOS

ASUNTOS

Declaración institucional sobre a sensibilización e visualización da enfermidade de párkinson..... 7

Declaración institucional reclamando servizos ferroviarios competitivos, eficientes e útiles para as persoas 8

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/2022, do 25 de marzo. 10

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 19 de marzo de 2022 ata o 22 de abril de 2022..... 10

Comisión de Benestar Social e Educación

3. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2022 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022. 10

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

4. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación EXPONAV para financiar os "Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construción Naval 2022" 18

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

5. Aprobación definitiva do Plan de Investimentos 2020, quinta fase; conformado polo proxecto de obra Mellora do Trazado da DP 2206 PQ 0+920 ao 1+220 Rego de Tide (Cedeira) 26

6. Aprobación do Plan de Conservación de vías provinciais 2022, segunda fase, DP 8001 Cruces a Penablanca; Reforzo de Fime e Mellora superficial PQ 0+000 ao PQ 3+000 (Sobrado) 27

7. Aprobación técnica do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, terceira fase integrado polo proxecto DP 1406 de Neaño ao Allo por Cesullas. Mellora da seguridade viaria PQ 0+680 ao 1+900 (Cabana de Bergantiños) 28

8. Aprobación do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, cuarta fase integrado polo proxecto DP 1002 da estrada AC-234 Arzua-Corredoiras á Gandara; Senda peonil e mellora de seguridade viaria entre os PQ 1+380 ao 2+080 (Boimorto) 29

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

9. Aceptación da encomenda da Asociación de Concellos do Camiño Inglés para a tramitación de expediente de contratación das obras derivadas do proxecto técnico de actuacións de mellora e posta en valor do Camiño Inglés 29
10. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vilarmajor polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de melloras na piscina municipal. 30
11. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mazaricos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Reforma e ampliación do edificio de Protección Civil da Picota. 39
12. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Cabanas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora da accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas 48
13. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Boimorto polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de Acondicionamiento do Parque público na Gándara. 59

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

14. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Pozo de bombeo nº 2, impulsión e colectores en Orto e Crendes" do Concello de Abegondo, cofinanciado pola Deputación a través do convenio de colaboración 13/2019 BIS 69
15. Aprobación do segundo proxecto modificado da obra denominada "Ampliación vestiarios, accesos e evacuación campo de fútbol Eleuterio Balayo," do Concello de Muros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2100.0033.0 70
16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Nova rede de bombeo A Barquiña - Río do Porto", do Concello de Noia, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 2018.2000.0233.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva desta obra. 72
17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Beirarrúas e formación de rede de saneamento no lugar de As Tablas. parroquia de Salto", do Concello de Oza-Cesuras, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0682.0 74
18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de viais nas parroquias de Souto e Vilamourel", do Concello de Paderne, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan

único de concellos) POS+Adicional 2/2018, co código 2018.2002.0809.0..... 76

19. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Dotación das redes de saneamento e abastecemento de auga no lugar de Quintáns, na parroquia de Isorna - Fase 1", do Concello de Rianxo, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0540.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento 78

20. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora de instalacións e pavimentos en camiños de Piñeiro, Meirás", do Concello de Sada, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2200.0262.0..... 81

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

21. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores á que se refire o Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro (que modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo) e da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e os seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética da Coruña), correspondente a marzo de 2022. 83

22. Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a marzo de 2022 e proxección a 31/12/2022. 83

23. Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2021. 84

24. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao primeiro trimestre de 2022. 84

25. Dación de conta da liquidación do orzamento do Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2021. 84

26. Dación de conta da remisión da liquidación do orzamento do exercicio 2021 da Deputación e dos seus entes dependentes á Administración do Estado e da liquidación da Deputación á Comunidade Autónoma. 84

27. Dación de conta do Informe da fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2020..... 85

28. Dación de conta da liquidación definitiva do exercicio de 2021 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios. 85

29. Dación de conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2022 e da entrega a conta de abril de 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios. 85

30. Dación de conta do nomeamento da comisión liquidadora do control interno das

oficinas de zona 2021. 85

31. Aprobación das Bases singulares para a xestión por delegación da recadación executiva das sancións municipais derivadas de infraccións de tráfico e restantes sancións non tributarias do Concello da Coruña e aceptación da delegación acordada polo Concello. 86

32. Dación de conta da resolución de presidencia número 16176/2022 pola que se nomea persoal eventual. 89

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

33. Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Deputación provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para financiar o "programa de educación, capacitación, divulgación e participación ambiental: para unha transición ecolóxica para a anualidade 2022"..... 90

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Provincial da Marea Atlántica en apoio ao Sáhara 98

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para habilitar unha liña de axudas dirixidas aos concellos da provincia destinada a sufragar o aumento do gasto de enerxía eléctrica e os hidrocarburos 111

FÓRA DA ORDE DO DÍA

I. Moción do Grupo Provincial Alternativa dos Veciños en defensa da Vía Ártabra..... 126

ROGOS E PREGUNTAS..... 137

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 29 de abril de 2022.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 29 de abril de 2022, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside en ausencia do titular: don Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don José Francisco Santos Regueiro	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

Escusada:

María Milagros Castro Sánchez	PSOE
-------------------------------	------

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Aberto o acto ás 12:04 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Vicepresidente

Moi bo día, comezamos.

Antes de nada, temos dúas declaracións institucionais.

Sra. Secretaria

Declaración institucional sobre a sensibilización e visualización da enfermidade de Párkinson.

Declaración institucional sobre a sensibilización e visualización da enfermidade de párkinson

O pasado día 11 de abril celebrouse o Día Mundial do Párkinson, o que serve de motivo para alzar a voz e facer visible a enfermidade e a realidade de tódalas familias que conviven con ela na nosa provincia.

O párkinson afecta ao redor de 13.000 persoas en Galicia, sendo a segunda enfermidade neurodexenerativa de España e a día de hoxe non ten cura nin se coñece a orixe da mesma.

É unha enfermidade que golpea de forma diferente a cada persoa e convértese nunha condición que interfere na súa vida diaria, afectando tanto a súa calidade de vida como á da súa contorna. Por iso é moi importante coñecer como esta patoloxía afecta de maneira diferenciada a persoas mozas, maiores, mulleres, aos familiares, aos seus cuidadores ou incluso ás persoas que viven nunha poboación rural.

É imprescindible a concienciación e sensibilización sobre unha enfermidade con unha importante incidencia no noso país e a afectación tan complexa da súa sintomatoloxía, fronte unha visión estereotipada (como a vellez ou o tremer) que por desgraza aínda prevalece na nosa sociedade. Unha sociedade ben informada contribuirá a unha maior empatía coas dificultades que teñen as persoas con párkinson no seu día a día.

Como administración temos o deber de impulsar a creación de políticas públicas que melloren a súa calidade de vida. É imprescindible garantir a calidade e continuidade asistencial das persoas con párkinson, poñendo ao dispor dos afectados e afectadas información, asesoramento e terapias rehabilitadoras específicas.

Por desgraza, non existen datos exactos sobre o número e perfil de persoas afectadas, existindo un déficit claro na investigación social e baixa produción científica en materia sociosanitaria, centrada na súa maior parte nos síntomas motores da enfermidade, facéndose necesario recoller datos reais de persoas afectadas, perfís sociodemográficos e resposta ante ós tratamentos. O Párkinson segue a ser, a día de hoxe, unha enfermidade enormemente descoñecida.

Por todo isto facémonos eco tamén das reclamacións das entidades sobre a necesidade inminente de recopilar e poñer a disposición pública datos fiables e actualizados sobre o impacto da enfermidade, así como o perfil da persoa afectada en

base ao sexo, idade, procedencia ou outros factores determinantes.

Para finalizar, queremos poñer en valor o traballo realizado día a día polas asociacións que traballan (en concreto na nosa provincia) sensibilizando a sociedade, mellorando o día a día dos pacientes e as súas familias, poñendo ao seu dispor asesoramento sobre terapias tan importantes como a fisioterapia, a logopedia, a psicoloxía clínica ou o traballo social.

Por todo isto, os grupos provinciais propoñemos:

1. Mostrar o apoio da Deputación da Coruña ao manifesto proposto polas asociacións de párkinson de España e a Federación Española de Párkinson.
2. Adherirnos a súa campaña "A outra cara do Párkinson" coa que se pretende facer visible unha dimensión diferente do párkinson e dar a coñecer unha imaxe máis exacta e verdadeira fronte á visión estereotipada do párkinson que prevalece hoxe en día na sociedade.

A segunda é a declaración institucional reclamando servizos ferroviarios competitivos, eficientes e útiles para as persoas.

Declaración institucional reclamando servizos ferroviarios competitivos, eficientes e útiles para as persoas

A Lei de Mobilidade Sustentable reconece na súa exposición de motivos que a mobilidade desempeña un papel fundamental na vida das persoas. A facilidade dos desprazamentos non só favorece a liberdade de elección do lugar de residencia e o exercicio efectivo do dereito ao traballo, senón que é indispensable para acceder a outros servizos públicos esenciais como son a educación e a sanidade.

A crise enerxética actual e a escalada de prezos, o reto climático e a saúde, ademáis, esixen a adaptación dos modos de transporte cara a unha mobilidade limpa, menos vinculada á utilización do vehículo privado, e neste sentido, o transporte ferroviario de pasaxeiros destaca como a modalidade de transporte colectivo público máis sustentable.

A Unión Europea define este transporte como servizo público de interese xeral atribuíndolle unha función esencial no fomento da cohesión social e territorial, de mellora do benestar da cidadanía e a súa contribución ao desenvolvemento económico. Este recoñecemento como servizo de interese xeral impón aos provedores, neste caso RENFE como operador do servizo, a obriga de prestar servizos concretos en determinadas condicións: cobertura territorial completa, uns niveis de calidade mínimos, e un prezo alcanzable.

O obxectivo dos investimentos públicos é aquilo que xera un maior valor social e por iso, ao longo dos últimos 20 anos, as administracións titulares da rede ferroviaria en Galicia realizaron un notable esforzo investidor, que se reflectiu nunha mellora das infraestruturas de ferrocarril. Esta mellora na rede interior de Galicia posibilitou a implantación de servizos ferroviarios declarados como Obriga de Servizo Público por

acordo do Consello de Ministros do 15 decembro de 2017, determinando a competencia da Administración Xeral do Estado, e sinalando que suscribiría un contrato con RENFE, tanto para a liña de media distancia convencional Vigo-A Coruña, como a de alta velocidade media distancia AVANT Ourense-A Coruña.

A media distancia, como modalidade sustentable de transporte público de interese xeral con promesa de velocidades e tempos moi competitivos, supuxo unha oportunidade de relación entre as cidades de tal forma que se xeren dinámicas de emprego, crecemento económico e benestar á poboación nas áreas metropolitanas das cidades do eixo atlántico e destas con Ourense, mostrando na actualidade un comportamento en cifras de viaxeiros similar ás conexións de proximidade das grandes áreas urbanas de España.

Os datos públicos dispoñibles para 2019 e 2020 sitúan a ruta A Coruña-Santiago-Vigo en cifras ao redor dos dous millóns de viaxeiros cun incremento sobre o 4% en 2019, sendo a cuarta ruta de España en media distancia en número de usuarios, mentres que a ruta da Coruña-Santiago-Ourense achégase ao millón de usuarios.

Este aumento de persoas usuarias e servizos non fixo que a rede ferroviaria galega presente problemas de capacidade ou saturación, tal e como se reflicte no manual de capacidade de ADIF e ADIF AV de 2019, así como no comunicado da Rede que recolle as circulacións dese mesmo ano. Esta circunstancia permite aos operadores poder aumentar o número de servizos en caso de aumento da demanda.

A pesar da oportunidade para o emprego, o benestar e a cohesión social e territorial que promete a infraestrutura e a dotación de servizos na modalidade de servizo público a media distancia, esta institución é consciente das necesidades de mellora deste nas conexións interiores de Galicia. Así, hai que ter en conta dous feitos que modificaron a prestación deste servizo:

1. En primeiro lugar, a pandemia xerada como consecuencia da COVID-19, a declaración do primeiro estado de alarma, así como as sucesivas normas que afectaron á mobilidade en xeral, supuxeron unha drástica eliminación de servizos que logo foron recuperados, pero sen volver á oferta existente antes de marzo de 2020.

2. En segundo lugar, a posta en marcha do servizo AVE entre Madrid e Ourense. A existencia deste novo servizo supuxo un axuste dos servizos e das conexións entre Ourense e o resto de cidades, realizado principalmente baixo a premisa de facilitar a conexión co AVE a Madrid, pero sen ter en conta as necesidades dos usuarios galegos que utilizan o ferrocarril como medio de transporte para acudir aos seus centros de traballo e estudo.

Ante esta situación, consideramos que para que a mellora dos servizos e infraestruturas ferroviarias de Galicia sexa unha oportunidade real para as persoas usuarias que se desprazan entre os diferentes territorios galegos, é necesario profundar na consideración de transporte ferroviario de viaxeiros como servizo público e, en consecuencia, profundar na garantía de universalidade, accesibilidade e prestación en condicións económicas atractivas e accesibles para todos os usuarios,

Por todo isto, o Pleno da Deputación da Coruña

DECLARA

Que instará a RENFE, como operador do servizo:

A repoñer os servizos eliminados como consecuencia da pandemia do Covid-19 e a chegada do AVE a Galicia.

Adaptar as frecuencias nos servizos de Media Distancia e Avant de forma que se facilite a súa utilización nos horarios habituais de entrada e saída en centros de traballo e estudo, tanto en xornadas continuas como partidas, e os servizos ferroviarios sexan verdadeira alternativa de transporte.

Tomar as medidas necesarias para garantir a puntualidade e fiabilidade dos servizos ferroviarios de proximidade, media distancia convencional e Avant suxeitos a OSP.

Avanzar nunha política tarifaria adaptando o prezo dos abonos á realidade socioeconómica actual cumprindo a condición de asequibilidade como servizo público.

Mellorar a flexibilidade na utilización dos abonos e a coordinación entre as distintas modalidades de transporte (horarios, cartóns transporte...).

Manter unha oferta de servizos públicos media distancia en convivencia e non con prevalencia de servizos comerciais de longa distancia ou AVE que conectan a nosa Comunidade co resto da península.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/2022, do 25 de marzo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 3/2022, do 25 de marzo.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 19 de marzo de 2022 ata o 22 de abril de 2022.

Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Presidencia desde o 19 de marzo de 2022 ata o 22 de abril de 2022.

3.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2022 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022, no marco do establecido na Base 12 aprobadas mediante acordo plenario do 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOP nº 228 do 30 de novembro do 2021.

Con cargo ao Plan finánciense as solicitudes presentadas polos 93 concellos da provincia.

O importe total da achega provincial aplicada ascende a 7.000.000 €, e o seu detalle por concello figura no Anexo I (achega provincial aplicada a gastos correntes) e no Anexo II (achega provincial aplicada a gasto de investimento) a este expediente.

A achega provincial finánciase con cargo ás aplicacións que se indican na seguinte táboa:

Plan	Partida	Consignación	Aprobación 93 concellos
POS+AD1/2022 Gastos sociais extraordinarios	0611/23126/76201	334.045,21	334.045,21
	0611/23126/46201	6.665.954,79	6.665.954,79

2.- Dispor o pago de 6.665.954,79 €, con carácter de prepagable, aos 93 concellos da provincia que presentaron solicitudes dentro do prazo establecido para gastos correntes, de acordo cos importes que figuran no Anexo I a este expediente.

Posteriormente, os concellos presentarán ata o 31 de marzo de 2023, segundo o establecido na bases 12.5 e 12.6 das reguladoras do Plan.

3.- Dispor o pago de 334.045,21 € aos 39 concellos da provincia que presentaron solicitudes para gastos de investimentos dentro do prazo establecido, de acordo cos importes que figuran no Anexo II a este expediente, previa presentación da documentación xustificativa, cuio prazo finalizará o 31 de marzo de 2023, segundo o establecido na bases 12.5 e 12.6 das reguladoras do Plan.

4.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril.

5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

6.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións.”

ANEXO I POS+ ADICIONAL 1/2022 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2022				
EXPEDIENTE SOLICITUDE XERAL	CONCELLO	ACHEGA PROVINCIAL	EXPEDIENTE SOLIC. CORRENTE	ACHEGA PROVINCIAL APLICADA A GASTO CORRENTE
2021000049147	Abegondo	76.193,39 €	2022000008230	76.193,39 €
2021000049148	Ames	157.736,37 €	2022000007959	157.736,37 €
2021000049149	Aranga	61.080,79 €	2022000006897	46.380,79 €
2021000049150	Ares	41.475,17 €	2022000008849	41.475,17 €
2021000049151	Arteixo	169.839,87 €	2022000006485	169.839,87 €
2021000049152	Arzúa	104.836,92 €	2022000009059	104.836,92 €
2021000049140	A Baña	68.666,88 €	2022000008916	63.166,88 €
2021000049153	Bergondo	55.582,72 €	2022000004193	55.582,72 €
2021000049154	Betanzos	70.094,06 €	2022000009280	70.094,06 €
2021000049155	Boimorto	57.703,11 €	2022000009664	56.938,39 €
2021000049156	Boiro	111.083,33 €	2022000009667	106.083,33 €
2021000049157	Boqueixón	63.183,76 €	2022000008095	59.483,76 €
2021000049158	Brión	70.802,88 €	2022000007245	70.802,88 €
2021000049159	Cabana de Bergantiños	67.023,89 €	2022000008824	67.023,89 €
2021000049160	Cabanas	39.966,22 €	2022000009083	39.966,22 €
2021000049161	Camariñas	49.410,55 €	2022000008919	49.410,55 €
2021000049162	Cambre	121.260,72 €	2022000003367	121.260,72 €
2021000049141	A Capela	35.623,18 €	2022000008821	35.623,18 €
2021000049163	Carballo	196.229,20 €	2022000006620	196.229,20 €
2021000049164	Cariño	43.566,60 €	2022000007507	43.566,60 €
2021000049165	Carnota	51.875,43 €	2022000008837	51.091,37 €
2021000049166	Carral	56.763,85 €	2022000007601	56.763,85 €
2021000049167	Cedeira	68.257,90 €	2022000008851	48.257,90 €
2021000049168	Cee	61.722,62 €	2022000008844	61.722,62 €
2021000049169	Cerceda	73.053,75 €	2022000008756	66.184,17 €
2021000049170	Cerdido	33.392,60 €	2022000009318	26.132,60 €
2021000049171	Coirós	34.744,77 €	2022000008839	32.744,77 €
2021000049172	Corcubión	20.249,50 €	2022000007040	15.749,50 €
2021000049173	Coristanco	91.816,12 €	2022000009091	91.816,12 €
2021000049142	A Coruña	29.312,24 €	2022000009671	29.312,24 €
2021000049174	Culleredo	147.812,18 €	2022000008286	139.812,18 €
2021000049175	Curtis	65.839,24 €	2022000008020	57.939,24 €
2021000049176	Dodro	32.918,68 €	2022000008188	32.918,68 €
2021000049177	Dumbria	68.752,21 €	2022000000551	68.752,21 €
2021000049178	Fene	72.891,21 €	2022000007725	72.891,21 €
2021000049179	Ferrol	56.988,78 €	2022000008819	56.988,78 €
2021000049180	Fisterra	39.679,97 €	2022000011243	29.679,97 €
2021000049181	Frades	56.398,52 €	2022000008791	56.398,52 €

2021000049182	Irixoa	43.425,21 €	2022000007250	41.425,21 €
2021000049183	Laxe	39.402,85 €	2022000008098	35.842,85 €
2021000049143	A Laracha	102.730,26 €	2022000006801	102.730,26 €
2021000049184	Lousame	57.719,01 €	2022000005740	57.719,01 €
2021000049185	Malpica de Bergantiños	56.952,53 €	2022000004184	56.952,53 €
2021000049186	Mañón	47.233,75 €	2022000008040	41.233,75 €
2021000049187	Mazaricos	97.002,74 €	2022000008003	97.002,74 €
2021000049188	Melide	97.710,15 €	2022000006765	97.710,15 €
2021000049186	Mesía	64.873,39 €	2022000008991	58.373,37 €
2021000049190	Miño	53.431,59 €	2022000008965	53.431,59 €
2021000049191	Moeche	35.559,97 €	2022000008828	29.559,97 €
2021000049192	Monfero	78.509,90 €	2022000008925	64.509,90 €
2021000049193	Mugardos	41.289,73 €	2022000007762	37.469,25 €
2021000049194	Muros	70.422,74 €	2022000009113	70.422,74 €
2021000049195	Muxía	79.804,45 €	2022000008842	73.754,75 €
2021000049196	Narón	173.924,97 €	2022000009284	173.924,97 €
2021000049197	Neda	39.924,59 €	2022000006600	39.324,59 €
2021000049198	Negreira	88.559,62 €	2022000009084	88.559,62 €
2021000049199	Noia	76.658,54 €	2022000007645	75.213,56 €
2021000049200	Oleiros	160.127,48 €	2022000008923	160.127,48 €
2021000049201	Ordes	117.145,66 €	2022000011254	113.145,66 €
2021000049202	Oroso	72.453,72 €	2022000007410	66.383,15 €
2021000049203	Ortigueira	120.825,91 €	2022000007867	95.426,22 €
2021000049204	Outes	73.319,89 €	2022000006902	60.819,89 €
2021000049232	Oza-Cesuras	109.551,92 €	2022000008240	109.551,92 €
2021000049205	Paderne	40.753,34 €	2022000008209	19.753,34 €
2021000049206	Padrón	61.651,12 €	2022000007900	53.651,12 €
2021000049231	O Pino	83.256,75 €	2022000007642	83.256,75 €
2021000049144	A Pobra do Caramiñal	57.586,06 €	2022000008036	57.586,06 €
2021000049207	Ponteceso	74.394,05 €	2022000009085	74.394,05 €
2021000049208	Pontedeume	55.422,25 €	2022000008192	55.422,25 €
2021000049145	As Pontes de García Rodríguez	145.759,75 €	2022000007751	127.759,75 €
2021000049209	Porto do Son	82.214,97 €	2022000008107	82.214,97 €
2021000049210	Rianxo	72.942,58 €	2022000007530	72.942,58 €
2021000049211	Ribeira	133.761,85 €	2022000007788	133.761,85 €
2021000049212	Rois	68.543,77 €	2022000009287	68.543,77 €
2021000049213	Sada	83.342,92 €	2022000008086	83.342,92 €
2021000049214	San Sadurniño	58.968,96 €	2022000007632	58.968,96 €
2021000049215	Santa Comba	126.487,89 €	2022000011595	109.487,89 €
2021000049216	Santiago de Compostela	125.043,94 €	2022000008832	125.043,94 €
2021000049217	Santiso	56.125,47 €	2022000008691	56.125,47 €
2021000049218	Sobrado	65.989,14 €	2022000007155	65.989,14 €

2021000049146	As Somozas	48.346,64 €	2022000011681	35.946,64 €
2021000049219	Teo	113.291,34 €	2022000008840	113.291,34 €
2021000049220	Toques	49.657,26 €	2022000009045	49.657,26 €
2021000049221	Tordoia	70.741,10 €	2022000009103	53.885,91 €
2021000049222	Touro	79.227,98 €	2022000009974	76.947,76 €
2021000049223	Trazo	63.500,74 €	2022000009063	63.500,74 €
2021000049224	Val do Dubra	69.612,39 €	2022000009971	34.612,39 €
2021000049225	Valdoviño	68.647,54 €	2022000007033	65.047,54 €
2021000049226	Vedra	57.727,86 €	2022000005805	57.727,86 €
2021000049227	Vilarmaior	29.856,16 €	2022000008145	29.856,16 €
2021000049228	Vilasantar	40.877,92 €	2022000007476	38.391,92 €
2021000049229	Vimianzo	108.298,70 €	2022000007669	108.298,70 €
2021000049230	Zas	85.579,81 €	2022000009925	83.079,81 €
	TOTAL ACHEGA PROVINCIAL	7.000.000,00 €	TOTAL APLICACIÓN ACHEGA A GASTO CORRENTE	6.665.954,79 €
	SOLICITUDES PARTICIPACIÓN CONCELLOS	93	CONCELLOS	93
			SOLIC. GAST. CORR.	93

ANEXO II POS+ ADICIONAL 1/2022 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2022				
EXPEDIENTE SOLICITUDE XERAL	CONCELLO	EXPEDIENTE SOLIC. INV.	OBXECTO	ACHEGA PROVINCIAL APLICADA A GASTO INVESTIMENTO
	ARANGA	2022000007607	Equip. SS. SS. (ordenadores, tablets, progr.)	7.100,00
2021000049149		2022000007599	Equip. técnico asist. (Camas, grúas, cadeiras, orden.port.)	7.600,00
			TOTAL	14.700,00
2021000049140	BAÑA	2022000009990	Equip. técnico asist. (Camas, colchóns, grúa, cadeiras baño)	5.500,00
2021000049155	BOIMORTO	2022000009665	Equip. técnico asist. (grúa)	764,72
2021000049156	BOIRO	2022000010165	Equip. técnico asist. (grúaS)	5.000,00
2021000049157	BOQUEIXON	2022000008349	Equip. SS. SS. (mobiliario, tablets., material estim. cognitiva)	3.700,00
2021000049165	CARNOTA	2022000009123	Equip. SS. SS. (Escaneres mesa)	784,06
	CEDEIRA	2022000010542	Equip. técnico asist. (camas con elevador e barandas)	10.000,00
2021000049167		2022000010544	Equip. SS. SS. (ordenadores, pantallas)	10.000,00

			ratos, scanner, torres)	
			TOTAL	20.000,00
	CERCEDA	2022000010007	Equip. SS. SS. (Escaneres e cadeiras)	3.175,68
2021000049169		2022000010008	Equip. técnico asistencial (Cadeiras rodas e baño, andadores e asento bañeira)	3.693,90
			TOTAL	6.869,58
2021000049170	CERDIDO	2022000010795	Equip. asistenc.(camas, andadores, colchóns, sillóns baño, etc.)	7.260,00
2021000049171	COIROS	2022000007261	Equip. técnico asistencial (grúas)	2.000,00
	CORCUBION	2022000007043	Equip. SS. SS (ordenador, portátiles e impresoras)	2.000,00
2021000049172		2022000007041	Equip. técnico asist. (camas)	2.500,00
			TOTAL	4.500,00
2021000049174	CULLEREDO	2022000008299	Equip. SS. SS (ordenadores, portátiles, cámaras e tablets)	8.000,00
2021000049175	CURTIS	2022000008022	Equip. asistenc.(camas, barandillas, cabeceros, colchóns, etc.)	7.900,00
2021000049180	FISTERRA	2022000011246	Equip. técnico asist. (camas, colchóns, cadeiras, grúas, tensiómetros, etc)	10.000,00
2021000049182	IRIXOA	2022000007247	Equip. ofimático SS. SS (escaner e impresora)	2.000,00
2021000049183	LAXE	2022000008102	Equip. asistencial (camas, colchóns e grúa)	3.560,00
2021000049186	MAÑON	2022000008233	Equip. técnico asistencial (colchóns, cadeiras e grúas)	6.000,00
	MESIA	2022000007187	Equip. técnico asist. (cama, cadeira, grúa, arnés)	2.500,01
2021000049186		2022000007193	Equip. técnico asist. (sillón podolóxico)	2.000,01
		2022000007190	Equip. SS. SS (ordenadores)	2.000,00
			TOTAL	6.500,02
	MOECHE	2022000011721	Equip. SS. SS (ordenador, pantalla, escaner e complementos)	1.500,00
2021000049191		2022000010869	Equip. técnico asistencial (camas, colchóns e grúas)	4.500,00
			TOTAL	6.000,00
2021000049192	MONFERO	2022000007840	Equip. técnico asistencial (camas e grúas)	14.000,00
	MUGARDOS	2022000007760	Equip. SS. SS. (ordenador, programa, pantallas, tarxetas graf., escaners)	2.860,48
2021000049193		2022000007756	Equip. técnico asist. (sábanas tubulares para movilizacións)	960,00
			TOTAL	3.820,48

2021000049195	MUXIA	2022000009565	Equip. técnico asistencial (camas e grúas)	6.049,70
2021000049197	NEDA	2022000006867	Equip. SS. SS. (tablets)	600,00
2021000049199	NOIA	2022000007649	Equip. SS. SS. (tabletas gráficas)	1.444,98
2021000049201	ORDES	2022000011255	Equip. SS. SS. (Portátiles ,tablets, servidor e disco duro)	4.000,00
2021000049202	OROSO	2022000007413	Equip. SS. SS. (ordenadores, monitores, teclados, ratos e impres.)	6.070,57
2021000049203	ORTIGUEIRA	2022000007869	Equip. técnico asistencial (camas, grúas e sillóns de descanso)	25.399,69
2021000049204	OUTES	2022000006908	Equip. asistencial (camas, cadeiras, grúas, táboas, varandas, etc.)	12.500,00
		2022000008205	Equip. SS. SS. (ordenadores)	2.000,00
2021000049205	PADERNE	2022000008206	Equip. asistencial (grúas)	7.000,00
		2022000008207	Equip. asistencial (camas e colchóns)	12.000,00
			TOTAL	21.000,00
2021000049206	PADRON	2022000008120	Equip. SS. SS. (Equip. Inform., canon dix., mellora PC, monitores, proxector, destrutoras)	8.000,00
2021000049145	PONTES DE G. R.	2022000007808	Equip. asistencial (camas, cadeiras, grúas)	18.000,00
2021000049215	SANTA COMBA	2022000008288	Equip. SS. SS. (vehículo)	17.000,00
	SOMOZAS	2022000011684	Equip. SS. SS. (ordenador e teléfono móvil)	1.800,00
2021000049146		2022000011686	Equip. asistencial (camas, grúas e colchóns)	10.600,00
			TOTAL	12.400,00
2021000049221	TORDOIA	2022000009458	Equip. SS. SS. (vehículo)	16.855,19
2021000049222	TOURO	2022000009975	Equip. SS. SS. (PCs e licencia)	2.280,22
	VAL DO DUBRA	2022000008264	Equip. SS. SS (ordenadores e monitores)	3.387,69
2021000049224		2022000008263	Equip. SS. SS. (vehículo)	31.612,31
			TOTAL	35.000,00
2021000049225	VALDOVIÑO	2022000007035	Equip. técnico asist. (camas, colchóns, grúas)	3.600,00
2021000049228	VILASANTAR	2022000007475	Equip. asistencial (cama e grúas)	2.486,00
2021000049230	ZAS	2022000007445	Equip. SS. SS (ordenador e portátiles)	2.500,00

TOTAL APLICACIÓN ACHEGA A GASTO DE INVESTIMENTO	334.045,21
SOLICITUDES CONCELLOS	39
SOLICITUDES DE GASTO DE INVESTIMENTO	51

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación EXPONAV para financiar os "Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construción Naval 2022"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento e no capítulo II: Os procedementos de concesións e xestión das subvencións da ordenanza xeral de subvencións e transferencias (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019). Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

- A Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de la Actividades Marítima (EXPONAV) ten como obxecto social reunir, expoñer e conservar o patrimonio técnico, ornamental e documental relativo á construción naval e ao sector marítimo; así como propiciar actividades complementarias relacionadas co mar e a construción naval, como son recopilación e mostras de fotografía e pintura, talleres de restauración de fondos, habilitación de salas de conferencias permanentes e temporais, exposicións, etc todo isto para acometer a organización da Exposición Naval de la Construción Naval, que ten a súa sede no edificio de Herrería do Arsenal Militar de Ferrol.

- A actividade proposta consiste en executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, contribúan á dinamización do sector da construción naval e as actividades marítimas, no que existen poucas oportunidades e apoios para o emprego na localidade e na comarca, polo que se precisa aumentar a formación e o

coñecemento dun sector tan importante como é a construción naval e as actividades marítimas, co obxectivo de diferenciar e diversificar a oferta tanto museística como patrimonial referenciada ás actividades marítimas.

- O Museo atópase moi comprometido coa comunidade educativa, a divulgación da cultura entre as novas xeracións é un obxectivo fundamental. Unha mostra son as visitas dos centros educativos e os obradoiros divulgativos e científicos, dirixido aos nenos e nenas da comarca e de diferentes puntos da xeografía galega.

- Por outra banda é preciso continuar co compromiso cultural adquirido coa sociedade de ferrolterra e da comunidade galega non soamente a través do museo senón con diversos obradoiros, exposición, visitas, xornadas, conferencias, integración da comunidade educativa o que supón facerse cada vez máis presente na vida cultural e social.

3º Aprobado o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS EXPONAV para financiar o proxecto "Gastos de Funcionamento da Fundación e do Museo da Construcións Naval".

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 100.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/333.1/481

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación e da Intervención Provincial.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de A Coruña e o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTOS DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o
Deputación Provincial de A Coruña,

en representación da Excm.

Doutra parte, en representación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Fundación para o Fomento do

Coñecemento da Construcción Naval e das Actividades Marítimas EXPONAV consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). CIF G-15944564, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construcción Naval".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Mantenemento	40.180,70 €
Contratacións externas	23.877,00 €
Material non inventariable	500,00 €
Seguridades Social	15.395,00 €
Soldos e salarios	45.047,30 €
TOTAL	125.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 80%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención

non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/333.1/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Segundo o artigo 6 da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019), queda establecido que ademais de facer constar a colaboración da Deputación na información gráfica ou audiovisual relativa á persona beneficiaria e as súas actividades en cada convocatoria específica ou convenio regulador determinaranse de xeito detallado os medios de difusión para dar a coñecer o importe e porcentaxe do financiamento provincial da actividade ou proxecto subvencionado.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL

CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), unha vez que presenten a seguinte documentación:

1º.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos durante o segundo semestre.

2º.- Relación clasificada dos gastos realizados durante o segundo semestre, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsación deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

3º.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4º.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5º.-Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

6º.-Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

7º.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o **1 de marzo de 2022 ata o 31 de**

decembro de 2022.

2. Unha vez rematadas as actividades, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza xeral de subvencións e transferencias publicada no BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no capítulo IV: Procedemento de Control Financiero da ordenanza xeral de subvencións publicada no BOP Núm 72 de 15 de abril de 2019 o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN S E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), e no capítulo V da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.-Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e

transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado

3.- Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado

4.- Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONCOMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dioruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. **O presente convenio de colaboración abranguerá os gastos devengados dende o día 1 de marzo do 2022 ata o 31 de decembro de 2022**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 30 de abril do ano 2023**, condicionada á existencia de crédito para tal fin.

2. A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 31 de marzo de 2023**.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención

concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día de de 2020.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da
FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO
DEL CONOCIMIENTO DE LA
CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE
LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS
(EXPONAV)"

5.- Aprobación definitiva do Plan de Investimentos 2020, quinta fase; conformado polo proxecto de obra Mellora do Trazado da DP 2206 PQ 0+920 ao 1+220 Rego de Tide (Cedeira)

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobado definitivamente o PLAN DE INVERTEMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2020 QUINTA FASE cun orzamento total de 350.305,36.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 integrado polo proxecto que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2020.1110.0004.0	MELLORA DO TRAZADO DA DP 2206 PQ 0+920 AO 1+220 REGO DE TIDE	CEDEIRA	350.305,36

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

6.- Aprobación do Plan de Conservación de vías provinciais 2022, segunda fase, DP 8001 Cruces a Penablanca; Reforzo de Fime e Mellora superficial PQ 0+000 ao PQ 3+000 (Sobrado)

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobación do Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2022, SEGUNDA FASE cun orzamento total de 316.973,40.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 e utilizando o nivel de vinculación xurídica, integrado polos proxectos que se detallan:

CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	IMPORTE
2022.1100.0034.0	DP 8001 CRUCES A PENABLANCA; REFORZO DE FIRME E MELLORA SUPERFICIAL PQ 0+000 AO 3+000 (SOBRADO)	316.973,40

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local

de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

7.- Aprobación técnica do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, terceira fase integrado polo proxecto DP 1406 de Neaño ao Allo por Cesullas. Mellora da seguridade viaria PQ 0+680 ao 1+900 (Cabana de Bergantiños)

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar técnicamente o PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2022 TERCEIRA FASE cun orzamento total de 802.384,12.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 integrado polo proxecto que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROIACION
2022.1110.0004.0	DP 1406 DE NEAÑO AO ALLO POR CESULLAS. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA.PQ 0+680 AO 1+900.	CABANA DE BERGANTIÑOS	802.384,12 €	88.605,60 €

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da seguinte obra:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROIACION
2022.1110.0004.0	DP 1406 DE NEAÑO AO ALLO POR CESULLAS. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA.PQ 0+680 AO 1+900.	CABANA DE BERGANTIÑOS	802.384,12 €	88.605,60 €

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da

Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

8.- Aprobación do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, cuarta fase integrado polo proxecto DP 1002 da estrada AC-234 Arzua-Corredoiras á Gandara; Senda peonil e mellora de seguridade viaria entre os PQ 1+380 ao 2+080 (Boimorto)

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE VIAS PROVINCIAIS 2022, CUARTA FASE cun orzamento total de 306.856,71.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900, integrado polos proxectos que se detallan:

CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	IMPORTE
2022.1110.0005.0	DP 1002 DA ESTRADA AC-234 ARZUA-CORREDOIRAS A GANDARA; SENDA PEONIL E MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA ENTRE OS PQ 1+380 AO 2+080 (BOIMORTO)	306.856,71

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.- Aceptación da encomenda da Asociación de Concellos do Camiño Inglés para a tramitación de expediente de contratación das obras derivadas do proxecto técnico de actuacións de mellora e posta en valor do Camiño Inglés

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea

Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobado por unanimidade e coa maioría absoluta que require o asunto.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- ACEPTAR a a encomenda da Asociación de Concellos do Camiño Inglés para realizar a tramitación do expediente administrativo de contratación a partir da aprobación do expediente e dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, e ata a formulación da proposta de adxudicación, incluída a publicación na Plataforma de contratación do sector público, do PROXECTO TÉCNICO DE ACTUACIÓNS DE MELLORA E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO INGLÉS, que executa a Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

2º.- Así mesmo, e tras levar a cabo o procedemento de licitación e proposta de adxudicación do referido contrato pola Deputación da Coruña, a Asociación de Concellos do Camiño Inglés, unha vez formalizado o contrato co adxudicatario, será o responsable da execución do mesmo, pagamento e demais incidencias que poidan xurdir na execución do contrato, así como todo o relativo á os efectos e extinción do contrato."

10.- Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vilarmaior polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de melloras na piscina municipal.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- **Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vilarmaior, para cofinanciar as obras de "Melloras na piscina municipal para incrementar a seguridade e o correcto funcionamento da instalación" e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder a súa aprobación e formalización, polas razóns que figuran no expediente e en particular, de conformidade co escrito do Deputado e presidente da Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vilarmaior para cofinanciar as obras de melloras na piscina municipal para incrementar a seguridade e o correcto funcionamento da instalación cunha achega provincial de 45.923,94 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/3420/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do 80 % respecto dun orzamento de 57.404,92 euros.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VILARMAIOR POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA NA PISCINA MUNICIPAL

Na Coruña, a __ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o representante da Excma. Deputación da Coruña

E doutra parte o representante do **Concello de Vilarmaior**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que

contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Vilarmajor considera as actuacións de primeira necesidade “...Ante o elevado número de deficiencias técnicas das instalacións da piscina municipal nos últimos anos é necesario executar obras nas instalacións para mellorar a seguridade dos bañistas, e polo elevado coste de mantemento que supón para o concello, solicitouse subvención mediante convenio de colaboración para financiar as obras. O incremento da seguridade e melloras técnicas das instalacións ao executar as obras nas instalacións, son razóns de interese público de carácter deportivo, social e económico, polas que a Deputación Provincial no fomento dos intereses da provincia debe contribuír economicamente no desenvolvemento do proxecto.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Vilarmajor** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Vilarmajor con CIF P1509200J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de Melloras na Piscina municipal para incrementar a seguridade e o correcto funcionamento da instalación, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico Victorino Corral Rodríguez N^o Colexiado 2112

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello

2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	39.867,29 euros
Gastos xerais 13,00%	5.182,75 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	2.392,04 euros
IVE (21%)	9.962,84 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	57.404,92 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **45.923,94** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consinou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3420/76201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o

compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o símbolo, marca o logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención

alomenos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento"

11.- Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mazaricos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Reforma e ampliación do edificio de Protección Civil da Picota.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.-Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mazaricos para cofinanciar as obras de

Reforma e ampliación do edificio de Protección Civil da Picota, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder a súa aprobación e formalización, polas razóns que figuran no expediente e en particular, de conformidade co escrito do Deputado e presidente da Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Mazaricos** para cofinanciar as obras de “ Reforma e ampliación do edificio de Protección Civil da Picota.. cunha achega provincial de **100.000,00 euros** con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1350/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **124.999,99 euros**.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MAZARICOS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “ REFORMA E AMPLIACIÓN DO EDIFICIO DE PROTECCIÓN CIVIL DA PICOTA”.

Na Coruña, a ___ de _____ de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, representante da Deputac

E doutra parte D. _____ , Alcalde Presidente do **Concello de Mazaricos**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao

conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Mazaricos** considera de primeira necesidade as obras de Reforma e ampliación do edificio de Protección Civil da Picota. Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as **citadas obras**, motivadas principalmente por razóns de interese público, social e económico.

“O Concello de Mazaricos precisa realizar unha intervención no edificio de protección civil da Picota, consistente en acometer reparacións na envolvente, para mellorar as condicións de habitabilidade e salubridade do edificio, así como unha ampliación do mesmo, en orde a dispor dunha zona de uso exclusivo para cada un dos servizos que comparten as instalacións a día de hoxe, o equipo de voluntarios de protección civil e a brigada de obras do Concello, se ben con accesos compartidos e comunicados entre si.

se precisa que se dea resposta á necesidade de ampliación e reforma do edificio de protección civil, sendo imprescindible que se poidan acometer as obras o antes posible

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Mazaricos** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Mazaricos** con CIF **P1504600F**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de “ Reforma e ampliación do edificio de Protección Civil da Picota.”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución

redactado por CernaArquitectosSCP e redactado en Outubro de 2021 e refundido en Xaneiro de 2022.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	86.811,58 euros
Gastos xerais 13,00%	11.285,51 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	5.208,69 euros
IVE (21%)	21.694,21 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	124.999,99 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **100.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde,**

control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1350/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha**

distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no

reverso).

- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste

convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

.4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa súa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de

estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por **duplicado exemplar** o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

12.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Cabanas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora da accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabanas, para cofinanciar as obras de **"Mellora da accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas"** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder a súa aprobación e formalización, polas razóns que figuran no expediente e en particular, de conformidade co escrito do Deputado e presidente da Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Cabanas P1501500A** para cofinanciar as obras de **Mellora da accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas**, cunha achega provincial de **180.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/1532/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **41,17763 %** respecto dun orzamento de **437.130,59 euros**.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANAS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SERVIZOS URBANOS NA ESTRADA N651 (MARXE DEREITO SENTIDO FERROL) ENTRE OS PKS 20+940 E 21+460, EN CABANAS

Na Coruña, a ___ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o representante da Deputación provincial da Coruña,

E doutra parte o representante do **Concello de Cabanas**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Cabanas** considera de primeira necesidade as obras de **Mellora da accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas**

Con tal motivo, e dada a necesidade imperiosa das actuacións, preténdese por parte do Concello realizar ditas obras, motivadas principalmente por razóns de interese público, social e económico.

“...a mellora da accesibilidade e dos servizos urbáns na estrada N-651 (MARXE DEREITO SENTIDO FERROL), entre os PKS 20+940 E 21+460, EN CABANAS é un proxecto de interese publico, dado que na actualidade a zona non se pode transitar de maneira peonil, ademais de ter un alto risco de accidentes de tráfico pola falta de iluminación e beirarrúas. Actuacións acometidas de gran interese: - Mellora da accesibilidade da zona (hoxe en día inexistente).

- Cambio de luminarias a Led.
 - Mellora na seguridade viaria.(Incrementéntanse os pasos de peóns, sinalizan e iluminan).
 - Cámbiase a canalización de subministración de auga (hoxe en día a tubaxe é de fibrocemento).
 - Cámbiase o saneamento da zona (están detectadas varias fugas da rede de saneamento)
- . A zona carece de beirarrúas adaptadas para persoas con mobilidade reducida nin tampouco conta con pasos de peóns suficientes para garantir a seguridade das persoas viandantes.

Estes dous factores provocan un alto risco para o tráfico rodado e incrementa a posibilidade de que se produzan accidentes.

Con este proxecto realizaranse traballos de mellora nas redes de servizos públicos. Entre eles destaca o cambio de todas as luminarias a tecnoloxía LED, o que repercutirá nun aforro enerxético, económico e, sen dúbida, contribuirá a protexer e mellorar o medio ambiente; ademais, con esta medida tamén se quere garantir unha boa iluminación tanto nas beirarrúas como na estrada, dado que hoxe en día é insuficiente, o que aumenta a posibilidade de atropelos e roubos nos comercios da zona.

Outro das obras que se realizará será a substitución da rede actual de subministro de auga potable, debido a que na actualidade a rede existente é de fibrocemento, un material catalogado como perigoso para a saúde pública.

Tamén se cambiará a rede de saneamento xa que se encontraron fisuras e filtracións na rede actual, o que causa un dano medioambiental.

Con esta última medida tamén se reconducirán as augas pluviais con novos sumidoiros á rede de pluviais municipal...”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Cabanas** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Cabanas** con CIF **P1501500A**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das **“obras de Mellora da accesibilidade e servizos urbanos na estrada N651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460,**

en Cabanas ”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo polo enxeñeiro de camiños, Antonio J. Durán Maciñeira nº de Colexiado 15.305

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	303. 583,99 euros
Gastos xerais 13,00%	39.465,92 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	18.215,04 euros
IVE (21%)	75.865,64 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	437.130,59 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **180.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **41.17763** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **41.17763** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo o logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adjudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe

ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.

- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á

entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

.4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín

Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

13.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Boimorto polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de Acondicionamiento do Parque público na Gándara.

:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boimorto para cofinanciar as obras de Acondicionamiento do Parque público na Gándara e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder a súa aprobación e formalización, polas razóns que figuran no expediente e en particular, de conformidade co escrito do Deputado e presidente da Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boimorto para cofinanciar as obras de Acondicionamiento do Parque público na Gándara. cunha achega provincial de 71.998,99 _euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/1711/76201, o que

representa un coeficiente de financiamento do 79.99986 % respecto dun orzamento de 89.998,74 euros.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIMORTO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO PARQUE PÚBLICO NA GÁNDARA

Na Coruña, a __ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte,o representante da Excma. Deputación da Coruña,

E doutra parte o representante do Concello de Boimorto

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Boimorto considera de primeira necesidade o Acondicionamento do Parque público na Gándara

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

A necesidade deste proxecto xustifícase pola ausencia deste tipo de zonas de esparcemento no concello, xa que se trata do único parque do Concello de Boimorto, polo que debe ter un correcto estado de seguridade, salubridade e embellecemento de todo o espazo público, adaptando as instalacións ás necesidades da poboación. Despois da pandemia motivada polo Covid o uso destas zonas recreativas e ao aire libre é moi frecuente o cal supuxo cuantitativamente un incremento de uso a diario importante de poboación infantil e xuvenil.

Tamén motivado pola pandemia o censo de poboación neste concello elevouse, sobre todo, de familias que retornaron a esta zona rural implicando un incremento de poboación que utiliza este tipo de instalacións.

As actuacións para as cales se solicita subvención son de urxente e imperiosa necesidade xa que nos atopamos con elementos degradados nun espazo recreativo e de lecer, e cuxo estado aparte do perigo que supón a súa utilización tanto para a poboación infantil como xuvenil, presenta unha degradación sufrida nestas últimas semanas con descomposición do pavimento que acaba invadindo áreas próximas e deficiencias en xogos, sobre todo, da madeira debido ás primeiras choivas da estación outonal, sendo un importante obstáculo para a seguridade.

Deste xeito propónse a subsstitución do mesmo, así como cerramentos e actuacións con materiais sostibles tales como madeira e pedra. Ademais debido a que temos na poboación infantil nenos/as con discapacidade neste último mes e o incremento do censo poboacional no colectivo xuvenil e infantil tratase dunha causa sobrevida que é necesario resolver con carácter urxente coa colocación de xogos e instalacións adaptadas para o seu correcto funcionamento e uso para nenos/as con discapacidade e adaptando os xogos para o colectivo infantil e xuvenil que aumentou tanto cuantitativamente como no uso diario da instalación.

Estas deficiencias excepcionais supoñen unha necesidade urxente e imperiosa de realizar as diferentes actuacións, sen esperar a cadrar dito proxecto no POS porque non o podemos demorar debido ao uso diario pola poboación infantil e xuvenil e o núcleo de poboación afectado é un dos máis importantes a nivel cuantitativo do concello, tratase do único parque do que dispón o concello, ademais de ser instalacións que se atopan situadas no camiño Norte ao seu paso polo Concello de Boimorto, polo que urxe que as instalacións teñan unhas condicións eficientes e de calidade.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Boimorto ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Boimorto con CIF P1501000B fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Acondicionamento do Parque público na Gándara”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de Camiños, C. e P. Col. Nº.: 22.992 Pablo Blanco Ferreiro.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	61.877,21 euros
Gastos xerais 13,00%	8.125,45 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	3.750,21 euros
IVE (21%)	15.619,62 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	89.998,74 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 71.998,87 euros o que representa unha porcentaxe de **79.99986** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do

orçamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79.99986** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/1711/76201 , na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller

o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o símbolo, marca ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 60 por cento restante,

unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar rematadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña

recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso,

segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

.4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO do 2023 Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 30 de SETEMBRO de 2023, a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a

distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

14.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Pozo de bombeo nº 2, impulsión e colectores en Orto e Crendes" do Concello de Abegondo, cofinanciado pola Deputación a través do convenio de colaboración 13/2019 BIS

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o acordo do Pleno desta corporación do 1 de marzo do 2019 polo que se aproba o Convenio de Colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Abegondo para a execución da obra "Pozo de bombeo nº 2, impulsión e colectores en Orto e Crendes", cun orzamento de contrata de 206.300,00 € e cunha achega provincial de 165.000,00 €, que supón unha porcentaxe de financiamento do 79,98061% do importe total do seu orzamento de contrata.

Logo de presentar o Concello de Abegondo un proxecto modificado desta obra con incremento do seu orzamento, que xa se atopa adxudicada, xunto cos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación, así como á vista da acreditación da súa aprobación polo órgano municipal competente, e tendo en conta a conformidade do contratista adxudicatario ás modificacións introducidas e o informe de supervisión favorable do proxecto emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Abegondo denominada "Pozo de bombeo nº 2, impulsión e colectores en Orto e Crendes", incluída no convenio de colaboración suscrito entre a Deputación da Coruña e o Concello de Abegondo, aprobado por acordo plenario desta Deputación do día 1 de marzo do 2019, que implica un incremento do seu orzamento de contrata, que asume integramente o concello, por motivo das modificacións introducidas por circunstancias sobrevidas que fan necesario cambiar o trazado do colector e impulsión inicial, así

como instalar tres novos tramos de colectores e unha nova impulsión, sendo o cadro relativo ao seu financiamento o seguinte:

Proxecto Modificado			
“Pozo de bombeo nº 2, impulsión e colectores en Orto e Crendes” Concello de Abegondo			
Convenio 13/2019 BIS			
		Contrata	Adxudicación
PROXECTO INICIAL	Deputación	165.000,00	146.850,00
	Concello	41.300,00	36.757,00
	Total	206.300,00	183.607,00
PROXECTO MODIFICADO	Deputación	165.000,00	146.850,00
	Concello	93.107,11	82.865,33
	Total	258.107,11	229.715,33
DIFERENZA	Deputación	0,00	0,00
	Concello	51.807,11	46.108,33
	Total	51.807,11	46.108,33

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/1601/76201 do vixente orzamento provincial. O incremento experimentado con motivo da aprobación desta modificación do proxecto é asumido integramente polo concello con cargo ao crédito consignado no orzamento municipal.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Abegondo para os efectos oportunos."

15.- Aprobación do segundo proxecto modificado da obra denominada "Ampliación vestiarios, accesos e evacuación campo de fútbol Eleuterio Balayo," do Concello de Muros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2100.0033.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017.

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada en data 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018.

Logo de ver que nos Anexos a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2018, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Muros denominada “Ampliación vestiarios, accesos e evacuación campo de fútbol Eleuterio Balayo”, co código 2018.2100.0033.0.

Tendo en conta que na sesión da Xunta de Goberno Local do día 23 de agosto de 2019 aprobouse a licitación da obra, declarándose deserta na sesión da Xunta de Goberno local do día 11 de outubro de 2019 por non presentarse ningún licitador. Así mesmo, mediante Resolución de alcaldía de 22 de novembro de 2019 volveu a declararse deserta a licitación da obra.

Logo de ver que mediante acordo plenario desta Deputación do día 28 de febreiro do 2020 aprobouse un primeiro proxecto modificado da obra que aínda que non supuxo variación do seu orzamento total respecto ao proxecto técnico inicial, introducía cambios internos nas súas actuacións.

A vista da Resolución da alcaldía do Concello de Muros, de data 13 de maio de 2020, pola que se adjudicou a obra á empresa Excavaciones Agra Castro, S.L, por un importe de 59.998,50 €, igual ao orzamento de contrata da obra, estando pendente de certificar a citada cantidade na súa totalidade.

Logo de ver o proxecto modificado que presentou o concello, a través da Plataforma Subtel, o día 4 de xuño de 2021, que foi obxecto de informe de supervisión negativa polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación por considerar que supón unha modificación substancial do proxecto orixinal, a tal punto que se podería dicir que no caso de terse ofertado así dende o primeiro momento a licitación tivese atraído a máis licitadores.

Logo de ver o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Muros, do día 10 de setembro de 2021, polo que se resolveu o contrato de obras coa empresa adjudicataria da obra, Excavaciones Agra Castro, S.L, por mutuo acordo das partes e polas razóns sinaladas no parágrafo anterior.

Logo de presentar o Concello de Muros, unha vez se resolveu o contrato de obra, un segundo proxecto modificado desta obra, á vista dos informes administrativos e técnicos xustificativos da citada modificación, así como da certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente e tendo en conta o informe de supervisión favorable do proxecto emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación do día 28 de xaneiro de 2022.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA

1.- Aprobado o segundo proxecto modificado da obra do Concello de Muros denominada “Ampliación vestiarios, accesos e evacuación campo de fútbol Eleuterio

Balayo”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 2018.2100.0033.0, que foi aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, cun orzamento de contrata de 59.998,50 €, unha vez resolto o contrato de obra coa empresa adxudicataria por mutuo acordo das partes. Este proxecto modificado non supón variación do seu orzamento de contrata, aínda que se trata dunha modificación substancial do proxecto orixinal, posto que contempla unicamente a execución dun dos módulos pretendidos nun principio, eliminando o módulo de almacén, sendo o seu cadro de financiamento que é invariable o seguinte :

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Muros	2018.2100.0033.0	Ampliación vestuarios, accesos e evacuación campo de fútbol Eleuterio Balayo	44.998,50	15.000,00	59.998,50

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Muros para os efectos oportunos."

16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Nova rede de bombeo A Barquiña - Río do Porto", do Concello de Noia, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 2018.2000.0233.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva desta obra.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018

Logo de ver que no Anexo V a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+2018, no que figura, entre outras, a obra do

concello de Noia denominada “Nova rede de bombeo A Barquiña - Río do Porto”, co código 2018.2000.0233.0, cuxa aprobación definitiva quedou condicionada á obtención das autorizacións de Portos de Galicia, Consellería de Medio Ambiente (Xunta) e Demarcación de Costas do Estado en Galicia

Logo de presentar o Concello de Noia, ante as dificultades para obter as autorizacións inicialmente precisas, un proxecto modificado da obra, con incremento do seu orzamento que implica unha variación do trazado inicial e da ubicación do pozo de bombeo que agora se sitúa en terreos de titularidade municipal.

Á vista dun novo informe técnico do concello indicando as novas autorizacións necesarias para a realización do investimento, así como do informe técnico xurídico que acredita a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste investimento.

Tendo en conta que consta no expediente a aprobación polo órgano municipal competente da dita modificación así como o resto da documentación administrativa e técnica necesaria, e que se emitiu informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Noia denominada “Nova rede de bombeo A Barquiña - Río do Porto”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+2018, co código 2018.2000.0233.0, que foi aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, de forma condicionada á obtención das autorizacións de Portos de Galicia, Consellería de Medio Ambiente (Xunta) e Demarcación de Costas do Estado en Galicia, que experimenta un incremento no seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial, e supón unha modificación do trazado inicialmente previsto da rede de fecais e da ubicación do pozo de bombeo ao non ser autorizado polos diferentes organismos sectoriais a alternativa inicialmente prevista.

Proxecto Modificado “ Nova rede de bombeo A Barquiña - Río do Porto ” do Concello de Noia 2018.2000.0233.0			
Axentes financeiros	Orzamento de contrata Proxecto Inicial	Orzamento de contrata Proxecto Modificado	Diferenza
Deputación	230.787,10	230.787,10	0,00
Concello	0,00	5.112,73	5.112,73
Total	230.787,10	235.899,83	5.112,73

2.- En consecuencia, unha vez que foron presentadas todas as autorizacións necesarias para a realización da obra, tanto ás que quedara condicionada a obra inicialmente e as que foron xurdindo coas diferentes versións da modificación do proxecto, e que se achegou a certificación da secretaria que acredita a aprobación

desta modificación do proxecto polo órgano municipal competente e do resto da documentación administrativa e técnica necesaria, considerar definitivamente aprobada esta obra dentro do POS+2018:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Noia	2018.2000.0233.0	Nova rede de bombeo A Barquiña - Río do Porto	230.787,10	0,00	230.787,10	- Aut. Portos de Galicia. - Aut.Consellería de Medio Ambiente.(Xunta) -Aut. Demarcación de Costas do Estado en Galicia

3.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/1605/76201 do vixente orzamento provincial. O incremento experimentado con motivo da aprobación desta modificación do proxecto por importe de 5.112,73 €, será asumido integramente polo concello con cargo ao seu orzamento municipal.

4.- Notificar esta resolución ao Concello de Noia para os efectos oportunos."

17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Beirarrúas e formación de rede de saneamento no lugar de As Tablas. parroquia de Salto", do Concello de Oza-Cesuras, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0682.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Beirarrúas e formación de rede de saneamento no lugar de As Tablas. parroquia de Salto", do Concello de Oza-Cesuras, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017, co código 2017.2001.0682.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta deputación número 2017/40643, do 18

de decembro de 2017, pola que se aprobou definitivamente a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2017, na que se inclúen investimentos financeiramente sostibles previstos no Plan Complementario ao POS+Base 2017, que fora aprobado polo Pleno provincial na sesión extraordinaria do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137, do 7 de xullo de 2017, entre os que figura o investimento do Concello de Oza -Cesuras denominado “Beirarrúas e formación de rede de saneamento no lugar de As Tablas. parroquia de Salto”, co código 2017.2001.0682.0, sendo os seus datos os seguintes:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
2017.2001.0682.0	Oza-Cesuras	Beirarrúas e formación de rede de saneamento no lugar de As Tablas. parroquia de Salto	62.218,10	0,00	62.218,10

Logo de presentar o Concello de Oza-Cesuras un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente 18 de xaneiro de 2022 pola arquitecta municipal, Eva López Rodríguez, que xa redactara o proxecto inicial, mantendo o mesmo importe total do orzamento de contrata, que foi aprobado polo Pleno do concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adjudicar, coa finalidade de modificar o trazado inicialmente proxectado, motivado polo desacordo dos propietarios de dúas parcelas, á execución de beirarrúas e colocación de pozos de rexistro no acceso a estas parcelas.

Logo de ver o informe técnico da redactora do proxecto modificado asinado o 21 febreiro de 2022, no que indica que as actuacións previstas neste proxecto modificado, se ben atópanse limítrofes co ámbito de protección do elemento catalogado como Casa Forte de Platas, non se atopan incursas en ningunha zona de afección, xa que as obras proxéctanse sobre vías/terreos de titularidade municipal, polo que non é preciso solicitar autorización previa para as obras, nin tampouco autorizacións sectoriais.

Logo de constar no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 26 de xaneiro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto do proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Regulatoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 25 de novembro de 2016 (BOP nº 226 de 29 de novembro de 2016), e que lle son aplicables aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Beirarrúas e formación de rede de saneamento no lugar de As Tablas. parroquia de Salto”, do

Concello de Oza-Cesuras, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2017, co código 2017.2001.0682.0, sen variación do seu orzamento total de contrata, que está sen adxudicar, que se aprobou polo Pleno do concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, para modificar o trazado inicialmente proxectado motivado polo desacordo dos propietarios de dúas parcelas, á execución de beirarrúas e colocación de pozos de rexistro no acceso a estas parcelas, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
2017.2001.0682.0	Oza-Cesuras	Beirarrúas e formación de rede de saneamento no lugar de As Tablas. parroquia de Salto	62.218,10	0,00	62.218,10

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/1535/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Oza-Cesuras para os efectos oportunos."

18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de viais nas parroquias de Souto e Vilamourel", do Concello de Paderne, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2018, co código 2018.2002.0809.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de viais nas parroquias de Souto e Vilamourel", do Concello de Paderne, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2018, por reinvestimento de economías do POS+2017, co código 2018.2002.0809.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria

realizada o 16 de maio de 2018, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 e o seu Plan complementario

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2018/44759, do 18 de decembro de 2018, que en relación coa Resolución da Presidencia número 42571 do 3 de decembro de 2018, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2018 no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Paderne	2018.2002.0809.0	Pavimentación de vias nas parroquias de Souto e Vilamourel	40.256,79	8.380,90	48.637,69

Logo de presentar o Concello de Paderne un proxecto modificado deste investimento datado de agosto de 2021 e asinado dixitalmente o 6 de setembro de 2021, sen variación do seu orzamento total, polo arquitecto que xa redactara o proxecto inicial, que foi aprobado polo Pleno do concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adxudicar, coa finalidade de modificar o trazado dos camiños no lugar de Chantada (Parroquia de Souto), xa que parte do trazado xa fora executado en Plans anteriores

Logo de ver os anexos emitidos polo arquitecto ao servizo do concello e o secretario municipal, nos que consta que para a execución deste proxecto modificado non son necesarias autorizacións e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios

Logo de constar no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 15 de setembro de 2021 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2018, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188, do 3 de outubro de 2017 e que lle son aplicables aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2018

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de vias nas parroquias de Souto e Vilamourel", do Concello de Paderne, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único

de concellos) POS+Adicional 2/2018 por reinvestimento de economías do POS+2017, co código 2018.2002.0809.0, sen variación do seu orzamento total de contrata, que está sen adxudicar, que se aprobou polo Pleno do concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, para modificar parte do trazado inicialmente previsto no proxecto inicial que xa fora executado en Plans anteriores, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Paderne	2018.2002.0809.0	Pavimentación de viais nas parroquias de Souto e Vilamourel	40.256,79	8.380,90	48.637,69

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/1536/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Paderne para os efectos oportunos."

19.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Dotación das redes de saneamento e abastecemento de auga no lugar de Quintáns, na parroquia de Isorna - Fase 1", do Concello de Rianxo, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0540.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Dotación das redes de saneamento e abastecemento de auga no lugar de Quintáns, na parroquia de Isorna - Fase 1", do Concello de Rianxo, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0540.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria

realizada o 30 de xuño de 2021, polo que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2021/30870 do 23/07/2021 pola que se aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial, no que se inclúe este investimento

Tendo en conta que, de acordo co disposto no apartado 1 desta Resolución, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedou condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento cos seguintes datos:

Código Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condições pendentes
		Deputación	Concello	Orzamento Total	
2021.2102.0540.0 Rianxo	Dotac. redes saneam. e abastec. no lugar de Quintáns, parroquia de Isorna. Fase 1	243.527,03	0,00	243.527,03	- Autorización de Augas Galicia - Autorización Demarcación de Costas do Estado - Autorización S. de Urbanismo- Costas da Xunta - Autorización Patrimonio Cultural da Xunta - Acreditación da dispoñibilidade dos terreos

Logo de presentar o Concello de Rianxo un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 14 de maio de 2021 polo mesmo arquitecto que xa redactara o proxecto inicial, co mesmo orzamento de contrata e coa única finalidade de cambiar a dirección do aliviadoiro da estación de bombeo a instalar, para que non invada a zona de dominio público marítimo-terrestre, condición esixida pola Demarcación de Costas do Estado no seu informe vinculante do 3 de marzo de 2020 para autorizar as obras, cambio de dirección que tamén implica non ocupar a parcela con referencia catastral 15073A040000340000FQ, que pertence a C.M.U.M.C, parroquia de Isorna, que era necesaria para a execución do proxecto inicial

Tendo en conta a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, asinada dixitalmente o 28 de xuño de 2021, que autoriza as obras solicitadas respecto o proxecto inicial asinado dixitalmente o 22 de abril de 2020

Tendo en conta a Resolución da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, do 13 de xullo de 2021, que autoriza as obras previstas neste proxecto modificado do 14 de maio de 2021, logo de obter o informe favorable emitido o 9 de xuño de 2021 pola Demarcación de Costas do Estado xa que, a diferenza do proxecto anterior, non chega a invadir a zona de dominio público marítimo-terrestre, coas condicións de que o concello solicite o reformulo da liña de deslinde entre os fitos 261 e 262 e obteña a autorización ou informe previo de Augas de Galicia para calquera vertido ao dominio público que poida haber da dita estación

Tendo en conta a Resolución asinada o 4 de outubro de 2021 pola directora de Augas de Galicia, na que se autorizan as obras incluídas neste proxecto modificado asinado o 14 de maio de 2021, coa esixencia do cumprimento dunha serie de condicións entre as que se atopa tamén a necesidade de que o concello conte coa autorización de vertidos

de Augas de Galicia.

Logo de ver o informe técnico-xurídico (Anexo VI), asinado o 26 de outubro de 2021 pola arquitecta e a secretaria do concello, no que a arquitecta municipal indica que este investimento se executa sobre vías existentes e de dominio público municipal, segundo catastro e o inventario de camiños municipal aprobado inicialmente e a secretaria municipal conclúe que este proxecto modificado conta con todas as autorizacións sectoriais esixidas, se ben coas condicións antes mencionadas e pon de manifesto que neste proxecto modificado de maio de 2021 desaparece a mención á ocupación das parcelas privadas así como á ocupación do dominio público marítimo terrestre, mencións que si aparecían no proxecto inicial.

Logo de indicar a arquitecta municipal, no seu informe do 1 de febreiro de 2022, que para a execución deste proxecto modificado son necesarias as autorizacións de Augas de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, da Demarcación de Costas do Estado en Galicia e da Consellería de Cultura competente en materia de Patrimonio Cultural; que o concello conta con todas as autorizacións mencionadas e que constan todas elas incorporadas ao expediente; que o proxecto modificado do 14 de maio de 2021 se adecúa ás ditas autorizacións e que cumpre as condicións que nelas se conteñen, se ben con respecto da autorización da Demarcación de Costas do Estado e do Servizo de Urbanismo esíxese que o concello solicite o reformulo da liña de deslinde entre os fitos de 261 e 262 e que se conte coa autorización ou informe previo de Augas de Galicia para o vertidos das augas do aliviadoiro ao dominio público.

Tendo en conta o informe da xefa da Área de Vertidos de Augas de Galicia, asinado o 8 de marzo de 2022, no que indica que, de acordo co informe técnico achegado polo concello, a execución das novas redes de saneamento que rematen nunha rede de saneamento xa existente, non constitúe un suposto de actuacións para os que resulte necesaria a autorización de vertido

Tendo en conta a solicitude do reformulo da liña de deslinde entre os fitos de 261 e 262, presentada polo Concello de Rianxo con data de entrada no Rexistro da Demarcación de Costas do Estado en Galicia o día 6 de abril de 2022

Tendo en conta que este investimento aínda non está adxudicado e que consta no expediente un informe de supervisión favorable asinado o 28 de xaneiro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2021 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020 e que lle son aplicables aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2021

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Dotación das redes de saneamento e abastecemento de auga no lugar de Quintáns, na parroquia de Isorna – Fase 1", do concello de Rianxo, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0540.0, que aínda non está adxudicado e que foi aprobado polo Concello de Rianxo sen variación do seu orzamento total respecto do proxecto inicial nin da súa finalidade, co único obxecto de cambiar a dirección do aliviadoiro da estación de bombeo para non invadir a zona de dominio público marítimo-terrestre, condición esixida pola Demarcación de Costas do Estado no seu informe vinculante do 3 de marzo de 2020 para autorizar as obras, o que tamén supón non ter que ocupar a parcela con referencia catastral 15073A040000340000FQ, que pertence a C.M.U.M.C, parroquia de Isorna, de xeito que o investimento se executa sobre vías existentes e de dominio público municipal, sendo os seus datos os que figuran na seguinte táboa:

Código Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condicións pendentes
		Deputación	Concello	Orzamento Total	
2021.2102.0540.0 Rianxo	Dotac. redes saneam. e abastec. no lugar de Quintáns, parroquia de Isorna. Fase 1	243.527,03	0,00	243.527,03	- Autorización de Augas Galicia - Autorización Demarcación de Costas do Estado - Autorización S. de Urbanismo- Costas da Xunta - Autorización Patrimonio Cultural da Xunta - Acreditación da dispoñibilidade dos terreos

2.- Aprobar definitivamente este investimento ao considerar cumpridas as condicións ás que fora sometido, ao engadirse ao expediente as autorizacións de Augas de Galicia, Demarcación de Costas do Estado, Servizo de Urbanismo e Patrimonio Cultural; o informe da arquitecta municipal no que se indica que o proxecto modificado se axusta aos condicionantes que se conteñen nas ditas autorizacións; a presentación polo concello da solicitude á Demarcación de Costas do Estado en Galicia do reformulo da liña de deslinde entre os fitos 261 e 262; o informe da xefa da Área de Vertidos de Augas de Galicia no que indica que non é necesaria a autorización de vertidos, así como o Anexo VI emitido o 26 de outubro de 2021 pola arquitecta e a secretaria do concello que constata a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial."

20.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora de instalacións e pavimentos en camiños de Piñeiro, Meirás", do Concello de Sada, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2200.0262.0.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 25 de outubro de 2019 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 208 do 31 de outubro de 2019.

Logo de ver que o Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución da Presidencia número 23130 do 29 de xullo de 2020, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 e o seu Plan complementario.

Logo de ver que no Anexo VII: Investimentos-préstamo 2020, a este acordo, figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2020 no que figura, entre outras, a obra do Concello de Sada denominada "Mellora de instalacións e pavimentos en camiños de Piñeiro, Meirás", co código 2020.2200.0262.0 que foi adxudicada polo concello o día 30 de decembro de 2020, por un importe de 86.946,05 €.

Logo de presentar o Concello de Sada un proxecto modificado desta obra, con diminución do seu orzamento de contrata, a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, así como o resto da documentación administrativa e técnica xustificativa necesaria e tendo en conta que conta coa conformidade do contratista adxudicatario da obra, así como co informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Sada denominada "Mellora de instalacións e pavimentos en camiños de Piñeiro, Meirás", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2200.0262.0, que fora aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución da Presidencia número 23130 do 29 de xullo de 2020, que supón unha diminución no seu orzamento de contrata e implica un axuste das medicións do proxecto inicial con respecto ás medicións reais da obra, así como, a corrección e cambio dalgunhas partidas con respecto ao previsto no proxecto técnico inicial

Proxecto Modificado "Mellora de instalacións e pavimentos en camiños de Piñeiro, Meirás"				
Concello de Sada				
Código: 2020.2200.0262.0				
	Orzamento de contrata Proxecto Inicial	Orzamento de adxudicación Proxecto Inicial	Orzamento de contrata Proxecto Modificado	Orzamento de adxudicación Proxecto Modificado
Deputación	114.568,52	86.946,05	113.849,58	86.400,45
Concello	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	114.568,52	86.946,05	113.849,58	86.400,45

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430 /9437 / 76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Sada para os efectos oportunos."

21.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores á que se refire o Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro (que modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo) e da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e os seus entes dependentes (Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética da Coruña), correspondente a marzo de 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contra Incendios e Salvamento e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de marzo de 2022.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e os seus entes dependentes (Consortio Provincial contra Incendios e Salvamento e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) no mes de marzo de 2022.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos dous anteriores apartados, para xeral coñecemento."

22.- Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a marzo de 2022 e proxección a 31/12/2022.

PRIMEIRO.- Dar conta sobre o estado de execución orzamentaria a 31 de marzo de 2022, que informa a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

SEGUNDO.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de

adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2022, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da Regra do Gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con Remanente de Tesourería do exercicio 2021 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

O Consello de Ministros o 27 de xullo de 2021 e polo Congreso dos Deputados en sesión do 13 de setembro de 2021 acordaron suspender as regras fiscais.

CUARTO.- Informar periodicamente ao Pleno sobre o estado de execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

23.- Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2021.

Dáse conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2021.

24.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao primeiro trimestre de 2022.

Dáse conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética da Coruña) correspondentes ao primeiro trimestre de 2022, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

25.- Dación de conta da liquidación do orzamento do Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2021.

Dáse conta da aprobación da liquidación do orzamento do Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2021.

26.- Dación de conta da remisión da liquidación do orzamento do exercicio 2021 da Deputación e dos seus entes dependentes á Administración do Estado e da liquidación da Deputación á Comunidade Autónoma.

Dáse conta da remisión da liquidación do orzamento do exercicio 2021 da Deputación e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) á Administración do

Estado e da liquidación da Deputación á Comunidade Autónoma, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

27.- Dación de conta do Informe da fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2020.

Dáse conta do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación Provincial e dos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2020, en aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no apartado 34.2 das Bases de execución do orzamento para o exercicio 2020 e da Resolución da Presidencia nº 45329 de 26/12/2018 (de aplicación aos procedementos de fiscalización que se desenvolvan a partir de 1 de Xaneiro de 2019, con independencia de que os actos a fiscalizar sexan anteriores ou posteriores á devandita data), pola que se aproba a "Circular para a substitución da Fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores" que establece a fiscalización a posteriori polos procedementos de mostraxe que se determinen pola Intervención Xeral, previa toma de razón en contabilidade, das liquidacións de contraído previo, ingreso directo e da anulación de liquidacións referidas a recursos propios da Deputación e tributos cuxa xestión foi delegada polos Concellos da provincia na Deputación Provincial.

Infórmase sobre o devandito resumo, que conclúe que os actos de xestión e inspección tributaria revisados, así como os de recadación, non presentan erros relevantes e axústanse ao ordenamento xurídico e tributario de aplicación.

28.- Dación de conta da liquidación definitiva do exercicio de 2021 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación definitiva do exercicio de 2021 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

29.- Dación de conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2022 e da entrega a conta de abril de 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da actualización das entregas a conta realizadas no exercicio 2022 e da entrega a conta de abril de 2022 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

30.- Dación de conta do nomeamento da comisión liquidadora do control interno das oficinas de zona 2021.

Dáse conta do nomeamento da comisión liquidadora do control interno das oficinas de zona 2021.

31.- Aprobación das Bases singulares para a xestión por delegación da recadación executiva das sancións municipais derivadas de infraccións de tráfico e restantes sancións non tributarias do Concello da Coruña e aceptación da delegación acordada polo Concello.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobado por unanimidade e coa maioría absoluta que require o asunto.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º) Aprobar as seguintes Bases que regulan singularmente a delegación que o Concello da Coruña realiza na Deputación das facultades en materia de recadación executiva das sancións municipais de tráfico e restantes sancións non tributarias, todas elas instruídas polos órganos competentes do Concello da Coruña e que correspondan a infractores domiciliados noutro termo municipal:

"BASES SINGULARES PARA A XESTIÓN POR DELEGACION DA RECADACIÓN EXECUTIVA DAS SANCIÓNS MUNICIPAIS DERIVADAS DE INFRACCIÓNS DE TRÁFICO E RESTANTES SANCIÓN NON TRIBUTARIAS DO CONCELLO DA CORUÑA

PRIMEIRA. - OBXECTO DA DELEGACIÓN

A Deputación Provincial da Coruña asume, por delegación expresa do Concello da Coruña, as competencias en materia de recadación executiva das sancións municipais por infraccións que se deduzan da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, ordenanzas municipais e demais normativa vixente de aplicación, así como das restantes sancións non tributarias, que se teñan instruído polos órganos competentes do Concello e que correspondan a infractores que estean domiciliados noutro termo municipal.

SEGUNDA.- ALCANCE DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DELEGADAS

A delegación de competencias suporá que a Deputación asumirá a totalidade das funcións e atribucións necesarias para levar a cabo o exercicio das competencias da recadación executiva das sancións municipais de tráfico e restantes sancións non tributarias especificadas na Base Primeira.

A actuación da Deputación comezará coa notificación das providencias de constrinximento ditadas previamente pola tesoureira do Concello da Coruña e remitidas por esta ao Servizo de Recadación da Deputación. Para estes efectos deberá remitirse á Deputación a documentación e o ficheiro informático que acorden as dúas administracións, que conteña a información necesaria para que poida levar a

efecto a xestión obxecto da delegación.

A Deputación da Coruña levará a cabo o desenvolvemento do procedemento de prema en todas as súas fases, de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación, sen prexuízo das especialidades que afecten á normativa específica de tráfico e seguridade viaria e restante normativa de aplicación.

En particular, será competencia da Deputación:

- A tramitación, concesión e posterior seguimento de aprazamentos e/ou fraccionamentos de pagamento.
- Declaración de insolvencia e créditos incobrables.
- A suspensión, nos supostos previstos na normativa de aplicación, do procedemento de constrinximento.
- O desenvolvemento e execución do expediente de constrinximento desde o seu inicio á súa terminación por cobramento, insolvencia ou outros motivos establecidos.
- A práctica de embargos.

Corresponderá á Tesouraría Xeral do Concello da Coruña:

- Ditar e emitir a providencia de constrinximento.
- Resolver os recursos que se presenten contra a providencia de constrinximento.

TERCEIRA.- INFORMACIÓN DA XESTIÓN DA DEPUTACIÓN AO CONCELLO

O Concello da Coruña terá acceso, en tempo real, a través dos usuarios que determine, tanto ao seguimento e control da xestión global realizada por delegación súa, como aos seus expedientes individuais. Disporá para estes efectos de todas as posibilidades de consulta que permita a aplicación de xestión da Deputación, dentro do marco establecido pola lexislación xeral sobre protección de datos e a normativa específica que para o seu cumprimento teña aprobada a propia Deputación.

Adicionalmente e con carácter anual, dentro do mes natural seguinte á finalización de cada exercicio, a Deputación renderá estado demostrativo da xestión realizada no ano con indicación de: cargos recibidos, pendente de cobramento do ano anterior, rectificacións de cargo, cobramentos e baixas, devolucións de ingreso e pendente de cobramento ao ano seguinte.

CUARTA.- TAXA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DELEGADOS

A taxa que aboará o Concello da Coruña pola xestión realizada obxecto de delegación nestas bases, será o equivalente á totalidade da recarga do período executivo que corresponda relativo ás sancións que sexan efectivamente recadadas.

QUINTA.- LIQUIDACIÓN AO CONCELLO DOS INGRESOS RECADADOS

A recadación líquida obtida a favor do Concello da Coruña, liquidarase por trimestres. A de cada trimestre será entregada dentro do trimestre inmediatamente seguinte. Na devandita liquidación descontarase a taxa pola prestación do servizo que corresponda, de acordo co previsto na base anterior.

SEXTA.- VIXENCIA DA DELEGACIÓN

O prazo de vixencia da delegación de competencias regulada nestas Bases será de dez anos contados a partir da entrada en vigor desta.

Non obstante, a devandita delegación poderá rematar en calquera momento, por mutuo acordo das partes.

SÉTIMA.- ACORDOS DE DELEGACIÓN E ACEPTACIÓN

O procedemento para formalizar a delegación na Deputación das competencias e funcións que se detallan nas presentes bases será o seguinte:

1º) Acordo de delegación de competencias e aprobación destas Bases adoptado polo Pleno do Concello.

2º) Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e traslado deste á Deputación, mediante certificación expedida polo secretario xeral do Concello da Coruña.

3º) Acordo adoptado polo Pleno da Deputación, polo que se aproban as bases e acepta a delegación nos termos destas.

4º) Publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeneral coñecemento.

OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR

A entrada en vigor da delegación producirase con efectos desde o primeiro día do mes seguinte á última publicación das previstas na base anterior. Poderá afectar á xestión executiva daquelas sancións anteriores á data de entrada en vigor que, estando en vía executiva, se entreguen á Deputación nun prazo para a prescrición, inferior a seis meses.

NOVENA.- NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO

Habilítase á Presidencia da Deputación para ditar as normas necesarias para o adecuado desenvolvemento das presentes bases e para unha mellor execución das competencias obxecto da delegación".

2º) Aceptar a delegación acordada polo Concello da Coruña, nas condicións establecidas no acordo e nas bases para a delegación, das facultades en materia de recadación executiva das sancións municipais por infraccións da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, da Ordenanza municipal de tráfico e demais normativa vixente de aplicación, así como polas restantes sancións non tributarias, que se teñan instruído polos órganos competentes do Concello da Coruña, que correspondan a infractores domiciliados noutro termo municipal, e que se precisan a continuación:

RELACIÓN DE SANCIÓN S QUE SE INCLÚEN NA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE RECADACIÓN EXECUTIVA DAS SANCIÓN S MUNICIPAIS DERIVADAS DE INFRACCIÓN S DE TRÁFICO E DAS RESTANTES SANCIÓN S NON TRIBUTARIAS, NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

POLICÍA LOCAL

- Sanción s municipais por infracción s que se deduzan da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- Imposición de sanción s por incumprimento de ordenanzas municipais e outras disposición s de carácter xeral (regulación da convivencia e lecer, sanitarias, horarios de apertura e peche de establecementos, etc.)

DISCIPLINA URBANÍSTICA

- *Imposición de multas coercitivas en procedimientos de reposición da legalidade urbanística alterada.*
- *Imposición de sancións en procedimientos de reposición da legalidade urbanística alterada.*
- *Aprobación de liquidacións de execucións subsidiarias, como consecuencia do incumprimento de ordes de execución de obras.*
- *Imposición de sancións por infracción da Lei 9/2013 do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.*

REHABILITACIÓN E VIVENDA

- *Imposición de multas coercitivas para o cumprimento de ordes de execución, consistentes na realización de obras de mantemento e conservación.*
- *Aprobación de liquidacións de execucións subsidiarias, como consecuencia do incumprimento de ordes de execución de obras ou medidas de seguridade.*

MEDIO AMBIENTE

- *Imposición de multas coercitivas para o cumprimento de ordes de execución, derivadas da infracción de normas ambientais.*
- *Aprobación de liquidacións de execucións subsidiarias en expedientes de infracción en materia de xestión de residuos e limpeza viaria.*
- *Imposición de sancións por infraccións á ordenanza de protección contra a contaminación acústica.*
- *Imposición de sancións por infraccións en materia de xestión de residuos e limpeza viaria.*
- *Imposición de sancións por infraccións en materia de tenencia de animais.*
- *Procedementos de reclamación por danos a bens de titularidade municipal.*

3º) Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeral coñecemento.

4º) A aplicación efectiva da base cuarta quedará condicionada á modificación da Ordenanza fiscal número 5 desta Deputación, relativa á taxa pola prestación dos servizos tributarios."

32.- Dación de conta da resolución de presidencia número 16176/2022 pola que se nomea persoal eventual.

Dáse conta da resolución de presidencia número 16176/2022 pola que se nomea persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

INTERVENCIONES

Sr. Lema Suárez

Quería saber que funcións son as que vai desenvolver a persoa que se contrata neste punto.

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas.

Ben, é unha pregunta que xa me fixeron na propia Comisión e resposto o mesmo; é dicir, pois vén formar parte simplemente do equipo que temos como grupo político, como teñen todos os grupos políticos desta Cámara, e vén reforzar o cadro de persoal e ese grupo que temos para asesoramento, que ademais o di a resolución de Presidencia nese sentido.

33.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Deputación provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) para financiar o "programa de educación, capacitación, divulgación e participación ambiental: para unha transición ecolóxica para a anualidade 2022"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xerale Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA, para regular a achega de 150.000,00 € para cofinanciar os "Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental para unha TRANSICIÓN ECOLÓXICA 2022", cun orzamento subvencionado de 187.500,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 % extendendo a súa vixencia ata o 31 de agosto de 2023 e as actividades terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e

abranguerán as datas entre o 1 de xaneiro do 2022 e o 31 de decembro de 2022.

3. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220220000321, da aplicación orzamentaria 0520/17221/46701, do vixente Orzamento Xeral.

4. Aprobar el texto do onvenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA FINANCIAR O “PROGRAMA DE EDUCACIÓN, CAPACITACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL: PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA PARA A ANUALIDADE 2022”

Na Coruña a ... de de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, _____, en representación do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración suscrito o 5 de decembro de 1997 pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data do 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

- * Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información.
- * Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.
- * Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o **“Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental: para unha Transición Ecolóxica 2022”** que a través da Deputación de Coruña pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA (NIF: V15653298) para financiar o **“Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental: para unha Transición Ecolóxica 2022”**, no que se integran as seguintes actividades:

1. Programa de Educación Ambiental para unha Transición Ecolóxica:
 - Emerxencia Climática
 - Lixo Mariño
 - Espazos Naturais Protexidos:
 - P.N. Fragas do Eume
 - P.N. Dunas de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán
 - Reserva Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo:
 - O mar e a costa, recursos valiosos para todos/as
 - A Illa de Sta Cruz, un rico patrimonio natural e histórico
 - Ría do Burgo
 - Soberanía Alimentaria
2. Programa de Capacitación para unha Transición Ecolóxica:
 - Conservación, posta en valor e interpretación temática do patrimonio natural e cultural dos espazos naturais protexidos: Fragas do Eume, Dunas de Corrubedo e Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo
 - Emerxencia climática
 - Cultura oceánica e a problemática do lixo mariño
3. Programa de divulgación ambiental:
 - Inclúense 8 mostras posibles a escoller polas entidades, concellos ou centros educativos:
 - Emerxencia Climática
 - Coidando o noso mar
 - O noso futuro, o noso mundo, a nosa opción
 - Áreas Mariñas Protexidas
 - Patrimonio Marítimo de Galicia
 - Operación Monarca
 - Reservas da Biosfera
 - Cara unha nova Cultura Oceánica
 - Nova exposición sobre o ecosistema da Ría do Burgo e o resto de especies animais e vexetais nela presentes.

4. Programa de asesoramento e documentación ambiental:
 - Préstamo de fondos bibliográficos e asesoramento
 - Maleta Oceánica: Recursos bibliográficos para os niveis educativos de primaria e secundaria
 - Nova Maleta Climática: Recursos bibliográficos para os niveis educativos de primaria e secundaria
5. Elaboración de materiais
6. Plan de comunicación

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
PERSONAL	Director Programa	34.000,00 €
	4 Educador/a ambiental	38.000,00 €
	Documentalista	13.000,00 €
	Administrativa	17.200,00 €
Seguro accidentes e R.C.		800,00 €
Material/servizos (mat.funxible, desprazamentos, asistencia, etc.)		74.700,00 €
Gastos diversos (teléfono, dietas, limpeza, informática, etc.)		9.800,00 €
TOTAL		187.500,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **150.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do

gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

e. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CEIDA terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O CEIDA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
- 2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).
- 3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de agosto de 2023 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

2. Para o caso de que o CEIDA non poda presentar a xustificación antes do 31 de agosto de 2023, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2023. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Polo CEIDA

Asdo:

Asdo:

A Secretaria Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo. "

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

Sra. Secretaria

Moción do Grupo Provincial de Marea Atlántica en apoio ao Sáhara.

1.Moción do Grupo Provincial da Marea Atlántica en apoio ao Sáhara

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o proceso de descolonización do Sáhara Occidental, antiga colonia española da que segue sendo legalmente a potencia administradora e que Marrocos ocupa militarmente desde o 1975, e o estoupido do conflito armado, Galicia foi sempre solidaria coa causa do Sáhara Occidental. Ademais, esta Deputación da Coruña ten tomado tamén posicións de apoio ao pobo saharauí, colaborando entre outras iniciativas co proxecto Emerxencia Alimentaria nos Campamentos de Refuxiados saharauis.

Durante os terribles anos da guerra pero tamén posteriormente, cos acordos de paz, o noso país converteuse nunha sociedade acolledora desde o primeiro momento de milleiros de nenos e nenas saharauís dentro dos programas de vacacións en paz. E no seo desta iniciativa, a nosa provincia, A Coruña, distinguiuse por ser unha das máis activas no que atinxe ao número de menores acollidos.

Por esta razón, a nosa cidade non pode permanecer calada nin indiferente ante o terrible erro do presidente do Goberno no estado español, Pedro Sánchez, de dar cobertura e viabilidade ao plan do Goberno de Marrocos para o Sáhara Occidental, o que supuxo unha mudanza radical da postura histórica do estado español nesta

materia, onde sempre avogara por unha solución ao conflito en liña co marcado nas resolucións da ONU que recoñecen a soberanía política do Sahara Occidental e por tanto reclaman o dereito á súa libre autodeterminación.

Referímonos, entre outras, á resolución 2602, do 29 de outubro de 2021, pola que se acorda reafirmar as resolucións anteriores sobre o Sáhara Occidental, 18 nos últimos 12 anos, no mesmo sentido: o reinicio das conversase entre as partes implicadas, Marrocos, Arxelia, Mauritania e o Sáhara Occidental sobre a base do recoñecemento á libre determinación do pobo saharauí.

Cómpre lembrar, así mesmo, que a ocupación marroquí do territorio saharauí, ademais de supoñer unha violación constante do dereito internacional e dos dereitos humanos, constitúe unha ameaza constante á propia supervivencia e seguridade da poboación saharauí, que se viu obrigado nas últimas décadas a abandonar o seu territorio e a procurar refuxio en terceiros países en condicións de de vida de extrema precariedade, como poñen de manifesto todas as informacións a respecto do campo de refuxiados do Tindouf.

O plan de autonomía para o Sáhara Occidental dentro do Reino de Marrocos ignora que durante os últimos 47 anos as autoridades marroquís reprimiron sistematicamente calquera movemento polos dereitos do pobo saharauí, e que os seus líderes foron encarcerados ou desaparecidos. A 45ª Conferencia EUCOCO de apoio á loita do pobo saharauí celebrada en Las Palmas de Gran Canaria o pasado mes de decembro, posicionouse con contundencia como nas 44 edicións anteriores, a favor do exercicio do dereito inalienable e imprescriptible do pobo saharauí á autodeterminación e á independencia, ademais do dereito dos e das saharauís para vivir no seu territorio ocupado hoxe por Marrocos.

En definitiva, a posición expresada recentemente polo presidente do Goberno de España rompe o consenso internacional expresado polas Nacións Unidas, a Unión Africana, ou o Tribunal de Xustiza Europeo que reiteradamente non recoñeceron ningunha soberanía de Marrocos sobre o Sáhara Occidental.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña adopta os seguintes acordos:

1. Amosar o apoio a resolución do conflito do Sáhara no marco do proceso de descolonización sustentado nas resolucións da ONU, incluído o dereito de autodeterminación do pobo saharauí mediante un referendo.
2. Rexeitar o apoio do Goberno de España ao plan do Reino de Marrocos de autonomía para o Sáhara Occidental, por non dar cumprimento ás resolucións da ONU ao ignorar o dereito á libre determinación do pobo saharauí.
3. Dar traslado desta moción ao Goberno de España, ao Ministerio de Asuntos Exteriores e ao Congreso dos Deputados.

Sr. Lema Suárez

Grazas, presidente.

Dise moitas veces que o ámbito da política exterior non é o dos principios nin o formal das leis por fermosas que estas sexan, senón que é o ámbito da correlación de forzas e, polo tanto, do realismo político.

É curioso, porque a secuencia de acontecementos que diferenza a actitude do Estado español respecto do conflito en Ucraína e a actitude do Estado español respecto da actitude sobre o Sáhara Occidental, dalgunha maneira expón que non existe unha coherencia no ámbito das relacións das políticas nacionais no que acabamos de dicir, porque ás veces, no caso ucraíno, invócanse, con toda a razón, principios de legalidade internacional, de soberanía nacional, e unha soberanía nacional que, sen dúbida, é a que posúe o pobo ucraíno que emana dun principio anterior a este, que é o da autodeterminación dos pobos, feita e levada a efecto no ano 92 cun referendo onde o pobo ucraíno decidiu e votou a favor da súa independencia. Entón o Estado español creo que, con razón, apoia o pobo ucraíno na súa loita pola súa propia independencia, outra cousa é o que opinemos sobre cuestións secundarias respecto do envío de armas a unha zona en conflito, pero resulta que estas invocacións a estes principios de legalidade internacional non se aplican ao caso marroquí, perdón, ao caso sahariano, un pobo co que o Estado español ten relacións de responsabilidade histórica evidentes. Aquí invócase o principio de realismo político, de intentar pacificar a relación cun veciño poderoso, como é Marrocos, que dispón de armas de extorsión, como son a emigración, o feito de que eles sexan capaces de empregar a súa propia poboación civil como unha ferramenta, como un escudo humano, ou como munición humana, na súa relación co Estado español, vímolos recentemente en Ceuta.

E ante este Estado que é capaz de tratar, que é unha monarquía, que é capaz de tratar a súa propia poboación deste xeito inhumano, o que fai o Estado español é invocar o principio de realismo político, de *real politik*, e polo tanto ceder ás presións da monarquía alauita e ás súas aspiracións de conquista e ocupación do territorio do Sáhara, onde existe un pobo, que é o pobo saharauí, que leva 47 anos loitando pola súa independencia, fronte ao que non podemos máis que describir que as ansias imperialistas da monarquía marroquí. O Estado español historicamente defendeu unha posición de adhesión á legalidade internacional que representan as continuas resolucións da ONU sobre o conflito saharauí, a última que data do ano pasado, do ano 2021, na que basicamente se di que debe recoñecérselle ese principio universal de dereito á autodeterminación e sobre a base, sobre esa base despois actuar conforme o resultado. É dicir, soberanía e independencia en caso de que esa votación así o escolla ou non, polo tanto, si, outro tipo de relación co Estado marroquí.

Ben, eu non vou aquí entrar nas cuestións de fondo que motivan que o Estado, o Goberno español, cambie a súa relación respecto do status do Sáhara Occidental, ceda ás presións da monarquía alauita, da monarquía marroquí. O que si penso é que tamén desde o punto de vista do realismo político que aquí se invoca cando se razoa, se argumenta a favor nesta cesión, eu tampouco penso que sexa desde o punto de vista realista unha boa decisión. Eu penso, estou seguro de que dentro de catro ou cinco anos volveremos ver as mesmas operacións, que xa o Estado marroquí comprobou que funcionan, respecto do uso da súa propia poboación civil como ferramenta de presión política sobre o Estado español. Eu, a verdade, sospeito que, máis pronto que tarde, volveremos ver estas mesmas prácticas, porque os compromisos, desde logo, non apuntan a que se vaian manter, senón que, ao

contrario, penso que, ante esta mostra de eficacia desas ferramentas de presión, van ser empregadas novamente no futuro, ou iso é o que eu sospeito, a verdade é que me gustaría estar equivocado.

Ben, nós pensamos que temos que aplicar sempre o mesmo principio en todos os contextos posibles, o principio de respecto á legalidade internacional, e o principio de respecto á autodeterminación, e o principio de respecto á soberanía dos pobos, tamén, por suposto, no caso do pobo saharauí.

Por iso, despois de expoñer brevemente os motivos históricos que lle confiren ao Estado español un plus de responsabilidade coa cuestión saharauí, propoñemos a adopción dos seguintes acordos, que son tres:

Amosar o apoio á resolución do conflito do Sáhara no marco do proceso de descolonización sustentado nas resolucións da ONU, incluído o dereito de autodeterminación do pobo saharauí mediante un referendo.

Segundo: Rexeitar o apoio do Goberno de España ao plan do Reino de Marrocos de autonomía para o Sáhara Occidental, por non dar cumprimento ás resolucións da ONU e ignorar o dereito á libre determinación do pobo saharauí.

E, por último, dar traslado desta moción ao Goberno de España, ao Ministerio de Asuntos Exteriores e ao Congreso dos Deputados.

Dicir que hai unha proposta de emenda a esta moción presentada polo Grupo Popular, que exclúe o principio de autodeterminación nas súas resolucións e que, por tanto, non podemos aceptar.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día. Eu vou ser breve na miña intervención.

Consideramos que o Estado español ten unha débeda histórica co pobo saharauí, unha débeda no plano ético e tamén moral. Son numerosas, efectivamente, as resolucións no ámbito internacional que indican que o camiño que se vai seguir é promover que o pobo saharauí poida acadar esa situación de libre determinación tomando as decisións sobre o seu destino como pobo, pero tamén acadando a soberanía necesaria para decidir sobre os recursos do seu territorio. Esta decisión, este cambio de rumbo do Goberno español, parece que se alonxa desta realidade, o que vén supoñer, efectivamente, deixar de lado ese deber histórico con este pobo e, dalgún xeito, entrar nunha nova traizón.

Daquela, nós coincidimos coa exposición de motivos, e tamén coa parte resolutiva da moción, e o que nos gustaría é que se reconducise, que se reflexionase acerca desta decisión, e que se encamiñase o proceso da decisión política cara á defensa dos dereitos do pobo saharauí, e non pregarse a unha política de chantaxe na que se están vulnerando, de xeito sistemático, os dereitos humanos do pobo saharauí, pero que tamén do pobo marroquí.

E tamén aproveitar para dicir que en política os dereitos humanos si deberían ser unha liña vermella que nunca ningún grupo nos deberíamos de permitir cruzar.

Máis nada.

Sr. Vicepresidente

A emenda non se acepta por parte do grupo propoñente.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi ben, bo día a todos e a todas.

E nós estabamos un pouco á espera de se se aceptaba ou non esa emenda, porque a emenda poderíamos chegar a aceptala e votala favorablemente, pero non así a moción. Entre outras cuestións porque é verdade que, quixera empezar por outra, por unha pequena reflexión, e é que aos distintos grupos, non a este grupo que represento, pero aos distintos grupos desta Corporación témoslles escoitado en moitas ocasións falar e queixarse, cando non lles gustan, que traemos mocións ao Pleno que non teñen nada que ver coa Deputación Provincial da Coruña. Ben, penso que hoxe é outro exemplo máis, con este e con algunha outra moción que se trae, de cuestións sobre as que esta Deputación non ten competencia. Nós non o criticamos, pero algún dos grupos que propoñen mocións si o acostuman facer habitualmente. Polo tanto, é importante que a partir de agora, no sucesivo, evitemos facer ese tipo de críticas cando algún grupo trae unha moción dun tema que nos poida gustar máis ou menos ou interesar máis ou menos, para evitar ser nese aspecto pouco rigorosos coa actuación de cada un de nós. Polo tanto, a partir de agora entendo que non escoitarei a ningún voceiro de ningún grupo queixarse por que veña unha moción dun asunto que non teña que ver coa Deputación, ou sobre a que esta Deputación non teña competencias. Iso quería dicir en primeiro lugar.

En segundo lugar, comezaba o voceiro da Marea, do grupo propoñente desta moción, a súa intervención comparando a situación de Ucraína coa do Sáhara, e penso que a situación do Sáhara non é boa, é unha situación cunhas características concretas, pero en ningún caso se pode comparar coa situación que se está a vivir en Ucraína a día de hoxe. É verdade que pode haber algunhas similitudes nalgúns aspectos, que poderíamos analizar pero, en todo caso, aínda que entendo que o argumento está traído para poñernos un pouco en actualidade e intentar arrimar un pouco a parte dos sentimentos a esta proposta de acordo, pero non ten nada que ver a situación de Ucraína coa do Sáhara.

É importante remarcar que na carta remitida polo presidente do Goberno ao rei de Marrocos se fala do marco das Nacións Unidas, e se fala de que a solución estea sempre amparada no marco das Nacións Unidas. Non sei se iso saía en moitos medios de comunicación ou en poucos medios de comunicación, se é unha referencia que fixeron, referencia, valla a redundancia, algúns grupos políticos, moitos ou poucos, pero en todo caso na carta, da que teño copia aquí, remitida polo presidente do Goberno ao rei Mohamed VI, fálase no marco das Nacións Unidas. Recoñece a importancia que ten a cuestión do Sáhara Occidental para Marrocos e os esforzos serios, cribles, de Marrocos no marco das Nacións Unidas para encontrar unha solución mutuamente aceptable.

Hai outra cuestión que é importante tamén deixar en evidencia, que é que a situación do Sáhara leva, con todo o que se veu facendo ata o de agora, se é que a postura mudou tanto con respecto ao que se viña facendo, algo que despois matizarei, tampouco achegou gran cousa á resolución do problema, porque levamos practicamente 50 anos case nunha situación que está totalmente enquistada entre ambas as dúas partes, sen que os distintos gobernos cunhas actitudes máis favorables, máis belixerantes, máis diplomáticas ou menos, en cada un dos seus momentos históricos conseguiran desatascar esta situación. Por tanto, esa é unha realidade que todos e todas teremos que asumir e, en tal caso, teremos que analizar para intentar buscar solucións alternativas a esas políticas que se viñeron deseñando ao longo destes últimos anos e que non deron os seus froitos, porque entendo que o último que perseguimos todos e todas non é ter o Sáhara na situación na que está actualmente, na que imos alí e facemos axuda humanitaria, e colaboramos con eles e etcétera, etcétera, senón que o que se busca é unha resolución do conflito, que ata o de agora, como digo, non chegou coas distintas políticas que se puxeron en marcha. Polo tanto, todos e todas deberemos asumir o noso fracaso a ese respecto en canto a non poder atopar unha solución a este conflito.

Polo tanto, estas son dúas cuestións que sería importante ter en conta. Unha delas é que o presidente do Goberno de España se refire a esta situación e á súa resolución dentro do marco das Nacións Unidas, polo tanto dentro da legalidade internacional, que é o mesmo criterio que están aplicando no caso de Ucraína e en outros moitos casos ao longo destes últimos anos.

E despois xa entrando un pouco máis en materia sobre esta proposta ou este xiro, que se afirma por parte dalgúns grupos políticos, dado polo Goberno de España, esta é unha cuestión que xa o propio Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero tiña sobre a mesa, non é algo novo; algo que xa se abordou no seu momento, non é algo que acabe de aparecer agora despois dun xiro radical das políticas con respecto ao Sáhara por parte deste Goberno, senón que xa houbo gobernos precedentes que tiveron unha visión similar.

De feito, o propio Partido Popular, cóstanos, e entendo que de aí tamén viña a emenda presentada, que entendían que esta fórmula adoptada non é a peor das opcións, aínda que entendo que por motivos de estratexia política pois, loxicamente, aproveiten para zurrarlle ao Goberno. Pero, en todo caso, esa emenda presentada vai un pouco na liña de descafeinar ou temperar un pouco o acordo desta moción, entendendo, e dígoo con total honestidade, que dende un principio de responsabilidade tentan que se chegue a unha solución a este conflito.

Polo tanto, nós en todo caso non podemos respaldar esta moción; teríámolo feito se se tivesen aceptado as emendas presentadas neste caso polo Partido Popular e, polo tanto, ese vai ser o noso voto.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día a todos.

En primeiro lugar, agradecer ao voceiro do Grupo Socialista que, aínda que non poida expresalo a través do voto, porque a emenda foi rexeitada, evidentemente o apoio que manifesta ao que se pretendía trasladar a través dela. É certo que quizais non é precisamente este un asunto que poidamos entender que sexa da competencia da Deputación pero, ben, visto o visto, ao mellor non sería tan mala idea que as relacións exteriores, polo menos neste ámbito, foran cousa desta Deputación polo que acaba de expresar o voceiro do Grupo Socialista.

En canto á moción en si, pois volvemos debater sobre o Sáhara apenas un ano e medio despois de facelo por última vez. Eu recoñezolle ao señor Lema hoxe o exercicio de equilibrismo, é complicado, pero, ben, volve a pecar de modesto, é dicir, porque realmente vostede mencionaba na súa intervención que reclamaba certa coherencia no ámbito do Goberno entre a postura que está a ter respecto de Ucraína e respecto do Sáhara, e que parece que, segundo vostedes pensan, son contraditorias. Porén, ambas as dúas posturas teñen unha cousa en común: que é que Podemos, a súa parte, a súa cota no Goberno, está en contra das dúas, o cal parece un pouco complicado. Se vostede mesmo di que defende unha cousa e logo a outra, pero vostedes están en contra de ambas as dúas.

E, insisto, eu sei que vostede vén aquí con humildade, pero non sexa tan humilde, vostedes gobernan, vostedes forman parte dese Goberno. É certo que cada vez poñen máis difícil identificar a que cota corresponden dentro dese Goberno pero, ben, agora teñen aí un caixón de xastre, un novo concepto xurídico indeterminado que se denomina o espazo que representa Yolanda Díaz. Eu entendo que aí vostedes seguramente poderán encontrar cabida e terán algún teléfono ao que poder chamar para intentar poñer coherencia.

A partir de aquí, todo o que nós poidamos dicir pois si que imos intentar que dentro dese desatino que a nós nos parece que é traer á Deputación da Coruña un debate que non só forma parte da axenda estatal, senón que ademais é un debate dentro do propio Goberno do que vostedes están a formar parte, pois nós imos manter a mesma postura que mantivemos no seu día. É dicir, nós pensamos que o que hai que facer é evidentemente apoiar, e así o apoiamos, e estou repetindo literalmente as mesmas verbas que dixen hai un ano e medio: “Una solución política justa, duradera y mutuamente aceptable que permita la libre autodeterminación del Sáhara Occidental en el marco de los principios ya establecidos por las Naciones Unidas. Rechazamos cualquier iniciativa que pueda alterar esos acuerdos adoptados ya en el año 1991, y pedimos e instamos a las partes a retomar el proceso negociador de cara a avanzar hacia esa solución”.

Claro, en aquel momento tampoco pudimos apoiarlo. Yo le anticipo que hoy tampoco le vamos a poder apoyar la moción, ¿por qué? Porque aunque, como usted también reconocía, estamos de acuerdo en lo fundamental, y hoy volvemos a estar de acuerdo en lo fundamental, como ahora expondré, pues evidentemente ustedes van más allá y en sus acuerdos exceden del ámbito, dese ámbito que desde hace casi medio siglo está acordado y al que estaba unido no solo la comunidad internacional sino el propio Gobierno de España, para que la solución a este conflicto, evidentemente enquistado, se haga dentro de ese marco negociador establecido por la ONU.

Pero claro, evidentemente, en lo esencial estamos de acuerdo; lo esencial

¿qué es? Bueno, pues que para este tipo de situaciones y la política exterior en general lo que se requiere es una política seria, previsible, fiable, sólida, en definitiva, coherente. Y el giro político dado hace un mes y medio, iba a decir por el Gobierno, pero realmente fue por el presidente Sánchez, porque hay al menos un tercio de su gobierno que abiertamente se ha manifestado en contra de ese giro. Bueno, pues evidentemente pensamos que en una cuestión tan fundamental y sensible para la política exterior española pues no es recomendable, y en eso coincidimos, ese giro además que rompe unilateralmente, yo incluso diría unipersonalmente, porque hasta el propio ministro de Exteriores tampoco se enteró, o se enteró como el resto de los mortales a través de la prensa, por la publicación de esa carta por parte de Marruecos, pues rompe con 47 años en los cuales siempre este tipo de cuestiones habían sido previamente debatidas en las Cortes Generales o en el propio Consejo de Ministros.

En este sentido es cierto que los ministros cercanos a la idea que ustedes representan, los ministros de Podemos, pues se han opuesto, pero ojo, lo justito, siguen sentados en sus sillones y sin rechistar demasiado, que tampoco nos vamos ahora a poner muy farrucos por una cuestión de esta trascendencia. Sobre todo, además, una cuestión en la que este volantazo geopolítico sin estos apoyos nos ha puesto en un brete en una relación con otro socio, en este caso energético, que es Argelia, que hace un mes y medio, no nos olvidemos, que retiró su embajador y todavía no ha vuelto; que esta misma semana por unas declaraciones inoportunas del ministro Albares también nos ha señalado como el único país con el que parece que está dispuesto a revisar su política de precios energéticos; y ayer mismo, siguiendo esta escalada sin freno, pues ni más ni menos que amenazaba con considerar un incumplimiento de contrato cualquier suministro que, ahora que ha anunciado el Gobierno que va recuperar el gaseoducto en doble vía, pues cualquier gas procedente de Argelia que pueda acabar en Marruecos será considerado como un incumplimiento de contrato. Por lo tanto, al final hasta puede que este coste, que hasta ahora era político, vaya a ser un coste real que vaya contra los bolsillos de los ciudadanos.

Pero, bueno, el caso es que, evidentemente, coincidimos en esta situación tan fundamental, lo único que sabemos es que ha habido un cambio sin precedentes muy grave, en principio para recuperar las relaciones diplomáticas de cooperación con Marruecos, pero que han puesto en peligro o pueden sacrificar otras relaciones igualmente importantes para España desde el punto de vista geopolítico.

Y entonces, estando de acuerdo en lo sustancial, ¿por qué no podemos apoyar esta moción? Pues, mire, porque el acuerdo primero que usted propone es un acuerdo que, evidentemente, apoya la resolución del conflicto del Sáhara en el marco del proceso de descolonización sustentado en las resoluciones de la ONU, incluido el derecho de autodeterminación del pobo saharauí mediante un referendo. A ver, é que a solución á que fai referencia, que se está a tratar no marco da ONU fala dunha solución política e acordada entre as partes, pero non fala de que se teña que tomar anticipadamente partido por unha das posibles solucións, que é o que vostede pretende facer, como xa pretendeu facer tamén na anterior moción a través disto. Busca un acordo, pero logo introduce cousas que van máis aló do acordo que vostede pretende acadar.

O acordo dous: insta o Goberno de España ao seu rexeitamento ao Plan do Reino de Marrocos por non dar cumprimento ás resolucións ou ignorar o dereito á

libre determinación. Ben, a ver, é que volvemos ao mesmo, é que vostede está solicitando adherirse a un acordo ao mesmo tempo que o acordo que propón nega ese acordo, tomando nota da proposta marroquí presentada ao secretario xeral o 11 de abril de 2007 e acollendo o beneplácito dos esforzos serios e cribles de Marrocos por facer ou avanzar cara a unha solución tomando nota tamén da proposta presentada ao secretario xeral da ONU pola Fronte Polisaria no ano 2007. É dicir, aí é onde hai que ir, pero non tomando partido.

E, por último, no acordo 3 tampouco podemos estar a favor dese acordo porque na última parte do acordo vostede fai referencia á República Árabe Saharaí Democrática, que non é que non estea recoñecida polo noso Estado, é que non está recoñecida pola UE; polo tanto, introducila daquela maneira tamén nese acordo, en fin... Por iso, a nosa emenda, porque era unha emenda que pretendía salvar o fundamental, que é evidentemente a necesidade de seguir avanzando no marco do diálogo; criticar este cambio unilateral de posicionamento que realmente é moi grave, pero manténdonos dentro do que todos parece que en principio, ou no formal, estamos de acordo aínda que logo no fondo dos acordos que se propoñen non é así, que é ese marco de acordo dentro das Nacións Unidas.

Polo tanto, anunciamos que votaremos en contra e reiteramos o noso agradecemento a que, de ter sido posible votar a emenda, esta fose contar co apoio maioritario da Corporación.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Si, moitas grazas.

É difícil saber por onde empezar. Respecto da pertinencia ou non de debater aquí estas cuestións, eu cando se trouxeron a debate a este mesmo Pleno cuestións referidas a Venezuela ou a Cuba, eu nunca protestei, paréceme normal. Esta é unha cámara de representación política da provincia da Coruña, máis dun millón de persoas teñen aquí o seu órgano de representación, e paréceme normal que se debata de todo. Non presupño que quen trae aquí este tipo de debates de política internacional o faga con mala intención, faino porque quere marcar unha posición política ideolóxica, e eu creo que podo dispoñer sempre de ferramentas e de principios para combater esas posicións desde as miñas, partindo da base de que existe dereito lexítimo á diferenciación política.

Entón, coa mesma lexitimidade con que aquí se teñen traído outro tipo de debates sobre política exterior, que a min me podían parecer mellor, máis oportunos ou menos, pois traemos aquí estoutro que, por certo, se atendemos ás consecuencias que tivo historicamente para esta provincia, eu diría que o peche do banco de pesca canario sahariano tivo enormes consecuencias, e poden vostedes preguntarlles aos mariñeiros veteranos na zona da Costa da Morte, de Camariñas, de Muxía, de Fisterra e de Boiro que consecuencias tivo para eles o peche do banco canario sahariano. Entón, claro que ten consecuencias directas, desde logo moitas máis que outros debates deste estilo que se teñen traído aquí, nomeadamente cuestións que teñen que ver cos demos por excelencia que son Venezuela e Cuba.

Outro tipo de argumentos que se teñen exposto aquí sobre se isto ten ou non algún tipo de analogía con outras actuacións do Estado español recentes en política exterior. E non digo que o caso ucraíno e o sahariano sexan idénticos, que non o son, desde logo. Eu o que digo é que se invoca nun dos casos principios de legalidade internacional, soberanía dos pobos, soberanía que emana, por certo, do dereito de autodeterminación, ou sexa que están intimamente relacionadas, pero que aquí se invoca outro principio, que é o principio de realismo político, que acaba de expoñer o voceiro do Partido Socialista para este caso, acaba de expoñer dúbidas sobre se desde o punto de vista da conveniencia, que é do que estamos falando, a futuro isto vai ser ou non bo para os intereses do Estado español cando pode implicar un aumento do prezo do gas alxeriano, eu engado outras, pero esa é unha que expoñer, que eu por certo non é que concorde, é que o que di a realidade é que é así, ou sexa que tivo consecuencias inmediatas no empeoramento das relacións do Estado español con Alxeria, do que depende a súa provisión dun elemento esencial como é o gas. Pero, ben, non vou entrar neste tipo de debates, senón dicir que eu sospeito que o problema de fondo aquí é que a motivación desta cuestión vén derivada do dereito á autodeterminación dos pobos. Eu creo que isto dá problemas, tanto para o Partido Socialista como para o Partido Popular, claro, claro que dá problemas, porque tamén, para que nos imos enganar, ten consecuencias tamén na propia política doméstica española, recoñecer fóra das súas fronteiras o dereito de autodeterminación e non facelo dentro das súas fronteiras pode ser un problema. Entón, eu creo que imos ser todos uns pouco francos e dicir que finalmente o dereito de autodeterminación é un problema. Agora ben, iso non quita que o Estado español noutros casos, por suposto, teña apoiado o dereito de autodeterminación, cando era necesario desintegrar, participar da desintegración da antiga Iugoslavia, claro que se ten feito. Se era necesario enviar avións da OTAN a bombardear Belgrado, tamén se ten feito, porque era a forma de favorecer que así se independizase Kosovo. Ben, non imos ir aquí agora á Primeira Guerra Mundial, non imos retrotraernos tanto, pero eu debo dicir que sospeito que o único problema é que talvez o principio democrático, que é o principio de autodeterminación, que non presupón cal vai ser o resultado da consulta, senón que di que hai que preguntar, non di que se estea pola independencia, senón que hai que preguntar, é o trámite anterior en tal caso é o que dá problemas. Entón, a verdade sospeito que iso máis ben é o que molesta, esa palabra sagrada e complexa que, por certo o señor Woodrow Wilson, fundador da Sociedade de Nacións, foi o que a puxo sobre a mesa no seu momento, pero quero dicir tampouco se trata aquí dunha cuestión de facer alarde ou non de coñecementos históricos. Quero dicir que creo que sospeito que o pequeno problema é co dereito de autodeterminación porque pode ter, por analogía, consecuencias tamén para a política doméstica.

Lamento que non se apoie a moción.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, brevemente.

Primeiro, eu non falei do gas, imaxino que te equivocaría, Alberto, e te referirías, como dixeches voceiro do Partido Socialista, non a min. É curioso tamén que ao final a argumentación sexa o PP e o PSOE non queren..., reducir todo a que é un problema de autodeterminación que non aceptamos en España e si fóra. E é

curioso que máis alá diso e da miña intervención e da túa intervención non fales da solución ao problema. É dicir, as políticas que se foron implementando ao longo dos últimos anos con respecto ao Sáhara solucionaron o problema? Si ou non? Non. Levamos case 50 anos enquistados. Polo tanto, coas distintas posturas que adoptaron os distintos gobernos que houbo ao longo da historia de España, incluso naquel momento cando se fixo a Marcha Verde sobre o Sáhara e demais, non cambiaron en absoluto a situación. Estamos no mesmo punto de partida no que estabamos. Polo tanto, está claro que as políticas adoptadas, máis alá de que nos pareza máis xusto ou non a cuestión da autodeterminación, fracasaron totalmente.

Dá a impresión de que ao final aquilo de que nos acusas aos que estamos, ao meu grupo neste caso e ao Grupo do Partido Popular, que se defenderá, pero neste caso ao meu grupo, é que precisamente daquilo que é a principal defensa do noso grupo, que é centrar isto nunha cuestión de autodeterminación, cunha visión dende o meu punto de vista demasiado buenista ou simplista das relacións internacionais e da propia historia. É dicir, as relacións internacionais entre os países non é só unha cuestión de dous máis dous, catro, nin dous máis tres, cinco, é moito máis complexo que iso. Non só son cuestións relacionadas con intereses económicos, hai outros moitos tamén, pero eses tamén, teñen repercusións no noso país.

É dicir, é verdade que antes comentabas que a postura ás veces marroquí co tema da emigración, de permitir eses saltos na valado, os problemas que tivemos no seu momento co caladoiro, e xa non falemos da invasión “al alba” que dicía o señor Trillo de Perejil na súa época, etcétera, etcétera, ben pois efectivamente ten unhas consecuencias para este país, económicas, sociais e de todo tipo que tamén hai que analizar á hora de tomar esas decisións. Polo tanto, penso que estas decisións, e as que puideron tomar os gobernos con anterioridade, estaban baseadas en todos eses elementos que interfieren. Non é unha cuestión neste caso máis romántica de “el derecho de los pueblos a la autodeterminación” ou unha vez máis esa pequena manipulación que fas da historia comparando a situación de Iugoslavia e o dereito á autodeterminación daqueles pobos con esta porque historicamente Iugoslavia como tal non existía.

É dicir, podemos analizar as cousas con certo rigor histórico e sería importante. Cal é a historia do Sáhara, a historia de Marrocos, podemos falar da historia de Ucraína anterior á Primeira Guerra Mundial, que é cando se independiza da Rusia imperialista ou zarista, no ano 17, pero tamén anterior a esa época. Podemos falar da situación dos Balcáns, anterior tamén a esa Primeira Guerra Mundial, de como se constrúe un estado artificial, etcétera, etcétera, coas diferenzas de relixión... Por tanto, traer ese tipo de argumentos, que están moi ben porque no imaxinario común entran fácil sen chegar a unha reflexión máis profunda, penso que achegan pouco ao debate, porque non é comparable ningunha das situacións que puxeches sobre a mesa coa situación do Sáhara e de Marrocos; nin sequera, se o queremos traer ao noso país, coa situación vivida recentemente en Cataluña co procés.

Polo tanto, penso que temos que ser máis rigorosos ao analizar este tipo de cuestións, e loxicamente hai que analizar as consecuencias que teñen. Non podemos andar polo mundo pensando que as decisións que tomamos en materia de política exterior se basean só nunha cuestión, pois iso, unha visión un pouco máis romántica das cousas, teñen consecuencias. Quere dicir isto que teñamos que actuar sempre

cun pragmatismo extremo no que só velemos polos intereses do noso país sen ter en conta as liberdades doutros estados ou doutros territorios? Non, non ten que ver con iso. Agora, hai unha cuestión, e volvo a como comecei e xa remato, que ten que ver coa resolución a este problema, que é o que todos e todos perseguimos; dende logo esta moción non aporta nada para a resolución deste problema, as políticas que se foron aplicando ata o día de hoxe tampouco aportan nada para a resolución deste problema. Por tanto, todos e todas temos que facer unha reflexión e empezar a dar porque, dende logo a situación non se vai arranxar con dicir este ten máis razón, o outro ten máis razón, se isto se o outro, non imos chegar a un acordo a ese respecto.

E, sobre o que dicía o representante do Partido Popular das consecuencias en materia enerxética, o presidente de Alxeria xa saíu a dicir que non vai ter consecuencias. O mércores o ministro de Enerxía de Alxeria si que saíu a dicir que, se con ese gasoduto que se acababa de utilizar Marrocos ía adquirir ou ía chegar a Marrocos gas alxeriano, podía contemplar que iso suporía un incumprimento do contrato. O Goberno de España xa aclarou que non vai ser así. O que se permite é que se autoriza ese gasoduto para que Marrocos compre no mercado internacional o gas que considere oportuno, o traslade ás plantas regasificadoras españolas e a partir de aí vaia para Marrocos, pero en ningún caso o Goberno do Estado español venderá ou trasladará gas comprado en Alxeria ao Goberno marroquí. Polo tanto, como esa premisa se cumpre, o presidente do Goberno de Alxeria xa dixo que non vai afectar, en contra do que a moitos lles gustaría, porque estou convencido de que neste país a moita xente lle gustaría que Alxeria ao día seguinte saíse a dicir que cortaban a subministración de gas a España e que este Goberno é o peor do mundo etcétera, etcétera. Pero en todo caso eu penso que hai cuestións e motivacións que teñen que ver tamén coa enerxía na toma desta decisión e, polo tanto, creo que é un debate, como empecei a miña intervención, que se nos escapa a todos e a todas porque sabemos da complexidade que teñen as relacións internacionais entre os distintos estados.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Vicepresidente

Grazas pola brevidade.

Sr. Rodríguez Martínez

Eu si vou intentar ser breve.

Imos ver, simplemente dúas cousas. É dicir, a primeira, desmentir esa presunta alerxia que parece que o señor Lema lle imputa ao Partido Popular respecto da palabra libre autodeterminación, non. Vouno ler outra vez literalmente: “Desde el Partido Popular apoyamos una solución política justa, duradera y mutuamente aceptable que permita la libre autodeterminación del pueblo del Sáhara Occidental en el marco de los principios ya establecidos por las Naciones Unidas”, chispúm! É que non hai máis, señor Lema. É dicir, claro que o apoiamos. O problema é cando vostede quere facer algo moi galego como é mover o marco. É dicir, sácao do ámbito das Nacións Unidas. Entón aí é onde se ten que resolver.

Pero paréceme aínda máis grave, e aí sen estenderme pero incidindo na chamada ao rigor que fixo o voceiro do Grupo Socialista, claro, é que a cuestión da

libre determinación dos pobos, evidentemente, é un principio fundamental do dereito internacional, non do dereito nacional español, nin da propia Constitución española. Pero é que vou máis alá: é que a libre determinación dos pobos está recoñecida aos pobos sometidos a dominación colonial. É dicir, como pode vostede vir aquí a mencionar outro tipo de situacións, máis concretamente dentro do territorio nacional, é dicir, non é o caso. Eu penso que por aí non debemos ir. Por iso a nosa emenda, por iso a nosa insistencia en quedar dentro do marco que xa está prefixado desde hai tempo, que evidentemente hai que impulsalo e hai que dar un pulo por parte de todos para que poida desenvolverse, pero nese marco que xa está prefixado porque é unha cuestión que teñen que decidir evidentemente nese ámbito.

Por último, sobre as consecuencias con Alxeria, quedo máis tranquilo, señor Fernández, porque así, a simple vista, parece que hai que confiar máis na palabra do presidente de Alxeria que na palabra do presidente de España. E, polo tanto, imos quedar co positivo a ver se é verdade que non ten ningún tipo de consecuencia.

O do gas? Sobre o papel é moi fácil, pero xa se está vendo que non é tan sinxelo que haxa unha trazabilidade sobre o gas natural licuado que vaia ir a través dese gasoduto a Marrocos. Esperemos que niso poidamos estar un pouco máis atinados e que non haxa maiores consecuencias das que agora mesmo xa estamos padecendo por ese erro en política exterior unilateral por parte do presidente do Goberno.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Vicepresidente

Señor Lema, se quere pechar o debate.

A min, simplemente, sen ánimo de reabrir, non estamos igual que no 74. No 74 as persoas saharauís que residían no Estado español tiñan unha nacionalidade e era a española; a día de hoxe non encaixan en ningunha das 21 fórmulas de nacionalidade ou de residencia que hai no Estado español, o que representa un problema para as persoas.

E tamén lembrar que a ONU, dentro dos 17 espazos mundiais que faltan por descolonizar, inclúe o Sáhara.

VOTACIÓN

Votan a favor: 6 deputados/as (4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 23 deputados/as (14 do PP e 9 do PSOE)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Sra. Secretaria

A seguinte moción da orde do día foi retirada polo grupo propoñente, e a seguinte é a moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña para habilitar unha liña de axudas dirixidas aos concellos da provincia destinadas a sufragar o aumento do gasto da enerxía eléctrica e os hidrocarburos.

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para habilitar unha liña de axudas dirixidas aos concellos da provincia destinada a sufragar o aumento do gasto de enerxía eléctrica e os hidrocarburos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente a economía global está inmersa nunha crise económica e financeira que afecta de maneira xeneralizada a todos os axentes económicos. No caso das administracións públicas locais, a crise reduciu os ingresos dos municipios e incrementou os custos aos que teñen que facer fronte, polo que os xestores públicos deben buscar novas medidas e ferramentas para atender a estas especiais circunstancias.

Os prezos escalan ao 9,9 % en abril, é o pico máis elevado desde maio de 1985: a electricidade dispárase un 107,8% e os combustibles soben un 83%.

Este escenario tradúcese nunha dobre factura para as arcas municipais, e aos nosos Concellos non queda máis remedio que asumir o elevado custo da enerxía e, ao mesmo tempo, o encarecemento que se traslada a outros bens e servizos, como os hidrocarburos.

En comparación con abril de 2021, disparáronse a electricidade (107,8%), os combustibles líquidos (83%), os hidrocarburos licuados como o butano ou o propano case o 40%.

Aínda que o conflito en Ucraína, as sancións a Rusia e a crise enerxética que se sofre en Europa recruarán aínda máis as tensións inflacionistas, "chove sobre mollado no noso país". Co dato confirmado deste mes, o IPC interanual suma a súa décimo quinta taxa positiva consecutiva tras meses de incrementos nos prezos do gas e da electricidade.

Por iso, a escalada do prezo da electricidade e dos hidrocarburos convertéronse nunha enorme dor de cabeza para boa parte dos nosos Concellos.

Nalgúns casos, prepáranse e adiántanse a un posible encarecemento da subministración da enerxía nas súas propias facturas dos edificios municipais, xa que na súa maioría están obrigados a ampliar, a mediados de ano, as partidas orzamentarias destinadas a subministracións enerxéticas, coa incorporación de "créditos ou suplementos de créditos", para poder garantir o gas e a luz nos seus centros e instalacións dependentes dos mesmos, porque terán que aprobar modificacións orzamentarias para afrontar estes excesos, sen descartar novas medidas ao cambiar aínda máis o contexto xeral no último mes, e todo iso, "en detrimento de poder atender a novas necesidades sociais dirixidas aos seus veciños e veciñas".

Por todo iso, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte,

ACORDO:

Habilitar unha liña de axudas dirixidas aos Concellos da Provincia destinada a sufragar o aumento do gasto de enerxía eléctrica e hidrocarburos.

Sr. Vicepresidente

Antes de proceder ao debate, tamén para información de todos e de todas as deputadas e deputados, gustaríame trasladar o que falamos na Xunta de Portavoces. Na Xunta de Portavoces o Partido Popular trasladou con moita preocupación, unha preocupación ademais que asumimos todos os grupos que estamos representados, que somos a totalidade dos que temos representación neste salón de plenos, dúas posibilidades: unha posibilidade relacionada co custo dos contratos dos proxectos do POS por parte dos concellos e a posibilidade de ampliar prazos para a revisión de prezos dos propios proxectos, unha cuestión que se trasladou ao Servizo Técnico e que viamos con moitísimas dificultades a nivel de tramitación, e que non ían solucionar grandes problemas; e tamén se trasladou a presente moción, a posibilidade de implementar unha liña de axudas ou de subvencións para facerlle fronte ao sobrecusto dos servizos enerxéticos que teñen os concellos.

Trasladouse nesa Xunta de Portavoces por parte da Presidencia que sería inxusto que concellos que investiron moitos esforzos económicos en mellorar a eficiencia enerxética tiveran unha liña dedicada exclusivamente á mellora da eficiencia... perdón, a pagar o sobrecusto, e outros que son máis eficaces non; pero si se traballou a respecto de posibles solucións dentro do marco que nós consideramos que se demostra, unha vez máis, como un marco áxil, eficaz, dinámico, adaptativo á realidade, que é o Plan único. E para o vindeiro pleno, unha cuestión a título informativo, traeremos unha modificación da base xeral do propio Plan único, dando a posibilidade aos concellos da provincia dentro deses 42 millóns de euros que aprobamos no Pleno pasado, de xustificar gasto corrente, por suposto, tamén o enerxético. E no pleno seguinte, que sería no mes de xuño, fariamos a correspondente modificación de créditos, e os concellos que queiran ir á vía de xustificar gasto corrente, evidentemente, o plan xa preveu o prepago, polo tanto, achegaríaseles aos concellos automaticamente o crédito que lles corresponde, e contra ese crédito xustificarían tanto gasto enerxético como outro tipo de gasto corrente.

Simplemente deixar claro isto, que eu creo que a Xunta de Portavoces do pasado mércores foi moi útil e enriquecedora e que tamén dá lugar a froitos concretos. Eu non sei se con esta información o Partido Popular vai seguir mantendo a moción para debate ou... Entón procedemos á exposición.

Sr. Ben Otero

Bo día, presidente; bo día a todos.

Eu pensei que ía primeiro a moción da Marea, retirástela? Vale.

Si, si imos manter a moción e vou explicar, vou intentar explicar por que. É certo que na Xunta de Voceiros se falou de certas cuestións que penso que son de interese e son importantes para os concellos, é dicir, que a xente do modificado de crédito do anterior Pleno dos 42 millóns que poida dispor deles, tanto para obra como para gasto corrente. Iso penso que lles dá unha facilidade e unha liberdade aos concellos, pero non é menos certo que eses cartos xa lles correspondían aos concellos, e coa modificación de onte na Xunta de Galicia penso que vai haber a

posibilidade, coa reformulación ou a modificación dos prezos dos custos que poidan aspirar a facer obra, que é tan necesaria en moitos concellos, sobre todo nos concellos pequenos. E é dirixido a estes concellos pequenos, en concreto o noso compañeiro e alcalde de Irixoa falábame dun sobrecusto de electricidade 17 veces superior ao do ano pasado. Iso é moi difícil de enténdelo, ao mellor desde unha óptica dun concello urbano é difícil enténdelo, desde a óptica dun concello pequeno e moi difícil de entender e, sobre todo, máis que de entender é moi difícil de sufragar e de pagar.

Entendendo que eses 42 millóns de euros xa correspondían a estes concellos e tiveron todos os concellos da provincia, todos, sen excepción, a xenerosidade de entender que os cinco millóns que se dedican ao plan de axudas para os temas de carburantes se detraeron desa cantidade que ía ser asumida por eles, co cal os 93 concellos da provincia entendo que tiveron un xesto de xenerosidade que é de aplaudir para todos. Pero non é menos certo que ao longo do tempo, ao longo do ano, van ter uns sobrecustos enerxéticos moi importantes. Nós o que pedimos é que na medida das posibilidades da Deputación, que son moitas, no seguinte MC se contemple unha liña específica para o pago dos sobrecostos enerxéticos da electricidade e de carburantes para que poidan asumir o pago da electricidade nas instalacións municipais ou dos carburantes nos pavillóns municipais, nos campos de fútbol, etcétera, etcétera.

Este ano é moi complicado que poidan chegar, estalles descadrando as contas completamente, este é o sentido da nosa moción, é unha moción de compromiso cos concellos todos e sobre todo cos máis pequenos, e non queremos obrígalos a decidir se poden facer investimentos que necesitan nos seus concellos ou darlles a man e botarlles unha man desde aquí tendo posibilidades económicas, tendo en conta que a día de hoxe nos bancos temos 308 millóns de euros, penso que estamos en situación, temos a capacidade e o que pedimos aquí é ter a vontade para botarlles unha man a estes concellos nun ano tan complicado coma este. E non vou estenderme moito máis, por iso traemos a moción.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Vicepresidente

En todo caso, antes de abrir a quenda de intervencións por parte dos grupos, eu creo que aquí non se multiplican os pans e os peixes, aquí non temos unha máquina de fabricación de diñeiro, simplemente o que se retrae do Plan único pode ir a outro plan. Nós defendemos que o Plan único é un instrumento útil. Ademais, consideramos que os alcaldes e alcaldesas e as corporacións da provincia sempre deciden mellor tendo autonomía municipal para decidir que cun plan finalista que deixaría fóra a concellos e que, polo tanto, estaría restando recursos aos concellos.

Dito isto, débatese a moción, faltaría máis, e procedemos a darlles intervención aos grupos.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas.

No debate que tivemos na Xunta de Voceiros dicía o vicepresidente da Deputación que os plans únicos que se financian coa plusvalía están afectados na súa finalidade ao capítulo 6, aos investimentos e financiamentos funxibles, polo tanto, isto que é gasto ordinario dos concellos non se pode financiar por esa vía. Eu creo que son argumentos técnicos que son indiscutibles que non se pode facer así.

E, en canto á cuestión en xeral, non sei cantas veces sucederá que vimos aquí a intentar financiar con fondos públicos situacións que poderían ser corrixidas tamén desde o público con anterioridade, non me refiro á suba do combustible, que evidentemente non hai medio desde a Administración local para contrapesala, pero o prezo da enerxía cantas veces non debatemos nesta mesma sala sobre cuestións de eficiencia enerxética, pero tamén sobre cuestións de produción enerxética, e tíñase posibilidade de facer un plan eólico de Galicia que contemplase a posibilidade, que de feito existe nalgúns concellos de Galicia que son excedentarios en enerxía eléctrica, porque..., e ademais a provincia da Coruña ten unhas condicións excepcionais para esta cuestión, de ter parques eólicos de titularidade pública, que convertería estes concellos en excedentarios nunha situación como a de agora na que incluso sería un investimento moi lucrativo.

Entón, iso non se fixo, había que entregarlle un recurso público a mans privadas. Aquí unha e outra vez invocouse ese principio, parecía que os que estabamos a favor de que houbera unha explotación pública destes recursos estabamos en contra, díxosenos de ter móbil, ben, uns argumentos realmente eu creo que pouco admirables, por empregar un termo tamén amable, cando realmente era posible, e segue sendo posible que as administracións locais fosen propietarias de parques eólicos. Hai algún Concello da Coruña, está levantando a man aí o compañeiro Calvelo. Claro, e entón, caramba, que situación tan distinta teríamos agora na que unha escalada de prezos da enerxía eléctrica fixese que aquel investimento fose superlucrativo agora. Parece mentira, parece que estamos aquí apelando a un principio comunista e resulta que levanta a man un alcalde do Partido Popular. Pois estamos de acordo, por que non?, por que estamos agora financiando con fondos públicos aquilo que non deixa de ser unha falta de previsión, ou tamén unha posición dogmática de non competir en ningún caso co mercado privado, porque se entende que é sagrado, e entón que o público ten que simplemente dedicarse a pagar, a cobrar impostos e a pagar. Non, o público tamén pode xerar fontes enerxéticas e pode comercializalas e pode sacarles un proveito.

Entón, nós imos apoiar agora esta moción coas debidas salvidades que xa se expuxeron na Xunta de Voceiros, que hai algúns fondos da Deputación que están afectados a esa finalidade a ser unicamente capítulo 6. E dicir que é unha mágoa que no seu día non destináramos recursos públicos a crear unha situación que hoxe sería moi distinta desta na que os concellos, probablemente boa parte deles, fosen excedentarios na produción de enerxía.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Tal como falamos na Comisión de Portavoces, eu creo que coincidimos todos na situación que se está a sufrir en concellos pequenos principalmente, e hai que dicir que hai concellos pequenos que, aínda que queiran facer proxectos ou previsións, nin

teñen fondos, nin teñen persoal, nin teñen nada de nada. Por tanto, cando vén unha destas, unhas subidas tolas de combustibles, de enerxía, son as primeiras vítimas, porque xa non teñen para pan e resulta que lles veñen cargando para luxos, entenden por luxo ter iluminado a súa parroquia, as súas aldeas e os seus currunchos.

Eu creo que aquí hai un problema de grupos políticos, hai grupos políticos que teñen unha representación moi grande no país e, cando se fala do persoal de emprego nas institucións, eu creo que tiña que haber equipos deses grupos políticos para asesorar e proxectar, técnicos en concreto que axudaran a eses concellos a levar adiante eses pequenos proxectos que ao mellor lles amañan a situación sen lugar a dúbida ningunha, porque sós non van poder facelo.

Tampouco se trata de vir á Deputación e dicir: mire, que isto me vai mal, déame o diñeiro. Non é así, porque claro na Deputación fálase aí de 308 millóns nos bancos, pero 130 ou non sei cantos son de obras que os concellos da provincia aínda non fixeron desde o ano 17, que manda truco! E non estou falando de concellos pequenos, estou falando de concellos que teñen 20.000, 23.000 e 30.000 habitantes e aínda teñen plans do 17, 18, 19, 20 e 21 sen executar; incomprendible. Que lle imos pedir aos pequenos se eses grandes resulta que supostamente teñen persoal, técnicos e recursos económicos e resulta que non dan feito o seu traballo.

Por tanto, é un tema que eu non quero votar en contra disto, e volvo dicir, estou argumentando o tema favorable, o que pasa é que tampouco se trata de dicir vamos crear un fondo. Eu creo que nos temos que sentar, igual que estabamos o outro día, sentar, e no próximo pleno ver, empezar a estudar ou a facer propostas concretas que atallen estes problemas graves que teñen os concellos pequenos. Porque aquí fálase sempre de concellos pequenos, concellos pequenos, pero os concellos pequenos quedan relegados sempre, e por tanto non lles exixamos a aqueles que non poden facelo, que non teñen medios, que non teñen técnicos, nin teñen persoal, secretario, interventor; téñenos compartidos, ás veces un secretario interventor está en seis concellos, e todos sabemos que iso non funciona tampouco, iso non é verdade tampouco. Por tanto, eu creo que hai que poñerse as pilas e empezar a traballar en serio e non acostumarnos a vir aquí a tapar fochas, porque as autoestradas están cheas de fochas e desfeitas.

E, por tanto, eu creo que hai que sentar e falar seriamente dunha problemática que hai. Eu voume abster neste tema, pero gustaríame votalo; pero, insisto, nestes argumentos que estou dicindo creo que é un tema de sentarse e falar e crear, ao mellor, un fondo, ao mellor hai que crear un fondo. Por exemplo, falábase do presidente de que os concellos poden destinar a partir de, pero é que xa agora do Plan provincial, eu hai un diñeiro que eu dediquei a obras, o menor, e outro que dediquei a pagar parques públicos, luz eléctrica, etcétera, etcétera. Eu teño un gasto de 1.780.000 euros neste ano pasado de luz eléctrica a esas empresas depredadoras e que nos sangran por todos os lados. Claro, é que es la leche! Por tanto, é dicir, os pequenos teñen problemas, os grandes tamén os temos, porque creamos servizos e ao final hai que pagalos. Por tanto, eu xa digo, corto a miña intervención, creo que hai que falar en profundidade deste tema porque nós imos saíndo, o que ten sempre algún recurso vai saíndo, os pequenos non saen e afogan.

Sra. Muíño Filgueira

En relación a esta moción e á pasada Xunta de Portavoces, eu creo que coincidiamos todos en que, efectivamente, os custos enerxéticos, e sobre todo a volatilidade de prezos que condiciona facer unha previsión axustada do que vai supoñer ese gasto, pois están supoñendo un problema e, efectivamente, condicionando de xeito grave as contas municipais. Isto vén dicir que realmente temos un problema en relación ao modelo enerxético ao que estamos sometidos, que finalmente estamos falando de que cada euro que os concellos teñen que dedicar a este incremento de gastos deixa de ir para a atención a persoas e para a prestación de servizos.

A cuestión é que, seguramente, onde teríamos que poñer o foco é no modelo de comercialización enerxética e tamén naqueloutra parte dun esforzo enorme que temos que facer tamén as administracións para avanzar nun modelo de consumo enerxético máis sustentable e eficiente para, efectivamente, caer nunha situación case que nos debería de dar pudor arrastrar todo ese diñeiro público para encher as arcas das eléctricas e deixar de prestar servizos aos nosos veciños e veciñas.

En relación a como atender esta necesidade e tamén facelo cun criterio que sexa o máis realista posible, si que efectivamente entendemos que o POS é a fórmula seguramente máis xusta no sentido de que, efectivamente, respecta a autonomía local e pódese axustar o mellor posible ás diferentes situacións que son diversas entre diferentes concellos. Efectivamente, hai concellos que teñen avanzado moito en cuestións de eficiencia enerxética ou que teñen unha situación diferente, e hai outros que efectivamente dependen en gran medida desta achega para gasto corrente cando menos para minimizar o golpe que vai supoñer este incremento dos custos enerxéticos e que ademais, digo, tan volátil e variable que fai difícilísima a previsión.

En relación á activación dun plan específico para esta finalidade, como digo, nós apostamos por que sexa a través do POS e seguramente introducindo máis retos a nivel de gañar eficiencia enerxética.

E logo son necesarios outros debates, que eu creo que, efectivamente, xa dixemos que transcenden a esta Deputación e tamén ao que é a competencia local.

Sr. Fernández Piñeiro

Está claro, xa o temos visto en moitos plenos, non é algo que vaia descubrir agora, que o Partido Popular é máis partidario de subvencións finalistas, sacar moitas liñas de subvencións finalistas, e este Goberno é partidario do que estamos a poñer en marcha xa dende hai máis dunha lexislatura, que é de plans amplos nos que os concellos poidan decidir, con total liberdade, en base á súa autonomía en que dedicar os fondos que a Deputación lles transfere.

Iso non é algo novo, é dicir, agora con este plan adicional que acabamos de aprobar si que se abre unha posibilidade de que, efectivamente, ata o de agora coas regras fiscais non era posible utilizar eses fondos para gastos correntes, pero o Plan único, que leva xa uns anos en vigor e tan deostado polo Partido Popular, si que permitía dedicar parte deses fondos ao gasto corrente. Eu no meu Concello, igual que acaba de comentar o alcalde de Oleiros, hai anos que dedico parte dos fondos do

Plan único a gasto corrente e entre eles pago as facturas da luz. Hai outros concellos que prefiren facer obras; pois, mire, cada un pode, dentro da súa autonomía, facer o que considere oportuno.

Pero gustárame facer unha reflexión un pouquiño máis alá de todo iso porque acabamos de poñer sobre a mesa ademais unha solución, que é que con cargo a ese plan adicional poidan sufragar eses gastos derivados do incremento do custo da enerxía, parece que ao Partido Popular non lle vale, quere unha liña específica. A cuestión é que, se tivésemos aprobado todas as mocións que o Partido Popular e as propostas que trouxo a este Pleno de cofinanciamento, de pagamento e de distintas liñas desta Deputación, estaríamos quebrados. Esta administración, esta institución, estaría quebrada porque xa multiplicaríamos por tres ou por catro o orzamento da Deputación Provincial da Coruña.

É curioso que non se diga ou que esteamos sempre nesa estratexia de que aquí todo o teñen que pagar as deputacións, un pouco tirando do que dicía o señor vicepresidente. Debemos ter un maquinillo, teño que falar co tesoureiro, co señor Enrique Calvete, por se ten algunha máquina arriba na quinta planta para facer billetes, ou se o Partido Popular a tivo nalgún momento ou sabe onde pode estar, porque loxicamente con tantas propostas de gasto que traen a este Pleno, moitas delas incluso sobre cuestións, materias e competencias que nada teñen que ver con esta administración, pois non teríamos un peso para facer absolutamente nada; e estou convencido de que, aínda así, seguirían vostedes pedindo máis gasto.

É curioso que unha vez máis volvamos tirar desa falacia repetida 10 millóns de veces que, por moito que se repita, independentemente do que dicía o doutor Goebbels na súa época, non se vai converter nunha realidade. Hai 300 e pico millóns de euros nos bancos que son dos concellos, non son desta Deputación, e son dos concellos que non executan fondos, e, se non, tan dados vostedes a traer mocións, convídoos a que no seguinte pleno traian vostedes unha moción para que se faga un plan para repartir eses 300 millóns de euros entre todos os concellos; a ver que din os alcaldes do Partido Popular que teñen alí os fondos de non executar o POS, o Plan único do 19, do 20, do 21, a ver que lles parece que lles quitemos eses fondos, que queden sen eses proxectos e os repartamos entre todos, porque así aqueles que foron máis rápidos ou dilixentes na licitación de obras por distintos motivos que poida haber, saírían beneficiados porque terían aínda máis cartos daqueles que non puideron licitalos e que en moitos casos, como temos falado xa neste Pleno, non é responsabilidade do Concello, senón da alta e voluminosa burocracia que nos afecta a todos e a todas con distintas autorizacións sectoriais de distintos organismos que retrasan as licitacións ás veces de forma vergoñenta.

Ben, pois fagan vostedes unha moción. Porque dicir que hai 300 millóns que non se gastan é tan fácil como que traian vostede unha proposta. Eu estou disposto a votarllela e, se queren miren vostedes os niveis de execución do Plan único dos distintos concellos desta provincia, incluídos os do Partido Popular. E os meus non é dos que máis POS executa desgraciadamente, teño de todo, Adif, Patrimonio, Costas, Augas, as sete pragas de Exipto, pero hai outros concellos que non. Se están vostedes dispostos a que concellos que están na mesma situación que a miña, gobernada polo seu partido me entreguen os seus cartos a min, ou a aqueles que foron máis rápido licitando para que poidan ter máis obra, non hai ningún problema. Veremos que din os seus alcaldes, seguramente non estarán tan contentos.

Por tanto, hai que ser un pouco rigorosos e deixar xa ese mantra de que aquí hai trescentos e pico millóns de euros porque non é verdade, non son da Deputación, xa están repartidos entre os concellos. Están aí namentres non se gasten e se executen, neste caso coas distintas administracións locais desta provincia. Pero, como digo, se tiveramos aceptado estas propostas, estaríamos quebrados.

É curioso, non sei se o Partido Popular, se mo pode adiantar o señor Ben, que ademais ten algún cargo a nivel orgánico, vai facer o mesmo no Parlamento galego, vai solicitar á Xunta de Galicia que habilite unha liña de axudas aos concellos galegos para poder colaborar, para poder sufragar, mellor dito, o incremento dos custos de enerxía, ou se só lle corresponde á Deputación, que parece que é o Paganini de todas as administracións nesta autonomía. Porque, digo eu, se é tan malo para os concellos o incremento do custo da enerxía, se iso digamos que xustifica a presentación desta moción, entendo que hai outra administración que tamén pode colaborar e que ten moitos cartos, como é a Xunta de Galicia, nada máis e nada menos que case 13.000 millóns de euros, que tamén se lle pedirá por parte do Partido Popular que arrime o ombreiro a axudarnos a todos os concellos galegos a poder asumir ese sobrecusto que nos lastra. Estou convencido de que iso non vai pasar, iso non se vai facer.

Pero, ben, poderíamos falar de por que o Partido Popular no seu momento, e aínda hoxe, non trae unha proposta para que a Xunta de Galicia saque unha liña para axudar aos concellos a sufragar os gastos derivados da desinfección dos centros educativos como consecuencia da pandemia, sobre a que levamos cargando dende hai dous anos, por certo, centros educativos que non son titularidade municipal, que son titularidade da Xunta de Galicia. Por tanto, un gasto impropio que estamos a asumir e que non é limpeza, é un tema de saúde, sanitario, desinfección; e estámolo pagando os concellos. No meu, imaxino que no resto igual, multiplicando por tres os custos de limpeza duns centros que xa non eran nosos tampouco. Pero, claro, parece que aí os fondos municipais que dedicamos a ese gasto están ben gastados, por que? Porque mentres os gastamos nós afórraos a Xunta de Galicia, e despois que fai a Xunta de Galicia? Pois fai esas liñas finalistas, moitas delas por orde de chegada, para repartir os cartos entre os concellos dos partidos do Partido Popular, como todos e todas sabemos.

E, ao final, esa é a cuadratura do círculo. É dicir, a unha administración que reparte os fondos con criterios obxectivos obrígaselle a sacar adiante liñas finalistas para asumir custos os concellos que poden asumir a través doutros mecanismos que esta Deputación ten implementado e deste último que acaba de anunciar o vicepresidente, e resulta que iso non vale. Entón, polo tanto, calquera persoa razoable o que ten agora mesmo que chegar a unha conclusión de que ao Partido Popular impórtalle ben pouco que se pague ou non se pague ese incremento, o que lle importa é que esta Deputación saque unha liña unha vez máis e detraia fondos para pagar algo que poderían asumir os concellos a través doutro mecanismo, como ben acaban de dicir, non entendo por que non serve. Se o que se quere é que se pague, pois mira moito máis fácil máis que sacar unha liña, moito máis rápido, tendo en conta a necesidade que temos de financiamento os concellos, máis rápido que poder facelo a través deste último plan que se acaba de aprobar, deste último plan complementario, non vai ser a proposta que vostedes traen.

Polo tanto, a proposta que poño sobre a mesa é máis rápida e cumpre co

mesmo obxectivo pero non lles serve, por que?, porque a final de contas o obxectivo non é o que vostedes din perseguir, senón que é outro, que é unha vez máis, como digo, que esta Deputación siga asumindo custos e máis custos, como propoñían vostedes das canceiras e outras moitas máis ocorrencias que se traen aquí coa única intención de afogar unha administración para que outra, que é a que ten as competencias, acabe aforrando. Neste caso non as ten, as competencias son de carácter municipal, hai moitos concellos, como ben dicía o vicepresidente, que levamos feito un esforzo importante en eficiencia enerxética e en racionalización do gasto enerxético, moitos deles a través das distintas liñas de axudas do IDAE substituíndo luminarias por outras de baixo consumo. Outros decidiron dedicar eses fondos a facer beirarrúas, ben, pois unha vez máis hai que premialos. Sinceramente, non me parece xusto e paréceme ir en contra da liña marcada por este Goberno.

Do Partido Popular esperábao, non así da Marea Atlántica, lamento profundamente que vaian votar a favor dunha moción que o que rompe é con esa vontade que tiñamos ata o de agora este Goberno de sacar adiante liñas de axudas amplas, nas que os concellos decidan en base aos seus criterios, en base á autonomía local e á liberdade que teñen de decisión en que queren investir os fondos e non a través de liñas. Dende logo é traspasar unha liña vermella que para este Goberno é infranqueable e que parece ser que neste caso a Marea Atlántica tamén vai apoiar ao Partido Popular, algo que, repito, lamentamos.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Bueno, cierto y verdad es que hace un ratito que he desconectado porque es difícil seguir el hilo y no me ha dado Dios la capacidad de tener un enganche tan profuso a una intervención tan capaz y tan importante, en la que se mezclan 40.000 asuntos y en las que realmente viene a dar un poco en el quid de la cuestión: hace tiempo que en esta casa los máximos responsables, el señor presidente, no el que hoy ejerce de presidente, sino el que hoy no nos puede acompañar, al que aprovecho para desearle una muy pronta recuperación, igual que a Mila Castro, hace tiempo que están más centrados en debates parlamentarios del Parlamento de Galicia que en hablar de lo que nos afecta aquí, y aquí nos afecta lo que nos afecta. Cinco millones de euros se han traído de los ayuntamientos cuando les correspondían; lo que yo pido es que en el siguiente MC, esos cinco millones se les den de nuevo a los ayuntamientos para que puedan gastar en este asunto si lo creen conveniente. Es lo que estoy pidiendo, no estoy pidiendo nada más.

Sr. Fernández, no lo digo yo, lo dice el Consello de Contas, ejecución presupuestaria de la Xunta de Galicia en el año 2021: 95%, 95%; ejecución presupuestaria de la Diputación de La Coruña en el año 2021: 42%. De cada 100 € a disposición de los gallegos, 95 llegaron a los gallegos; de cada 100 € a disposición de los ciudadanos de la provincia de La Coruña, llegaron a los ciudadanos de la provincia de La Coruña 42 euros, quedando 58 en los bancos, lo cual nos supone 700.000 euros de coste. Y este año, hoy, en el pleno de hoy, se ha dado cuenta del informe de Intervención que dice que vamos por el mismo camino. A fecha 8 de abril, 6% de ejecución presupuestaria en el capítulo de gastos.

Oiga, vamos a dejarnos de ocorrencias, hombre. Mire, su término municipal,

que usted conoce perfectamente, obviamente, hay que ver los kilómetros cuadrados que tiene, o los que tiene Cabanas, frente a los que puede tener Vimianzo, Irixoa, San Sadurniño, Dumbría, etcétera. Mire, el señor Lage, que es concejal del Gobierno en la ciudad de La Coruña, estoy seguro de que está muy fastidiado por el incremento de costes energéticos, pero la capacidad que tiene el Ayuntamiento de La Coruña para el capítulo de inversión con recursos propios es muy superior al que tiene un pequeño ayuntamiento.

Al alcalde de Irixoa, con el incremento de costes que tiene energéticos este año, le supone tener que elegir y no poder actuar o arreglar ninguna carestía que tenga ese Ayuntamiento. ¿Le estamos condenando a eso?

No, mire, nosotros presentamos esta moción, le agradezco muchísimo al señor Lema que la vaya a apoyar, y ustedes se van a beneficiar de ella. El alcalde de Dumbría, pequeño ayuntamiento; el alcalde de Oroso; el alcalde de Cerceda... Porque esto está pensado básicamente para los ayuntamientos pequeños. Incluso el alcalde de San Sadurniño, porque se va a beneficiar de esta moción. Igual no tanto el Concello de Carballo, pero es que nosotros nos dedicamos a lo que nos dedicamos, a hacer propuestas para que los ayuntamientos puedan llegar a final de mes, para que puedan tener oportunidades. Yo no quiero condenar eternamente a que ayuntamientos pequeños nunca pueden converger. Yo no puedo quedarme quieto viendo cómo hay ayuntamientos que no tienen para necesidades básicas. Y usted a lo mejor se dedica a hacer inversiones en no sé qué, o en promocionar, cuando otros no tienen alcantarillado, ni saneamiento, ni abastecimiento en sus ayuntamientos. Oiga, estamos aquí para tomar decisiones, estamos aquí para tomar decisiones y nosotros, cuando podamos, las tomaremos.

Y le voy a decir una cosa: algo apuntó el señor García Seoane antes y creo que va por el buen camino: cuando hay un departamento de asistencia de municipios tiene que hacer eso, asistir a municipios, y tiene que ayudar a los municipios en las demandas y necesidades y carestías que tienen. Y aquí no se está haciendo, aquí nos quedamos quietos diciéndole: "ahí tiene el dinero, arréglese como pueda y, si no se puede, aquí queda el dinero y no pasa nada". Oiga, no pasa nada, falta poco, falta poco para que veamos que hay otra forma de gobernar esta institución.

Señor Lema, muchas gracias por su apoyo, nada más y muchas gracias.

Sr. Lema Suárez

Ben. Despois de escoitar o debate, case que me fan dubidar do meu propio voto. Tantas louvanzas debe de ser que algo estamos facendo mal.

Un pouco por explicarme, aquí oponse o principio de autonomía local ao da subvención finalista, paréceme ben, estou de acordo. Eu de todas as maneiras penso que a Deputación da Coruña faría ben, e talvez non o expuxen debidamente na miña primeira intervención, reforzando partidas que teñen que ver coa eficiencia enerxética. Creo que é lóxico, creo que é normal e creo que o meu voto afirmativo vai nesa liña; non tanto no de financiar e subvencionar a compra de combustible, como si a de ir pola vía da eficiencia enerxética.

A Marea Atlántica, que non ten representación por desgraza no Congreso dos

Deputados, si ten representación no Concello da Coruña e trata de implementar co pacto co Partido Socialista, co seu representante aquí, o señor Lage, políticas de eficiencia enerxética que mesmo levan á creación dun operador enerxético que pensamos que é unha vía que se pode explorar en moitos outros. O Concello da Coruña non ten posibilidade de produción enerxética, outros moitos concellos si teñen esa posibilidade que comentaba eu antes, ou non o comentaba pero amosáboo o señor Calvelo.

En canto –xa remato– a por que se destina unha partida en particular a esta finalidade. Nós no seu momento estabamos en contra de que se detraesen cinco millóns da partida do POS destinada a concellos para subvencionar combustible; así e todo, votamos a favor porque entendemos que era o ben maior, ou motivos de urxencia que nese momento aquí se expresaron. Temos o vicio de intentar funcionar por principios e non soamente pola aritmética de maiorías e maiorías do Pleno, creo que iso ás veces dá lugar a situacións estrañas, como que poidamos apoiar neste punto o representante do Partido Popular, a proposta do Partido Popular, pero é o mesmo principio que se aplicou cando nós apoiamos que se detraesen cinco millóns de euros para axudas aos transportes, e non atopo grandes diferenzas entre unha situación e a outra, lamento dicilo.

Sr. Fernández Piñeiro

En primeiro lugar, señor Ben, lamento que desconectara vostede da miña intervención por longa. Eu, a verdade, é que tanto a miña educación como o meu sentido da responsabilidade como representante público nesta Corporación me impide desconectar cando os compañeiros de Corporación están a falar, por moi longa que sexa a súa intervención. Entendo que non sería por longa, porque a verdade non era tan longa e teño escoitado discursos de compañeiros seus de partido –perdón non me interrompa, non me interrompa, pode desconectar igualmente agora, así déixame rematar– teño escoitado discursos de compañeiros de partido bastante máis longos que este noutras administracións, e non hai ningún tipo de problema; cando a un lle interesa o asunto atende, o problema é que, cando non lle interesa, desconecta, e iso é no fondo a motivación que tiña vostede para desconectar neste asunto.

É verdade que vostede fixo unha argumentación bastante boa, cun ton incluso ás veces moi dramático que dá credibilidade, transmite sensibilidade, e claro, todo iso estaría moi ben se non houberse precedentes; se ese fose sempre o seu ton, se ese fose sempre o seu discurso, sería perfecto, e eu incluso ata case me levantaría para aplaudilo. O problema é que ese discurso no que vostede se compadece deses concellos pequenos, como o de Irixoa, que está aquí presente, en corpo presente, ou outros moitos que poida haber nesta provincia, non mantén vostede con outros gastos que son tan complexos e tan negativos para os concellos e para a nosa economía. Por exemplo, o SAD, Servizo a Dependentes, coas obras que temos concedidas pola Xunta de Galicia suporía a quebra de moitos dos concellos que quedarían afogados; pónolle un exemplo, o Concello de Betanzos, 9 millóns, 8 millóns e pico de euros de orzamento, vai ter que dedicar un millón e medio de euros case a sufragar o custo do SAD. Iso quere dicir que practicamente o seu capítulo de investimentos se vai dedicar a esa tarefa. Que casualidade, unha competencia autonómica; que casualidade, unha competencia na que a Xunta ata hai 4 días daba 9,70 euros, cando ese contrato está adjudicado a 18 € a hora ordinaria e a 20 € a hora extraordinaria, 21 € perdón. Si é verdade, a Xunta agora anunciou un acordo que vai subir 50 céntimos, creo que é ao

ano, durante 3 anos vainos dar 11,50 euros; os 10 restantes téñenos que asumir eses veciños de Betanzos e ese Concello de Betanzos, e outros moitos desta provincia, cos recursos propios que van ter que detraer daquilo que é da súa competencia, señor Ben. Porque pagar as facturas da luz é competencia de todos os que estamos aquí, pero o Servizo de Atención aos Dependentes non, é unha competencia da Xunta de Galicia.

Cando trouxemos unha moción a este Pleno solicitando á Xunta de Galicia que incrementase os fondos e asumise esa competencia e os gastos derivados dela, que fixo vostede?: votar en contra. Aí xa non se compadecía do pobre compañeiro de Irixoa. É unha mágoa, e seguramente tamén ten dependentes, e seguramente tamén gasta moitos gastos nesa partida. Pero, claro, aí xa non interesaba; por que?, porque quen tiña que pagar xa non era a Deputación, quen era?, era a Xunta de Galicia e iso xa non nos gusta.

É curioso que cando trouxemos mocións solicitando que a Xunta asuma as súas competencias e os seus gastos derivados, como aquela que lle puxen hai un pouco de exemplo, non sei se desconectou, pero repítolla agora, por se acaso estaba desconectado nese momento, que era a limpeza, mantemento, conservación e desinfección dos centros educativos, competencia e propiedade da Xunta de Galicia, resulta que vostede tamén se volve a esquecer do pobre compañeiro de Irixoa e non vota a favor desa moción, ao contrario, vótala en contra.

E podería facer un montón de exemplos poñendo de exemplo o compañeiro de Irixoa, que teño moi boa relación con el, pero como vostede o sacou a colación, aprobeitoo para facer a brincadeira. Pero é verdade, si, podería poñer moitísimos exemplos de moitas cousas que teñen que ver con gastos que asumen os concellos que nos están a afogar e que son competencia doutra administración, non como o pago da factura da luz, que vostedes votaron en contra. Polo tanto, ten vostede unha sensibilidade que é voluble; dependendo de quen poña o carto pois son máis sensible ao problema. Se o pon a Xunta, sensibilidade cero; se o pon a Deputación, pois pouco máis que son unha folclórica que choro á mínima. Ben, sería importante que sexamos un pouco máis rigorosos, señor Ben, porque esta matraca xa a temos todos moi escoitada.

E falaba vostede do Consello de Contas, o Consello de Contas di que o nivel de execución da Xunta é de non sei canto e o da Deputación de tal... Non o digo eu, dío o Consello de Contas. Efectivamente, o Consello de Contas dío, o que fai vostede é manipulalo. Vostede colle o que di o Consello de Contas así en plano, sen analizar, sen entrar a revisión, e di que a Deputación ten non sei canto sen executar. É verdade, pero, repito, iso que ten sen executar por moito que vostede insista, iso que está sen executar son cartos dos concellos. Por tanto, se a vostede lle preocupa tanto ese tema, convídoos unha vez máis a que traia unha moción no seguinte pleno instando a Deputación a coller eses 300 millóns e facer un plan único con eles. A ver se se atreve vostede a facelo, se é unha cuestión de que aquí non estea o presidente, non se execute, esas cousas que utilizan vostedes que entendo que, loxicamente, a súa nova faceta a nivel orgánico no partido lles preocupa, e máis despois dos últimos cambios que están vostedes a vivir, pero non é culpa desta administración, segue funcionando perfectamente, seguimos repartindo fondos con concellos. É máis, se tirando do argumento que dá vostede, pois imaxínese vostede se chegara a estar aquí o presidente, que está, aínda que vostede diga que non, tanto como vostede

quixera, como funcionariamos, porque aínda así funcionamos moitísimo mellor que vostedes cando a gobernaban... Imaxínese se o facemos a tempo completo, isto sería, vamos, Suecia ou Noruega, poderíannos equiparar con eles.

Sexamos un pouco máis serios e máis rigorosos, porque hai argumentos que poden calar ben na prensa, como este que escoitamos das máscaras e algunha outra cousa máis que está moi ben, pero que cando falamos con xente que sabe do tema, e os que aquí estamos sentados, todos máis ou menos coñecemos como funciona esta casa e sobre todo sabemos como funcionan os concellos, pois teñen pouca cabida.

Polo tanto, gustaríanos que sexamos rigorosos, como digo, e nós non nos estamos negando, e iso é o máis importante co que me quero quedar, non nos estamos negando a axudar aos concellos desta provincia a que poidan paliar a través dos fondos que lles achega a Deputación os gastos derivados dese incremento enerxético. Empezou o vicepresidente dicindo que atopamos unha solución a través dese plan adicional que se acaba de aprobar. Polo tanto, non diga vostede que estamos abandonando eses concellos que non teñen esa capacidade económica que, por certo, a extensión do municipio non ten nada que ver co gasto enerxético, porque en extensión de municipio o da Coruña precisamente é dos máis pequenos e pódolle asegurar que gasta moito máis que Monfero ou que Ortigueira ou que As Pontes, que son dos máis grandes de Galicia. Polo tanto ese argumento cae un pouco. Vamos mirar os puntos que hai de subministración, os puntos de alumeado que hai e aí poderemos facer ese cálculo.

Pero, en todo caso, o que se trasladou dende o Goberno é que lles facilitamos a vostedes esa posibilidade a través dese plan adicional. A vostede non lle serve, a pesar de que vai ser moito máis rápida para os concellos que esa que vostede propón. Ben, pois non pasa nada, pero que quede claro que este Goberno é sensible a esta situación e acaba de achegar unha solución para que deses 42 millóns de euros, non 5 millóns, 42 millóns de euros que van nese adicional, os poidamos dedicar se queremos así os concellos, cada un de nós dentro da nosa autonomía, dedicalos aos gastos de enerxía eléctrica.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Para ir acabando el debate, vamos a ver, yo le invito a usted a que traiga las mociones que quiera. Yo tengo jefes que me ponen, me indican o me sugieren, pero, hombre, ya que me lo indique usted..., oiga... Traiga usted la moción que quiera, pero, oiga, cuando traiga una moción para el pago del SAD, espero que tenga el cuajo o que tenga el compromiso de pedirle al Gobierno central que cumpla con la parte que tendría que aportar de dependencia a las comunidades autónomas. ¿Qué es verdad que otros gobiernos anteriores tampoco lo hicieron porque igual no tenían la posibilidad, lo que sea? Tanto me da, deberían cumplir y entonces seguramente habría muchas mayores aportaciones, seguramente no, seguro al 100%, para pagar las horas del SAD.

Pero, bueno, en todo caso –repito– en contos sobresaliente, en cuentas 40%, 4, por debajo del aprobado, suspenso.

Gracias. Nada más.

Sr. Vicepresidente

Ben, antes de proceder á votación, a min, por alusións, a min gustaríame primeiro romper unha lanza polo persoal técnico desta administración, de plans por suposto, xa que teño aquí unha das técnicas, onde é un milagre que xestionemos tanto diñeiro que se transfire aos concellos, onde estamos sempre pendentes de que os concellos presenten ben a documentación, e creo que ningún alcalde, ningunha alcaldesa, ningún concello pode dicirnos que non intentamos poñer solucións cada vez que xorde un problema, polo tanto, vaia por diante esta cuestión. Pero tamén me consta que en asistencia e cooperación a municipios trabállase man a man coas peticións de axuda que nos formulan os concellos. E xa non digo Secretaría, Intervención e todas as partes desta administración. Facemos un esforzo inmenso en axudar a solucionar os problemas derivados dun mal financiamento municipal, dun mal financiamento municipal.

A min dóeme, e dígoo continuamente neste salón de plenos, que o gran debate, que é ese, nunca se aborde con consecuencias, e paréceme inxusto que unha administración que de 187 millóns de euros dedica 100 de presuposto, dedica 100 a transferencias aos concellos a través dun plan obxectivo, reciba críticas, cando outras de 11.450 millóns de presuposto dediquen aos 313 de Galiza 130, retraéndolle diñeiro de emerxencias e tamén do Fondo de Cooperación.

Polo tanto, eu creo que tamén hai que ser xustos. E por alusións ao Concello de Carballo e aos concellos pequenos, porque eu creo que hai un debate que ás veces non é de todo rigoroso. No meu concello hai parroquias que son máis grandes que concellos pequenos, e temos que axudar e temos que sanear, e temos que iluminar e temos que recoller o lixo. Polo tanto, Carballo non é un concello de 32.000 persoas que viven nun casco urbano, é un concello de 183 quilómetros cadrados practicamente totalmente rurais. Polo tanto, evidentemente, tamén gastamos en electricidade no rural, e retiramos 1.500 farois, 1.500 farois, cun custo político, e non vou traer aquí debates que houbo no salón de plenos, pero creo que se está obviando un debate que non é menor, e que vostede, señor Ben, na Xunta de Portavoces expresou a súa preocupación. Á parte da electricidade, os concellos van ter outro problema que non é menor: acaba de aprobarse, eu alégrome moito, por parte do Consello da Xunta, a posibilidade de revisión de prezos. Os concellos, o de Irixoa e todos os concellos da provincia, van ter que revisar os prezos duns contratos que foron feitos noutro momento económico e que teñen agora mesmo un sobrecusto enorme. Con cargo a ese plan único, áxil, eficaz, dinámico e sobre todo inmediato, porque unha vantaxe que ten o plan único en relación con articular outro plan é a inmediatez. Xa podemos transferir aos concellos no momento en que aprobemos o cambio de base. É que van poder revisar os prezos e financiar o sobrecusto con cargo tamén a esa partida de gasto corrente que se vai habilitar, cousa que outro tipo de plans finalistas non permiten. Polo tanto, eu o que pido é que reflexionemos sobre o conxunto dos problemas do Pleno.

Eu non dubido, e xa llo dixen na Xunta de Portavoces, da boa fe desta moción, non o dubido, pero tamén considero que sería inxusto, e hai concellos seus como, non sei o que diría o Concello de Ribeira, ou outros concellos, que se lles dixese: Non, imos financiar só o gasto en electricidade, cando ao mellor a súa urxencia é

outra, ou en enerxía. En todo caso, eu creo que o Plan único vai solucionar o fundamental desta moción. Que teñamos que, como dicía o portavoz de Alternativa, valorar cuestións de aquí para adiante, pois eu creo que todos os debates son útiles se nos levan a algunha conclusión. Eu non teño ningunha dúbida de que hai moitos debates que retomar neste salón de plenos, pero creo que realmente o urxente para os concellos é recibir o diñeiro o antes posible e que lles solucionen problemas. E eu creo que a medida que tomamos ben o ha facer.

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (14 do PP e 1 de Marea Atlántica)

Votan en contra: 13 deputados/as (9 do PSOE e 4 do BNG)

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación de A Coruña, para habilitar unha liña de axudas dirixidas aos concellos da provincia destinada a sufragar o aumento do gasto de enerxía eléctrica e os hidrocarburos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente a economía global está inmersa nunha crise económica e financeira que afecta de maneira xeneralizada a todos os axentes económicos. No caso das administracións públicas locais, a crise reduciu os ingresos dos municipios e incrementou os custos aos que teñen que facer fronte, polo que os xestores públicos deben buscar novas medidas e ferramentas para atender a estas especiais circunstancias.

Os prezos escalan ao 9,9 % en abril, é o pico máis elevado desde maio de 1985: a electricidade dispárase un 107,8% e os combustibles soben un 83%.

Este escenario tradúcese nunha dobre factura para as arcas municipais, e aos nosos Concellos non queda máis remedio que asumir o elevado custo da enerxía e, ao mesmo tempo, o encarecemento que se traslada a outros bens e servizos, como os hidrocarburos.

En comparación con abril de 2021, disparáronse a electricidade (107,8%), os combustibles líquidos (83%), os hidrocarburos licuados como o butano ou o propano case o 40%.

Aínda que o conflito en Ucraína, as sancións a Rusia e a crise enerxética que se sofre en Europa recruarán aínda máis as tensións inflacionistas, "chove sobre mollado no noso país". Co dato confirmado deste mes, o IPC interanual suma a súa décimo quinta taxa positiva consecutiva tras meses de incrementos nos prezos do gas e da electricidade.

Por iso, a escalada do prezo da electricidade e dos hidrocarburos convertéronse nunha enorme dor de cabeza para boa parte dos nosos Concellos.

Nalgúns casos, prepáranse e adiántanse a un posible encarecemento da subministración da enerxía nas súas propias facturas dos edificios municipais, xa que na súa maioría están obrigados a ampliar, a mediados de ano, as partidas orzamentarias destinadas a subministracións enerxéticas, coa incorporación de "créditos ou suplementos de créditos", para poder garantir o gas e a luz nos seus centros e instalacións dependentes dos mesmos, porque terán que aprobar modificacións orzamentarias para afrontar estes excesos, sen descartar novas medidas ao cambiar aínda máis o contexto xeral no último mes, e todo iso, "en detrimento de poder atender a novas necesidades sociais dirixidas aos seus veciños e veciñas".

Por todo iso, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte,

ACORDO:

Habilitar unha liña de axudas dirixidas aos Concellos da Provincia destinada a sufragar o aumento do gasto de enerxía eléctrica e hidrocarburos."

Sra. Secretaria

A seguinte moción era a moción presentada polo Grupo PSdG, que se converteu na declaración institucional, e hai unha moción fóra da orde do día de Alternativa dos Veciños en defensa da vía Ártabra.

Sr. Vicepresidente

Antes de nada temos que votar a urxencia; se queres facer unha intervención xustificando a urxencia ou algo previo. Pois procedemos á votación da moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

I.Moción del Grupo Provincial Alternativa dos Veciños en defensa da Vía Ártabra
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A comarca da Coruña ten un alto déficit de infraestruturas viarias que está a impedir a áxil comunicación e os desprazamentos entre os concellos. A falta de capacidade das vías para absorber todo ese volume de tráfico causa importantes perdas de tempo e de paciencia que afectan ás empresas, aos traballadores, aos estudantes, aos enfermos que van aos centros médicos, ao comercio... Unha situación que diminúe considerablemente as posibilidades de crecemento económico de todos os municipios da Área Metropolitana, que non favorece ao asentamento de novas empresa e que, en definitiva, está a hipotecar o futuro das comarcas da Coruña e Betanzos.

As estradas de acceso á cidade da Coruña e á súa comarca son as de máis tráfico de Galicia. Pola Ponte Pasaxe circulan a diario máis de 90.000 vehículos e na avenida

Alfonso Molina a cifra incrementase ata os 106.000 automóviles. Este problema foi tratado en diversas ocasións ao longo dos anos desde os concellos, a Deputación, os sindicatos -CCOO, UXT, CIG- e a Universidade da Coruña, acadando un acordo unánime no 1998 no Pazo de Mariñán, no que se aprobou un plan de infraestruturas viarias para a comarca, que incluía a creación e mellora de viais, acordando tamén requirir á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a redación dos proxectos necesarios para a contratación das obras.

Neste acordo destacaba a realización dun viario de circunvalación que permitira a conexións dos concellos da área metropolitana, conectara os polígonos industriais e comerciais e facilitara o desprazamento áxil da cidadanía aos distintos servizos da área de influencia: laborais, educativos, sanitarios, portuarios...

Este vial, coñecido como Vía Ártabra, iníciase coa aprobación e redación do proxecto no ano 2004 polo Goberno galego do Partido Popular. Unha vez contratadas as primeiras fases da obra polo Goberno bipartito, foi posible realizar as obras desde o porto de Lorbé ata a N-VI a través dos concellos de Oleiros e Sada, sen ningún tipo de problema.

A última fase, contratada polo actual Goberno galego para conectar a Ártabra coa N-VI e a AP-9, na Gándara, está paralizada por sentenza xudicial debido a erros administrativos na contratación. A paralización destas obras provoca un forte retraso na execución de tan importante infraestrutura pública comarcal e un importante encarecemento das obras, o que supón un grave prexuízo que atenta contra o interese xeral da comarca e o erario público pode.

A actitude belixerante do Concello de Cambre, que se opón aos proxectos contratados polos intereses particulares dun afectado polo ramal de conexión coa AP-9 na Gándara, pretende que se inicie un novo proxecto para a vía Ártabra e que anulen os aprobados pola Xunta de Galicia, o que ocasionaría unha demora de outros vinte anos na creación de tan necesario vial para a comarca da Coruña

Por todo o exposto, propono que o pleno do Deputación da Coruña adopte o seguinte acordo:

- 1) Demandar da Xunta de Galicia a urxente subsanación dos erros administrativos que provocaron as sentencias xudiciais
- 2) Unha vez revisados os proxectos e previstas as indemnizacións e as revisións de prezos pertinentes ante a situación creada pola paralización das obras, se dispoña por parte da Xunta de Galicia dos fondos necesarios para a financiación das obras
- 3) Se liciten as obras nos prazos máis breves de tempo que a normativa o permita
- 4) Se proceda a redación do proxecto para a conexión da vía Ártabra entre a AP-9 e Sigrás
- 5) Dar traslado do presente acordo a Xunta de Galicia e aos concellos da Área Metropolitana da Coruña.

Sr. García Seoane

Antes de comezar a exposición, unha aclaración. Era por non alongar máis o longo debate do asunto anterior. Eu cando falaba de asistencia aos concellos, falaba dos partidos políticos e do persoal de emprego, para que se contrataran técnicos cualificados, avogados, enxeñeiros, etc., para facer os proxectos desde, en vez de colocar os amigos, e subsidiar persoas. Por tanto, iso é o que eu quería aclarar.

A moción que presento é a seguinte: a comarca da Coruña ten un alto déficit de infraestruturas viarias que está a impedir a áxil comunicación e os desprazamentos entre os concellos. A falta de capacidade das vías para absorber todo ese volume de tráfico causa importantes perdas de tempo e de paciencia que afectan ás empresas, aos traballadores, aos estudantes, aos enfermos que van aos centros médicos, ao comercio, etc., etc. Unha situación que diminúe considerablemente as posibilidades de crecemento económico de todos os municipios da área metropolitana e que non favorece o asentamento de novas empresas, e que, en definitiva, está a hipotecar o futuro das comarcas da Coruña e Betanzos.

As estradas de acceso á cidade da Coruña e a súa comarca son as de máis tráfico de Galicia. Pola Ponte Pasaxe circulan a diario máis de 90.000 vehículos e na avenida Alfonso Molina a cifra increméntase aos 106.000 vehículos. Este problema foi tratado en diversas ocasións ao longo dos anos desde os concellos. A Deputación, os sindicatos, neste caso Comisións Obreiras, UXT, CIG e a Universidade da Coruña, acadando un acordo unánime no ano 1998 no Pazo de Mariñán e, por certo, unha convocatoria que se facía desde a Deputación e tamén desde a Mancomunidade de Municipios, no que se aprobou naquel momento un plan de infraestruturas viarias para a comarca, que incluía a creación e mellora de vías, acordando tamén requirir á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a redacción dos proxectos necesarios para a contratación das obras.

Neste acordo destacaba a realización dun viario de circunvalación que permitira a conexión dos concellos da área metropolitana e conectar os polígonos industriais e comerciais que hai nestes municipios, facilitando o desprazamento áxil da cidadanía aos distintos servizos da área de influencia, tanto laborais, educativos, sanitarios, portuarios, etc. Esta vía era coñecida e é coñecida como vía Ártabra. Iníciase coa aprobación e redacción do proxecto no ano 2004 polo Goberno galego do Partido Popular; unha vez contratadas as primeiras fases da obra polo Goberno bipartito, foi posible realizar as obras desde o porto de Lorbé ata a Nacional VI, todo isto pasando polos concellos principalmente de Oleiros e de Sada, que naquel momento gobernaba Moncho, do Partido Popular, e non quería que a vía pasase polos predios que tiña previstos para construír ao longo da citada vía e a cabalo de Oleiros. Non houbo ningún problema, subiu Oleiros aqueles tramos que Sada non quería e leváronse para adiante as obras.

A última fase, contratada polo actual Goberno galego para conectar a vía Ártabra coa Nacional VI e a AP-9 no lugar da Gándara está paralizada por sentenza xudicial debido a erros administrativos na contratación. A paralización destas obras provoca un forte atraso na execución de tan importante infraestrutura pública comarcal e un importante encarecemento das obras, o que supón un grave prexuízo que atenta contra o interese xeral da comarca e tamén das arcas públicas.

A actitude belixerante do Concello de Cambre, que se opón aos proxectos contratados por intereses particulares dun afectado polo ramal de conexión á AP-9 na Gándara, e digo que particular é: é o primeiro tenente de alcalde de Cambre, que é funcionario do Concello de Oleiros, que no seu día se lle fixo a vida..., para que se fose do Concello de Oleiros, dadas as moitas anomalías que existían na súa forma de proceder dentro do Concello, e que agora é primeiro tenente de alcalde e xefe de Cambre case, porque sae en todas as cousas. Pois este señor fixo unha casa cerca da actual vía Ártabra, e entón non quere que vaia por aí a vía Ártabra porque lle queda moi cerquiña da casa del. Non é que lle teñan que expropiar, quédalle moi cerquiña e ao mellor sácalle vistas. Por certo, a casa fíxoa nunha terra de 5.000 metros cunha licenza de explotación agraria, el é arquitecto, que eu saiba non se dedicou nunca a cultivar hortalizas nin nada parecido, e para xustificar o tema ten un poni que lle come herba dentro da leira. Pero son estas cousas que ocorren na Administración pública case a diario en moitos lugares.

Por tanto, este é o xefe do movemento contra a vía Ártabra na comarca da Coruña, tremendo, tremendo! Cando non era concelleiro erixiuse cunha asociación que el era o presidente, e agora está no machito e desde o machito aproveitou os erros, que os houbo da Administración pública, tanto no Goberno bipartito como no Partido Popular, e temos a situación que temos. E, por tanto, dicir, a conexión coa Gándara, dicía que a actitude belixerante deste tío impedindo que se faga a conexión no lugar da Gándara.

É polo que se pretende un novo proxecto para a vía Ártabra e que anulen os aprobados pola Xunta de Galicia. Isto vai ocasionar e ocasionaría, xa está ocasionando unha demora moi longa, eu calcúlolle 20 anos, estou exaxerando, porque, se hai interese no Goberno autonómico, isto soluciónase en moi pouco tempo.

Polo exposto, desde Alternativa dos Veciños, propoñemos á Deputación provincial –este si que é un tema de concellos e de Deputación, non é un tema do Sáhara nin de Cuba–, por certo Cuba, que hai un acordo de levantar o bloqueo e nin deus se acorda no mundo del, pois está aí, un acordo que avalan miles, milleiros, centos de países.

Por tanto, demandar da Xunta de Galicia a urxente corrección dos erros administrativos que provocaron as sentenzas xudiciais.

2. Unha vez revisados os proxectos e previstas as indemnizacións e as revisións de prezos pertinentes ante a situación creada pola paralización das obras, se dispoña, por parte da Xunta de Galicia, dos fondos necesarios para o seu financiamento.

3. Se soliciten as obras nos prazos máis breve de tempo que a normativa o permita.

4. Que se proceda á redacción do proxecto, que está sen redactar a pesar de estar aprobado por todo o mundo, da conexión entre a vía Ártabra e a A-6 para que ese cinto de circunvalación desde a zona da Coruña ata o porto de Lorbé sexa unha realidade; sen iso non sería unha realidade.

5. E dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e aos concellos da área metropolitana.

Sr. Lema Suárez

Nós coincidimos en que é un feito escandaloso que A Coruña non teña unha vía de circunvalación, como dispoñen calquera das outras grandes urbes galegas, Santiago ou tamén Ferrol, unha vía de circunvalación que ademais debería ser gratuíta, entendemos. Eu creo que debemos esixilo. Por non falar xa, xa que estamos en termos de agravios comparativos, de dispoñer unha M30 ou unha M40 completamente gratuítas cunha capacidade inmensa de traslado de tráfico. Isto provoca, esta carencia de vías de circunvalación da Coruña, que haxa unha sobrecarga do tráfico tanto na ponte da Pasaxe como na avenida da Vedra, porque efectivamente non están conectados perimétralmente os concellos da coroa metropolitana da Coruña.

Entón, nós compartimos que é absolutamente escandaloso que a cidade da Coruña non conte cunha vía destas características e que non sexa ademais, como exiximos, de carácter gratuíto, que temos que cando menos exixir para nós o mesmo dereito que outros xa disfrutaban desde hai moito tempo.

Nós consideramos que este procedemento está xudicializado e que hai sentenzas firmes que o que din, sen entrar no fondo do asunto, basicamente é que o proceso ten que ser reiniciado. Eu creo que cando xa existen este tipo de conclusións no ámbito xurídico, o que debemos facer é apelar a elas e pedir que se executen e, polo tanto, que á maior brevidade posible se execute esta sentenza que o que exige, o que pide é que se reinicie o procedemento tratando así, deste xeito, efectivamente, de corrixir aqueles vicios que se observaran nel e que ademais semellan ser máis de carácter formal que de fondo. E por iso basicamente xustificamos nós a nosa abstención neste punto.

Sra. Muíño Filgueira

Coincidimos na importancia e na relevancia da infraestrutura para diferentes concellos do ámbito comarcal. Tamén é certo que é un proceso que, por diversas cuestións, estivo xudicializado e, polo tanto, parece que, para defender que se inicie o proceso para que se converta en realidade, parece que o propio sería para defender un posicionamento claro como Deputación, o lóxico sería dar audiencia e consenso aos diferentes concellos que van ser beneficiados e á vez afectados polo desenvolvemento da infraestrutura. Teño entendido que se deu como proposta crear unha comisión formada por diferentes partidos políticos para poder valorar o interese e posicionamento dos diferentes concellos para, un pouco, ter a visión das diferentes, do diferente impacto e necesidades dos territorios. E, polo tanto, nós non podemos apoiar esta moción sen que se teña dado este proceso de escoita e diálogo para que a Deputación tome o seu posicionamento ao respecto.

Sr. Fernández Piñeiro

Tomo a palabra igualmente.

Eu non me vou repetir nos argumentos que dá a compañeira do BNG, é dicir,

nós compartimos a sensibilidade e a necesidade de que haxa unha infraestrutura destas características que desconxestione o tráfico nesa zona e permita un novo acceso e saída. En todo caso, como ben dicía, os tribunais declaran nulo o proxecto por cuestións de forma, tales como non ter, ou ter realizada a exposición pública despois da súa aprobación e non antes, etc., o cal fai que isto quede paralizado e que, polo tanto, haxa que corrixilo.

En todo caso, tendo en conta que a moción se presentou onte ás 12 da mañá, non tivemos apenas tempo de reacción para poder tamén coñecer cal é o sentir dos outros concellos afectados, nós non podemos votar a favor. Non porque non esteamos a favor do que se propón na moción nin en contra, senón polo feito de que non temos a capacidade agora mesmo, porque non puidemos falar con eses concellos, para tomar unha decisión ao respecto.

Nós o que propoñiamos era deixalo sobre a mesa e convocalos a todos para poder pulsar cal era a súa opinión a este respecto, non é posible, non pasa nada. Simplemente que nós, como digo, tendo en conta que foi presentada con tan pouco tempo de antelación, imos votar en contra dela esperando que se resolva canto antes esta problemática e que se poida construír esa infraestrutura, que é tan necesaria, no menor tempo posible.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Antes de nada eu quería facer un matiz a unha afirmación que, presidente, fixeche antes e penso que hai que deixalo claro: eu en ningún momento, en ningún punto poño en cuestión a capacidade, esforzo, compromiso e cualificación dos técnicos da Deputación que están en asistencia a municipios, coidado, que quede claro, nin en Intervención, nin en Secretaría, nin en ningún departamento, porque é obvio que están avalados e están valorados moi positivamente por parte de todos os concellos. Outra cousa é os recursos que se destinen a cada departamento. Pero, como ben dixen antes, pronto, espero, se verá que hai outras formas de xestionar, espero que se vexa pronto. En todo caso, perdón pola... non quería deixar pasar a ocasión de deixalo claro.

En todo caso, respecto á moción que trae Alternativa dos Veciños, nós temos presentado unha emenda de substitución, non sei se o señor García Seoane vai aceptar a emenda de substitución ou non. Ben, eu en todo caso, nós concordamos con varios das formulacións que se fan nesta moción, é obvio que si hai unha actitude bastante belixerante con esta infraestrutura e co seu trazado por parte do Concello de Cambre e é certo que tamén é unha pena que se estean poñendo en xogo 40 millóns de euros de investimento, que están comprometidos por parte da Xunta de Galicia. É verdade tamén que as sentenzas do TSX non veñen, tanto polo seu trazado, senón polo procedemento no trazado. As sentenzas cuestionan as decisións adoptadas polo Goberno bipartito do PSOE e o BNG na Xunta para a aprobación deste trazado no ano 2009, un trazado anulado que serviu de base para o proxecto construtivo no que se sustenta a obra da vía Ártabra en execución. Os proxectos de trazado sobre os que se sustenta o proxecto construtivo da vía Ártabra foron aprobados polo Goberno bipartito no ano 2009, repito, data na que se fixou o punto de entronque na Gándara. As sentenzas ditadas agora polo TSX son consecuencia das decisións adoptadas por

aquel Goberno en relación co procedemento para a aprobación do trazado, por considerar que debería ter sido levado ao Consello da Xunta e non limitarse a unha resolución do director xeral de Obras Públicas como naquel momento se fixo.

Polo tanto, hai algo que hai que ter claro, e é que esas sentenzas cuestionan o procedemento, pero en ningún caso cuestionan o trazado en si nin o entronque na Gándara, que responde, como non pode ser doutro xeito, a decisións técnicas e non a decisións políticas, e unhas decisións técnicas ademais nas que coincidiron os técnicos do Goberno bipartito e os técnicos do actual Goberno galego, alegando razóns de afección territorial e de seguridade viaria.

Estas sentenzas –como dicimos– poden causar un gran atraso na vía Ártabra e un gran prexuízo para o territorio ao que ía dar servizo, incluído o Concello de Cambre, pero en todo caso debería ser o propio Concello de Cambre o que dea as explicacións oportunas, tanto aos seus veciños como aos compañeiros da contorna, polo que se está poñendo en risco un investimento que trae consigo un gran prexuízo para a seguridade viaria, para a competitividade e para a vertebración na comarca da Coruña.

A nós en todo caso gustaríanos que se abra o debate e o diálogo preciso, pero volver a esperar outros 20 anos ou 10 ou 12 para que este tema saia adiante sería, repito, unha gran oportunidade perdida.

En todo caso, a Xunta de Galicia ten tomado tres actuacións concretas: presentará recurso de casación perante o Tribunal Supremo fronte a dúas sentenzas, para o que dispón de prazo ata mediados de maio; non retomará as obras da conexión da vía Ártabra coa AP-9 ata que conte coas plenas garantías xurídicas e a ofensiva xudicial do Concello de Cambre estea concluída neste momento; e realizará os trámites necesarios para poder rematar as obras iniciadas no enlace a tres niveis iniciados no entronque da vía Ártabra coa Nacional VI tendo en conta a afección ao tráfico e ás vivendas dos traballos iniciados.

Nós a emenda de substitución que propoñemos, e quero lela aquí, é a seguinte. Sobre esta emenda de substitución hai un matiz que quere facer o señor García Seoane, que llo pasaríamos á secretaria que afecta, a emenda sería a seguinte: substituír os puntos de acordo por, quedarían así:

1. Rexeitar a ofensiva xudicial e a actitude belixerante contra a vía Ártabra do Concello de Cambre que actúa en contra dos intereses do propio municipio e dos concellos da área como Oleiros, Sada e Bergondo, cuxo polígono queda sen o enlace previsto coas obras que estaban en execución, obrigando a Xunta á paralización dun investimento de 40 millóns de euros e provocando un atraso aínda impredecible no desenvolvemento desta infraestrutura.

2. Demandar da Xunta de Galicia a urxente corrección dos erros administrativos do Goberno bipartito. Isto o Sr. García Seoane quere quitalo, pola nosa banda non habería ningún problema e quedaría do seguinte xeito: demandar da Xunta de Galicia a urxente corrección dos erros administrativos do Goberno que provocaron as sentenzas xudiciais para retomar, canto antes, este proxecto estratéxico para a área da Coruña.

3. Solicitar ao Goberno galego axilidade na elaboración dun novo proxecto e nos trámites administrativos necesarios para poder rematar as obras iniciadas no enlace a tres niveis no entronque da vía Ártabra coa Nacional VI, co fin de iniciar estes traballos canto antes para que poidan estar rematados neste ano.

4. Demandar da Xunta que, unha vez teña plenas garantías xurídicas, retome o desenvolvemento da vía Ártabra nos prazos máis breves posibles de tempo e que a normativa o permita.

5. Proceda á redacción dun proxecto para a conexión da vía Ártabra entre a AP-9 e a A-6.

6. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e aos concellos da área da Coruña.

Esta é a emenda que nós propoñemos. Se o Sr. García Seoane a acepta, votarémola a favor e, se non, o noso voto será de abstención.

Sr. García Seoane

A emenda é moi parecida ao que eu propoñía, matizado nalgúns casos, por tanto, non tería problema ningún, porque non desdíd en nada do que eu pretendo na moción que traía. Si, esa frase de “Goberno bipartito” non estou de acordo porque hai erros dos dous gobernos, tanto do bipartito como do actual. De feito, xa tiñamos a vía parada porque había un colector de gas que vai para o sur de Galicia que atravesa a vía Ártabra e non estaba recollido no proxecto de obra, ou as condicións eléctricas de media e alta tensión, xa levaba un ano a obra parada. E con isto vén metérselle como ao touro a puntilla na area. E, por tanto, eu acepto as emendas que se fan.

E, respecto das intervencións que houbo, iniciar o proceso –e a Xunta ten que meditar moito isto–, iniciar o proceso entre outras cousas e devolverlles aos que expropiaron os cartos que lles pagaron, e volver a expropiación atrás, porque estamos falando dun novo proxecto; é dicir, hai partes dese proxecto que valen e hai zonas expropiadas que son as mesmas que se van usar. Quero dicir que isto require dun estudo, indubidablemente dos expertos e dos técnicos xurídicos e económicos da Xunta de Galicia e, por tanto, verán no seu momento que é o que procede neste aspecto. Porque, se non, si que se volvemos atrás todo, daquela si que estamos falando de 20 anos.

O BNG dicía “era ben que tal, que se escoite e que se vaia ao diálogo”. Diálogo de xordos, porque vostedes non están nas reunións, eu si, e aquí hai outro alcalde que tamén está nas reunións, hai dous que estiveron nas reunións. E falabamos algúns, falaba Calvelo sempre, e sempre o poñían por malo, a min tamén, eu son o peor; el era o malo e eu son o peor. E tamén está o compañeiro de Culleredo, que pode xustificar o que estou a dicir, aínda que non o queira manifestar da forma en que eu estou a expoñelo. Por tanto, nesas reunións falamos moi poucos e defendemos moi poucos as políticas que hai que levar adiante, e manéxanse por algunhas persoas o resto dos que están alí. E no caso, por exemplo, que hai que falar en Sada? Nós estamos no Goberno de Sada, nós estamos formulando que vai pasar en Sada, porque non é que o alcalde de Sada faga o que lle dea a gana, non é que o alcalde de Sada faga o que lle dea a gana, ten un Goberno con tres partes: BNG,

Alternativa e en Marea, e por tanto terá que escoitarnos, porque Sada foi unha das culpables no seu día de non facer un proxecto para toda a comarca en condicións. Hoxe os veciños de Sada están illados totalmente da vía Ártabra, pásalles por todo ao longo de quilómetros, de 9 km co Concello de Oleiros, e non poden entrar, teñen que ir a Lorbé ou teñen que vir aquí ao Castelo, porque a Xunta tivo a precaución no seu momento de deixar polo menos as rotondas de entrada. Quero dicir, es la leche! Como nun municipio que non só gobernou Moncho do PP, que tamén gobernan outros, que se estea neste momento a dicir que ben, que eu vou apoiar determinadas políticas, por interese político. Estamos cara a unhas eleccións e aquí cada un garda a roupa como quere, non pensando na cidadanía.

Por tanto, diálogo con quen? Con quen? Con quen non quere oír? Está dicindo, xuntémonos todos, presidente de Deputación e alcaldes, pero Cambre vai manter o ramal que vai ata Pravio, o ramal que non quere o xefe do movemento do Concello. É que é tremendo! Que diálogo?, se xa imos cunha premisa de imposición: ou isto ou nada. Con quen hai que falar?, con ninguén, non hai que falar con ninguén. Intereses privados, intereses descarados, intereses... vou reservar a outra frase.

O PSOE tamén entra no mesmo. Cal é a impresión doutros? Levamos de impresións vinte e tantos anos, e ademais foi a Deputación con Salvador Fernández Moreda á fronte quen no seu día promoveu toda a situación para acordar o que está acordado: a rotonda de Guísamo, a vía 18, etc., etc. Un montón de obras que, por certo, moitas delas non se fixeron ou están aí en *stand by*. A única que foi para diante, e foi porque nós puxemos toda a carne no asador desde Oleiros, foi a de Oleiros, e por tanto o Goberno bipartito no seu momento puido contratar as obras porque non tiña conflito ningún no territorio porque nós conseguimos un montón de solo gratuito e o outro expropiárono, e por tanto non había ningún problema para facer as obras en todo ese ramal. Por tanto, xa digo, impresión?, volvo dicir o mesmo que manifestaba no tema do BNG.

E o enganche na Gándara non o fixo un técnico, o enganche da Gándara fíxoo un político que era secretario, secretario político na Xunta de Galicia coa conselleira de Obras Públicas, e acórdome co dedo así “vai ir por aquí”, dícialle a Tonecho de Cambre nunha reunión que tivemos; non, “ten que ir por aquí”. Vou reservar o nome, que os do PSOE xa saben quen é. Pero, claro..., e foi ese mesmo que exercía nun cargo que había que saber dereito, que non tiña nin coñecemento de dereito ningún, pero que o puxo o partido alí sabe deus para que. Era o que decidía un montón de cousas por riba da conselleira, e acórdome o dedo: “por aquí”, así posto pola mesa, que había contradición comigo, “por aquí”. Eu calei e dixen lévao por onde queiras, o tema é facer a obra.

Polo tanto, estamos falando de cousas que non se entenden, abstencións, non se entenden votos negativos, o que si se entende é que aquí se a obra se fai, os loureiros lévaos neste momento o Partido Popular, e que lle imos facer?, está gobernando, pois tocoulle. Igual que aquí calquera cousa que se faga levarao a Deputación, o presidente ou quen estea, ou neste caso o vicepresidente, que é un tío c..... Pero á marxe de, ese é o tema. Por tanto, deixémonos de c....., perdoade a expresión, e miremos por Galicia e miremos pola Coruña, miremos pola comarca da Coruña, que iso é o que hai que mirar, para que non marchen as empresas por aí adiante e que a xente non se quede colas longas a diario xa non no verán, a calquera hora do día que invaden a Nacional VI e invaden Alfonso Molina. Acepto a addenda

con esa...

Sr. Lema Suárez

Ben, eu non quería participar unha segunda vez, creo que me vexo obrigado a facelo dada as alusións ao alcalde de Sada, Benito Portela, con quen falei hoxe, esta mesma mañá sobre esta moción, e evidentemente nós trasladamos aquí tamén o seu parecer. El quere que a obra se faga con todas as condicións de legalidade necesarias, polo tanto, habendo unha sentenza xudicial firme, cómpre executala e levala a cabo, iso significa que hai que empezar de novo o procedemento desde cero. Non cuestionou en ningún momento Benito Portela, o alcalde de Sada, o trazado e creo que é de mal gusto imputarlle ningunha responsabilidade no atraso da obra da vía Ártabra, Sr. García Seoane, algo do que ti es consciente. Polo tanto, caramba, eu o que traslado aquí é a posición de legalidade que debe imperar nos actos públicos e que non se cuestiona en ningún momento o seu trazado. E por último, caramba, que non está Benito Portela diante e non se pode defender, non imputarlle ningunha responsabilidade en algo que todos sabemos que el non ten en absoluto ningunha responsabilidade no atraso desta obra.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (14 do PP e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 deputados/as (9 do PSOE e 4 do BNG)

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción del Grupo Provincial Alternativa dos Veciños en defensa da Vía Ártabra
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A comarca da Coruña ten un alto déficit de infraestruturas viarias que está a impedir a áxil comunicación e os desprazamentos entre os concellos. A falta de capacidade das vías para absorber todo ese volume de tráfico causa importantes perdas de tempo e de paciencia que afectan ás empresas, aos traballadores, aos estudantes, aos enfermos que van aos centros médicos, ao comercio... Unha situación que diminúe considerablemente as posibilidades de crecemento económico de todos os municipios da Área Metropolitana, que non favorece ao asentamento de novas empresa e que, en definitiva, está a hipotecar o futuro das comarcas da Coruña e Betanzos.

As estradas de acceso á cidade da Coruña e á súa comarca son as de máis tráfico de Galicia. Pola Ponte Pasaxe circulan a diario máis de 90.000 vehículos e na avenida Alfonso Molina a cifra increméntase ata os 106.000 automóviles. Este problema foi tratado en diversas ocasións ao longo dos anos desde os concellos, a Deputación, os sindicatos -CCOO, UXT, CIG- e a Universidade da Coruña, acadando un acordo unánime no 1998 no Pazo de Mariñán, no que se aprobou un plan de infraestruturas viarias para a comarca, que incluía a creación e mellora de viais, acordando tamén requirir á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a redación dos proxectos necesarios para a contratación das obras.

Neste acordo destacaba a realización dun viario de circunvalación que permitira a conexións dos concellos da área metropolitana, conectara os polígonos industriais e comerciais e facilitara o desprazamento áxil da cidadanía aos distintos servizos da área de influencia: laborais, educativos, sanitarios, portuarios...

Este vial, coñecido como Vía Ártabra, iníciase coa aprobación e redacción do proxecto no ano 2004 polo Goberno galego do Partido Popular. Unha vez contratadas as primeiras fases da obra polo Goberno bipartito, foi posible realizar as obras desde o porto de Lorbé ata a N-VI a través dos concellos de Oleiros e Sada, sen ningún tipo de problema.

A última fase, contratada polo actual Goberno galego para conectar a Ártabra coa N-VI e a AP-9, na Gándara, está paralizada por sentenza xudicial debido a erros administrativos na contratación. A paralización destas obras provoca un forte retraso na execución de tan importante infraestrutura pública comarcal e un importante encarecemento das obras, o que supón un grave prexuízo que atenta contra o interese xeral da comarca e o erario público pode.

A actitude belixerante do Concello de Cambre, que se opón aos proxectos contratados polos intereses particulares dun afectado polo ramal de conexión coa AP-9 na Gándara, pretende que se inicie un novo proxecto para a vía Ártabra e que anulen os aprobados pola Xunta de Galicia, o que ocasionaría unha demora de outros vinte anos na creación de tan necesario vial para a comarca da Coruña

Por todo o exposto, propoño que o pleno do Deputación da Coruña adopte o seguinte acordo:

1.- Rexeitar a ofensiva xudicial e a actitude belixerante contra a Vía Ártabra do Concello de Cambre, que actúa en contra dos intereses do propio municipio e dos concellos da área como Oleiros, Sada e Bergondo, cuxo polígono queda sen o enlace previsto coas obras que estaban en execución, obrigando á Xunta á paralización dun investimento de 40 M€ e provocando un retraso aínda impredecible no desenvolvemento desta infraestrutura.

2.- Demandar da Xunta de Galicia a urxente subsanación dos erros administrativos do Goberno que provocaron as sentencias xudiciais para retomar, canto antes, este proxecto estratéxico para a área da Coruña.

3.- Solicitar ao Goberno galego axilidade na elaboración dun novo proxecto e nos trámites administrativos necesarios para poder rematar as obras iniciadas no enlace a tres niveis no entronque da Vía Ártabra coa N-VI co fin de iniciar estes traballos canto antes para que poidan estar rematados neste ano.

4.- Demandar da Xunta que, unha vez teña plenas garantías xurídicas, retome o desenvolvemento da Vía Ártabra nos prazos máis breves posibles de tempo que a normativa o permita.

5.- Proceda á redacción do proxecto para a conexión da vía Ártabra entre a AP-9 e a A-6.

6.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e aos concellos da Área da

Coruña."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Ben Otero

Eu teño dúas preguntas.

A primeira é a seguinte: señor presidente, no pasado Pleno fíxenlle varias preguntas onde preguntaba as dúbidas contractuais para os empregados públicos ao abeiro da concesión da subvención do programa PEL Concellos 2022, publicadas no BOP do 27 de xaneiro de 2022, en relación á aplicación do Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. Nos pasados días, durante o prazo de solicitude, remitíronse varias consultas telefónicas por correo electrónico formulando a problemática da reforma laboral no senso de como se deberían presentar os contratos suxeitos a esta subvención á vista do Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro.

O deputado responsable, o señor Riobó, manifestou en resposta á miña pregunta que se ían aclarar estas coa maior celeridade posible. A día de hoxe non hai resposta ás dúbidas de contratación de persoal formuladas ante unha situación creada pola Deputación provincial e que era de sobra coñecida por ela antes da citada resolución de concesión de axudas. Por todo o anteriormente exposto volvo facerlle a pregunta un mes máis tarde e as seguintes preguntas:

1. Tendo en conta as datas nas que estamos, teñen pensado dar resposta á situación formulada polos concellos e cando?

2. Tendo en conta que moitos concellos están sen contratar o persoal, vaise ampliar o prazo da subvención máis alá do 31 de decembro de 2022? Todo isto para compensar o tempo perdido debido á falta de respostas pola Deputación.

3. Para aqueles concellos que contrataron por obra ou servizo por un prazo de 6 meses segundo o disposto no citado real decreto-lei, van convocar outra liña de subvencións do citado PEL para que poidan contratar o persoal por outros 6 meses? Tendo en conta as recentes revisións do Banco de España que prognostican..... central para este ano unha taxa de paro en media anual en porcentaxe de poboación activa do 17% e esta convocatoria vén motivada entre outras cousas para reducir o desemprego, tería que ser unha prioridade absoluta desde o Goberno dar unha resposta inmediata a estas cuestións.

Sr. Riobó Castro

Si, moitas grazas.

Ben, dicirle que no que respecta á terceira pregunta que vostede nos fai, non temos neste momento contemplado prorrogar ou aumentar ese prazo, non é algo que tampouco non teñamos por que someter a estudo e ver de valoralo e cuantificar economicamente para ver en igualdade de condicións para todos os concellos que

isto poida ser unha realidade.

No sentido da primeira e segunda pregunta, efectivamente nós fomos todo o acelerados que puidemos para coñecer a resposta da Administración autonómica e do propio Goberno central; a Administración autonómica ao que nos remite é precisamente ao Goberno de Madrid para que poidamos ou se poida analizar, dentro do que é a propia lei, que cuestións poden ser aplicables a este PEL. Co cal estamos aínda pendentes desa resposta por parte do Goberno central para coñecer en que condicións imos dicirlles a todos os concellos que non contrataron o PEL antes do 31 de marzo como poden facer. Eu creo que sería xusto sempre e cando fora viable ampliar eses prazos se exceden os que o propio PEL marca e estaría en disposición de darlle unha resposta máis concreta cando nos contesten dende Madrid, porque ao final ao mellor temos que facer algunha modificación puntual en función da resposta.

Sr. Ben Otero

A segunda pregunta vén derivada dunha nova que coñecemos onte, antonte, ao respecto dunha chegada masiva de máscaras aos concellos, polo menos aos nosos concellos, Estamos falando de 260.000 máscaras a 33 dos 36 concellos nos que temos a responsabilidade de Goberno. Neste caso non chegaron nin a Arteixo, nin a Ordes, nin a Mañón, non sei por que, pero ao resto dos concellos si chegaron unha cantidade máis importante que a que recibiron nos momentos máis complicados da pandemia. É dicir, chegan agora cando non é obrigatorio o seu uso, nunha cantidade superior á que nos seus momentos recibiron estes concellos. Entón, a pregunta que queremos facer é: Cando se adquiriron estas máscaras? É unha cuestión de falta de previsión, cando se adquiriron? E, segundo, por que non se teñen distribuído antes desta data, porque a día de hoxe xa non ten moito sentido, tendo en conta que a data da súa caducidade está para o 6 de xuño, ou sexa para o mes que vén. Grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, en primeiro lugar dicir que sería mellor primeiro preguntar e despois disparar, e non disparar primeiro fóra, antes de preguntar no Pleno. Eu entendo que podía vostede ter convocada a rolda de prensa despois de ter preguntado e non antes, porque agora entendo que a resposta lle dá igual, tendo en conta o que acaba de dicir aí fóra, pero ben en todo caso eu contéstolle: esas máscaras non as pon a Deputación, son as máscaras que remite o Goberno do Estado e a Deputación o que fai é repartilas entre os concellos. Polo tanto, facemos de mero intermediario nada máis, en contra do dito por vostedes aí. En todo caso, fóronse repartindo, non se repartiron todas aínda, aínda se está co reparto, fóronse repartindo e están chegando aos concellos, seguirán chegando nos vindeiros días. Número de máscaras que envía o Estado, que son de agradecer, non son obrigatorias nalgúns sitios, nos centros de saúde son obrigatorias, no transporte público son obrigatorias e nos centros de maiores son obrigatorias, e en moitas administracións públicas, entre elas o meu concello, entendo que algún máis, seguen sendo obrigatorias nalgunhas instancias. Polo tanto, si que se están a utilizar, non están prohibidas. Se chegan e as manda o Estado, pois reenvíanse. Que teñen unha data de caducidade do mes de xuño?, pois vale, home, eu de aquí ao mes de xuño imaxino que moitas xa as teremos utilizadas. Iso por non falar do cambiante da situación sanitaria que estamos a vivir. Que se autorice agora retirar as máscaras non quere dicir que dentro de dúas semanas non

volvamos estar noutra onda na que teñamos todos que estar utilizándoas, por tanto non está de máis ter acumulación dese tipo de material. En todo caso, o importante é deixar claro que esas máscaras as reparte a Deputación, pero son remitidas polo Goberno do Estado para tal fin.

Sr. Penas Corral

A preocupación vén agora cando xa levamos oito repartos de mascarillas que veñen do Estado, desde abril 2020 ata abril 2022 é o oitavo reparto que facemos.

Sr. Ben Otero

Muy bien, muy bien. Pero vamos a ver, la cuestión no es si se van a poder usar o si se van a tener que usar, que ojalá que no, ojalá que no, la cuestión es que tienen una fecha de caducidad para dentro de un mes. En todo caso, lo que pone en las cajas es bien claro: "Mascarillas donadas por la Diputación", pero con unas pegatinas grandotas, eh, donadas por la Diputación; no pone... Eso.

Segundo, oiga, esto me recuerda a la canción de Manolo García del Último de la Fila: "¿Dónde estabas entonces cuando tanto te necesité?". Porque, oiga, hay ayuntamientos que en lo más duro da pandemia recibieron 2.000 mascarillas y ahora han recibido 10.000 con una fecha de caducidad para dentro de un mes. Yo creo que las cosas, primero: ¿Qué criterio se siguió para hacer el reparto de las mismas? ¿Qué cantidad se ha recibido? ¿Cuántas se han distribuido? Ahora que me ha dicho que han hecho ustedes 8 envíos, según dicen, me gustaría saber, por favor, que quede constancia, y si no haremos la petición por escrito, de a quién se repartieron estas mascarillas, en qué fechas y en qué número a cada municipio.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Vicepresidente

Se me permiten un momento, ao meu Concello tamén chegaban. Eu creo que é loable a actitude da Deputación da Coruña, sempre en coordinación coa Vicepresidencia da Xunta no reparto de máscaras. Está todo documentado, aos concellos chegaban as máscaras coordinando o servizo de entrega a Deputación da Coruña, e de onde se recibiron máis máscaras, que alguén me corrixa se me equivoco, é do que se enviou dende aquí, que eu saiba. En todo caso, eses cadros de envíos e distribución están nos concellos, son públicos, pódense consultar, e eu creo que foi unha boa praxe de coordinación entre a Deputación e a Vicepresidencia da Xunta neste caso.

Sen máis, pois nada, moi bo día, boa fin de semana.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:29 horas.